



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 65

**Sesión plenaria**  
22 de decembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-ffgB62Vn-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 5. Proposicións non de lei

#### 5.1 17206 (11/PNP-001680)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

#### 5.2 21382 (11/PNP-001944)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

#### 5.3 25725 (11/PNP-002323)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 239, do 10.12.2021

#### 5.4 25777 (11/PNP-002330)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

#### 5.5 25807 (11/PNP-002332)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021



**5.6 25833 (11/PNP-002335)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

**Punto 6. Interpelacións****6.1 1710 (11/INT-000095)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

**6.2 24985 (11/INT-001300)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateeiros e percebeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

**6.3 25764 (11/INT-001344)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

**Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****7.1 26237 (11/POPX-000051)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as políticas estratéxicas para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

**7.2 26238 (11/POPX-000052)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas do Goberno galego para darlle futuro no país á mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021



## Punto 8. Preguntas ao Goberno

### 8.1 26229 (11/PUP-000223)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer a cidadanía fronte ao aumento da ciberdelincuencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

### 8.2 26179 (11/PUP-000220)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a execución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural para garantir obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

### 8.3 20310 (11/POP-003094)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego na cidade de Ourense para paliar a inactividade e o pechamento de espazos de creación e exhibición artística e cultural derivados das decisións do Concello

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

### 8.4 22977 (11/POP-003340)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas de protección desenvolvidas conforme a resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural a casa Cornide, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

### 8.5 25604 (11/POP-003603)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a restitución do Servizo de Urgencias en Moaña e a reposición do persoal en situación de traslado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

### 8.6 26219 (11/PUP-000221)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a folga anunciada polos facultativos do Baixo Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021



**8.7 25700 (11/POP-003611)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as acusacións que fai o Goberno galego ao exsubdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural do Agader e director do Banco de Terras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

**8.8 24259 (11/POP-003458)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre as consecuencias para o sector marítimo-pesqueiro da aprobación da prohibición de outorgamento de subsidios aos combustibles da frota pesqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas estratéxicas para Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas do Goberno galego para darlle futuro no país á mocidade galega.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

**Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 24.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 25.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Tábares Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 29.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 32.)

*O señor Arangüena Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 35.)



**Proposición non de lei de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 38.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 41.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 44.)

*A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 47.)*

**Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 49.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 50.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Arangüena Fernández (S).* (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 56.)

*O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 59.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19. (Punto quinto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 62.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 62.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 66.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 69.)

*O señor Pérez López (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 72.)*



**Proposición non de lei de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 78.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 81.)

*Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 84.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren *Avant A Coruña-Ourense* e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 91.) e *Sra. Pérez López (P)*. (Páx. 93.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 96.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica: *rexeitado por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009: *aprobada por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España: *aprobada por 55 votos a favor, 18 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19: *rexeitada por 18 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 100.)





Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

*O señor presidente le o texto transaccionado sobre a última proposición non de lei da orde do día, que se pon a votación a continuación.* (Páx. 100.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas: *aprobado por 73 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

### **Alteración da orde do día**

*O señor presidente comunica o adianto na orde do día de dúas preguntas ao Goberno.* (Páx. 101.)

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a restitución do Servizo de Urgencias en Moaña e a reposición do persoal en situación de traslado.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 101.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 105.)

**Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a folga anunciada polos facultativos do Baixo Miño.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 106.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG).* (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña).* (Páx. 109.)

*Suspéndese a sesión ás tres e dezoito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.*

*O señor presidente reabre a sesión e comunica unha alteración no desenvolvemento da orde do día.* (Páx. 111.)



### **Alteración da orde do día**

**Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego na cidade de Ourense para paliar a inactividade e o pechamento de espazos de creación e exhibición artística e cultural derivados das decisións do Concello. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 111.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 112.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 114.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas de protección desenvolvidas conforme a resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide, na Coruña. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 118.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 119.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 123.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 128.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre baiteiros e percebeiros. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 130.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 137.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer a cidadanía fronte ao aumento da ciberdelincuencia. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 141.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 143.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 144.)

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a execución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural para garantir obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 145.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 146.)

Réplica do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 147.)

**Pregunta de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as acusacións que fai o Goberno galego ao exsubdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural do Agader e director do Banco de Terras. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 149.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 150.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 152.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as consecuencias para o sector marítimo-pesqueiro da aprobación da prohibición de outorgamento de subsidios aos combustibles da frota pesqueira. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 154.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 156.)

*O señor presidente, antes de pechar a sesión, pronuncia unhas palabras de despedida pola finalización do período de sesións e a proximidade das festas do Nadal. (Páx. 156.)*

*Remata a sesión ás sete e dous minutos do serán.*



*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto sétimo da orde do día, que son as preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

**Pregunta de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as políticas estratéxicas para Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de don Gonzalo Caballero.

Cando queira.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, a falla de estratexia foi unha constante ao longo dos seus doce anos á fronte do Goberno de Galicia, doce anos sen modelo, sen fórmula para ter medidas, obxectivos, capacidades de abordar os retos de futuro. E despois de todo o seu discurso grandilocuente sinalando o ben que todo vai en Galicia, o certo é que melloramos moito en moitos aspectos, pero tamén é certo que seguimos mantendo a nosa posición comparada con outras rexións respecto das que estabamos rezagados, rezagados en tantos índices como estabamos hai doce, vinte ou corenta anos.

Galicia segue na cola en indicadores de produtividade, de competitividade ou de innovación comparados con outras rexións en España e con outras rexións en Europa. E é por iso que necesitamos falar dos retos da Galicia poscovid, de como queremos encarar o futuro de Galicia e de como o queremos facer. E para iso, en primeiro lugar, hai que ter a capacidade de dar certeza aos galegos e ás galegas.

Eu quero empezar pedíndolle, señor presidente, que vostede reconeza que o ano pasado estaba enganado, que, cando vostede dixo diante de todos os galegos e galegas que non iamos ter AVE no ano 2021, vostede errou. Eran as súas verbas do 16 de decembro do ano pasado, hai xustamente doce meses. O presidente da Xunta dicía, en referencia ao calendario do AVE galego: «É mellor non enganar, non o imos ter no 2021». Ese plantexamento de estratexia é un erro, unha fórmula de negar o que se evidencia e o que se constata polos feitos. E pedímoslle que, para poder seguir remando e acertando no futuro, vostede mude ese negacionismo daquilo que avanza e daquilo que é positivo para os galegos e para as galegas.

Pero queríalle falar de catro aspectos fundamentais para a estratexia:

En primeiro lugar, en referencia ao benestar, queremos saber, señor presidente, como plantexa vostede o modelo do benestar de Galicia para o futuro. En plena sexta onda da covid non pode ser que a súa única proposta para a Conferencia de Presidentes sexa impoñer a mascarilla no exterior, que, se os informes clínicos o recomandan, vostede terá o noso respaldo, pero sabemos que en Galicia a maioría da cidadanía circula polas rúas con mascarilla



e con toda a protección, e que esa non vai ser a clave da gran solución. Creo que é máis importante, señor Feijóo, que vostede hoxe rectifique as súas políticas, que volva incorporar ao sistema docente de Galicia os 868 profesores que vostede despediu e os máis de 500 profesionais sanitarios que non están contratados; porque reforzar a sanidade pública, a educación pública, o sistema do benestar, é a mellor fórmula de facer fronte á pandemia en vez de simplemente facer anuncios e poñerse detrás dunha mascarilla nos exteriores que en todo momento anuncia. *(Aplausos.)* Pero é que, ademais, en referencia á igualdade, señor Feijóo, claro que nos preocupan as cuestións, porque, por darlle un titular de hoxe mesmo, «a pandemia rompe tres anos de caída da desigualdade en Galicia, hai unha maior fenda social e crece de novo o índice de Gini». ¿Que vai facer vostede en política de benestar?

Quería plantexarlle tamén, señor Feijóo, outro aspecto que é de máxima relevancia para nós e creo que para tantos galegos e galegas, que fai referencia á industria e ao I+D+i. Detrás dos seus orzamentos, do seu modelo estratéxico para Galicia, ¿que peso lle quere dar á industria?, ¿como afronta vostede as crises industriais en Galicia, na Mariña, en Ferrolterra, na reubicación de Ence? É vostede o presidente da Xunta, o quen ten competencias en materias industriais. E tamén lle pregunto como plantexa un novo modelo produtivo para a Galicia poscovid, porque tamén hoxe os xornais recollen como o Foro Económico advirte de carencias en innovación que empeorarán a fuga de talentos. Advirte de que en materia de TIC, de innovación, onde está a maior capacidade de avance de vangarda, temos problemas e estamos rezagados.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** E, xunto a isto, quérolle dicir tamén, señor Feijóo, que, cando vostede fala do impulso demográfico en Galicia, vostedes aprobaron unha lei de impulso demográfico. ¿Recoñece que esa lei é insuficiente, que non ten ningún efecto máis alá de que vostede faga a felicitación de Nadal dándose os parabéns pola natalidade, que é tan importante para Galicia? Para responder aos problemas do impulso demográfico, non chega a lei do PP, non chega a súa felicitación de Nadal. Hai que apostar pola industria, polo medio rural, pola innovación e polo benestar.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** E para iso fai falla unha nova orientación estratéxica de Galicia, para a cal vostede ten a responsabilidade, pero, dende logo, ten tamén, para poder axudar, a vontade construtiva de todos os galegos e galegas que queremos que Galicia vaia mellor e que esta lexislatura nos deixe unha Galicia con maior igualdade, con maior fortaleza e, en definitiva, con acertos para todos e para todas, que é o que nos piden os cidadáns.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.





**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Intentarei, señor Caballero, respostarlle dentro dos límites do tempo, á maior parte das preguntas, a esta ensalada de preguntas que vostede me acaba de referir.

Señoría, hai un ano, aproximadamente, preguntábame vostede pola valoración dos cen primeiros días. Dícialle daquela que tiñamos dous obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, atender os efectos da pandemia e, en segundo lugar, facer todas as políticas económicas para iniciar a recuperación da economía galega. Hoxe, un ano despois, podo dicirle que, efectivamente, seguimos en plena pandemia. Iso si, sorpréndeme que vostede non saiba que Galicia é a comunidade autónoma con máis número de vacinas de toda España. E sorpréndeme que iso vostede o omita. Sorpréndeme que vostede omita que Galicia é a primeira comunidade autónoma en dobre dose, en terceira dose, e tamén a primeira comunidade autónoma en vacinar os nenos de entre 11 e 5 anos. (*Aplausos.*) Sorpréndeme, señoría, que vostede non diga iso.

Sopréndeme, en todo caso, señoría, que vostede nin sequera saiba que Galicia é a única comunidade autónoma que fai plans estratéxicos cada cinco anos. Sorpréndeme que non saiba que fixemos o primeiro plan estratéxico para os anos 2010 a 2014. Sorpréndeme que tampouco saiba que fixemos o Plan estratéxico 2015-2021. E sorprende que tampouco saiba que imos presentar neste mesmo mes —é dicir, dentro duns días— o avance do Plan estratéxico 2022-2030. Sorpréndeme, polo tanto, que diga que esta comunidade autónoma non ten estratexia, cando é a única comunidade autónoma que presenta plans estratéxicos cada catro ou cinco anos. Sorpréndeme. En todo caso, señoría, é probable que vostede non os coñeza. Iso, evidentemente, sorpréndeme menos.

Pero, señoría, se somos a única comunidade autónoma que facemos plans estratéxicos, que reunimos máis de trescentos expertos neste plan que estamos elaborando, que empezamos antes da pandemia a construílo, que imos aprobalo neste mesmo mes e que será remitido á Cámara no próximo período de sesións, sorprende que vostede veña aquí a dicir que non hai plan estratéxico. ¿Como que non hai plan estratéxico, señoría? Hai plan estratéxico ata o ano 2030; por tanto, moito máis alá do amplo desta lexislatura.

Pero se quere vostede falar de plans estratéxicos sectoriais, pois mire: sorpréndeme que non saiba que aprobamos o Plan forestal ata o ano 2040; sorpréndeme que non coñeza a Estratexia de turismo de Galicia —ata o ano 2024—; sorpréndeme igualmente que non saiba vostede que aprobamos a Estratexia dixital de Galicia —ata o ano 2030—; volve sorprendeme que non saiba nada da Estratexia galega de intelixencia artificial —aprobada ata o ano 2030—; sorpréndeme, señoría, que non saiba vostede da Estratexia da cultura galega e que nin sequera prestase atención á proposta que acaba de facer este conselleiro de Cultura hai uns días coa Estratexia da Cidade da Cultura ata o ano 2027.

Sopréndeme que non saiba nada da estratexia na arquitectura institucional, tanto na educación como nos servizos sociais. E sorpréndeme que no estivera atento á comparecencia da conselleira de Política Social en materia de residencias da terceira idade. Sorpréndeme que non saiba nin sequera cales son os centros de saúde que imos facer durante esta lexislatura.



Sorpréndeme, señor Caballero, que vostede veña aquí a falar dunha Galicia que parece que forma parte, simplemente, do seu ideario.

Mire, señoría, vir aquí a presumir da execución en prazo do AVE por parte dun membro do Partido Socialista Obreiro Español, será unha broma, señoría. Vostedes durante o ano 2020, en eleccións, enganaron a xente de forma constante e continua durante a campaña electoral.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Dixeron que o AVE chegaría a Galicia no ano 2020, ¡ano 2020!, vostede e o delegado do Goberno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* O delegado do Goberno xa está cesado e vostede non sei como está. O que si lle podó asegurar, señoría, é que de mentiras do AVE, por favor, non saque este asunto na Cámara.

Mire, señoría, temos un tren de alta velocidade ata Ourense —fin de la cita—. Polo tanto, o resto das cidades non o temos, porque non temos trens de AVE ao resto das cidades. E vir sacar peito aquí do feito, comprenderá...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Explíquelles á xente da Coruña, á xente de Vigo, á xente de Pontevedra, á xente de Santiago, á xente de Lugo e á xente de Ferrol o tren de alta velocidade do Partido Socialista. ¡Un pouco de respecto, señor Caballero!, simplemente pola verdade.

Mire, en educación, di que non sei cantos profesores...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate, por favor, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA:** Hoxe hai dous mil profesores máis que no ano 2019. E temos a taxa de abandono escolar á metade que cando gobernaban vostedes.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Por tanto, señoría, se algo hai en Galicia...,

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ... é previsibilidade, planificación e estratexia.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Señor presidente, sinto que a hemeroteca o desminta unha vez máis.

Vostede dixo o 16 de decembro do ano pasado que era mellor non enganar, que non iamos ter AVE no ano 2021. E eu nunca dixen, señor Feijóo, que o AVE ía chegar no ano 2020, en-dexamais. Rétoo a que amose vostede as miñas declaracións nese senso.

Entendo que o Partido Popular estea desnortado e preocupado (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes murmurios.*) despois de que a ministra Pastor —a súa colega— metese os investimentos do AVE nun caixón durante tanto tempo. (*Aplausos.*) Tivo que chegar un goberno de progreso para volver poñer o AVE a Galicia no reto de chegar. E a partir de aí concordo con vostede en que temos o reto tamén de facer a conectividade do conxunto de cidades de Galicia coa alta velocidade a través de plans que están xa en execución e a través tamén de novos compromisos que non impliquen ningún tipo de retroceso; porque queremos que o conxunto das cidades estean conectadas coa alta velocidade e, igual que se chega a Ourense en dúas horas e cuarto, temos que facer todos os investimentos para conseguir que a alta velocidade permita estar en conexión con Lugo, chegue a Vigo e así ao conxunto das cidades galegas.

Pero queríalle dicir, señor Feijóo, que, en todo caso, máis alá das súas habituais ensaladas de respostas, nas que fala de todo menos do que se lle pregunta (*Aplausos.*), que vostedes teñen moitos plans para todo, que vostede é un prestidixitador estupendo, que abre o seu maletín e saca plan estratéxico para a intelixencia artificial, para pesca, para política social, para intelixencia, para educación, para todo; papeis mollados que non serven para nada porque carecen de modelo de estratexia e de como ubicar a Galicia do ano 2021. (*Aplausos.*) E vólvolle dicir, señor Feijóo, que deixe de comparar os números do ano 2021 co ano 2019. Entre os dous anos existe o 2020, ¿ou vostede non ten a capacidade de computar todos os anos? ¿Por que non reconece que hoxe hai menos profesores no sistema educativo que o ano pasado? ¿Por que non reconece que ten menos profesionais sanitarios que había o ano pasado? E ¿por que non reconece que, para afrontar a sexta onda e os retos que veñan da covid por diante, é mellor poñer a capacidade de investimento da Xunta ao servizo do Estado do benestar, do sistema de benestar, e contratar ese máximo de profesionais sanitarios e de docentes para fortalecer o sistema? Querémosllo pedir, e querémosllo pedir para que vostede relance esa Galicia que necesita unha estratexia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...en materia de industria, de I+D+i, en materia de benestar e tamén en materia de medio rural e impulso demográfico. Porque simplemente cos anuncios de plans estratéxicos do PP os galegos e as galegas no día a día non resolven os seus problemas. A desigualdade crece. Máis de trescentos mil mozos galegos deixan este país e, a partir de aí, temos que tomar medidas, señor Feijóo. Queda parte desta lexislatura por diante....,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.





**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...que será a da recuperación, a da Galicia poscovit. E pedímoslle que, amais de anunciar moitos plans e moita propaganda, reorienten a estratexia de Galicia e, dende logo, que permitan que todos poidamos contribuír a facer unha Galicia mellor.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Caballero.

Peche desta pregunta.

Señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Caballero, primeiro di que non temos plans estratéxicos. Cando acreditamos que levamos facendo plans estratéxicos dende o ano 2010 —e levamos xa o terceiro plan estratéxico de Galicia— e cando acreditamos que temos unha estratexia por cada asunto importante, vostede di que é papel mollado. É unha falta de respecto aos expertos que conforman o plan estratéxico, aos trescentos profesionais expertos que están traballando no Plan estratéxico 2022-2030. É unha falta de respecto a toda a xente que traballou na intelixencia artificial, aos profesores das universidades, aos tecnólogos, ás empresas de tecnoloxía de Galicia —22.000 postos de traballo—. ¿Vostede tenlle respecto a alguén en Galicia? ¿Cre vostede que Galicia é un lugar onde non hai intelixencia para facer plans? ¿É que acaso se pode xestionar un país sen unha planificación previa? ¿As planificacións previas son papeis mollados? ¿E cales son os seus, señoría?

Vir presumir aquí de que chega o AVE a Ourense nove días antes de que remate o ano 2021 é, sen dúbida, todo un acontecemento —como diría Leire Pajín— planetario. O que está claro, señoría, é que non temos trens de alta velocidade no ano 2021. O AVE é vía, catenaria e material rodante. Non temos trens. E a pregunta que lle fixen á ministra é: ¿Cando imos ter os trens? A resposta é: Aínda non o sabemos. ¿De verdade que vostede vén presumir disto neste momento? Mire, con todos os respectos, debería vostede ser un pouco máis prudente en relación co tren de alta velocidade e con sacar peito por parte do Partido Socialista.

Todo o que fixeron vostedes foi executar as obras que estaban licitadas e adxudicadas, e punto. Iso foi o que fixeron. O que hai que saber é se están pagadas, porque coa débeda pública que vostedes emitiron no ano 2019, no ano 2020 e no ano 2021 estamos no récord de débeda pública. É probable que todas as partidas do AVE dos dous últimos anos estean en débeda pública. Por tanto, señor Caballero, cando vostede vén dicir aquí que temos menos profesores e non sei que, cando temos 2.000 profesores máis que antes da pandemia, supoño que será unha broma. Cando vén dicir aquí que temos menos sanitarios ca nunca, e temos 5.700 persoas máis traballando na sanidade que nos últimos anos, cando somos a primeira comunidade autónoma en dispensación de vacinas de toda España e unha das rexións europeas con máis xente vacinada, é unha falta de respecto a toda a enfermería e a todo o persoal que está vacinando sen límite en todos os recintos das áreas sanitarias. Debería vostede, polo menos, dicir: síntome orgulloso do Servizo Galego de Saúde, síntome orgulloso da súa planificación na vacinación, síntome orgulloso da súa planificación nos tests, síntome or-



gulloso de estar nunha das comunidades autónomas con menor ocupación de cama en planta e en UCI, e síntome, sobre todo, orgulloso porque Galicia é a comunidade autónoma coa taxa de mortalidade na epidemia máis baixa de toda a península. *(Aplausos.)* Cando vostede diga todo isto, señor Caballero, poderíamos traballar algo xuntos. *(Aplausos.)*

Pero, señor Caballero —sen ánimo de polemizar—, non é serio que vostede veña aquí falar de planificación cando é vostede un dos grandes defensores do Goberno central. Pero ¿vostedes teñen algunha planificación económica?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Hai algún dato en materia económica concretado polo Goberno de España que se cumprise nos últimos anos? Somos o país con maior destrución de riqueza do mundo despois de Arxentina, e somos o país con menor incremento da riqueza de toda a Unión Europea. Señoría, ¿de verdade que vostede está defendendo esta planificación? ¿Cre que debemos de copiar a planificación do Goberno socialista? ¿Cre vostede que o Goberno socialista ten unha planificación...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...ao convocar os presidentes a vinte e catro horas da Noite Boa para falar do que temos que facer, en Noite Boa? Señor Caballero, debería vostede presumir un pouco máis de Galicia e olvidarse do seu partido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas do Goberno galego para darlle futuro no país á mocidade galega**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señorías.

Señor Feijóo.

A mocidade deste país ten, baixo o seu goberno, que elixir entre precariedade, paro ou emigración. Desde que chegou á Xunta desapareceron 218.000 persoas entre 16 e 34 anos. Isto é unha auténtica desfeita demográfica. Moitas destas persoas colleron as maletas. E quero preguntarlle como se sente presidindo un goberno que lles di aos mozos e ás mozas que teñen que conformarse con ter menos oportunidades que a xeración dos seus pais e das súas nais. ¿Dorme vostede ben sabendo que o seu goberno é responsable dunha xigantesca onda migratoria da mocidade?



Repasemos os datos. A taxa de paro xuvenil é do 21,8 %, segundo a última EPA. ¿Sabe cal é a taxa que ten Alemaña? O 5,8 %. A afiliación á Seguridade Social entre os menores de 29 anos caeu un 37 %. Só un 38 % da mocidade ten traballo. E o 64,7 % ten un contrato temporal e cun salario até un 64 % máis baixo que a media de Galiza. E desde 2009 emigraron 347.825 galegas e galegos —o 38 % tiña menos de 29 anos—.

Señor Feijóo, permítame que lle diga que preside vostede un goberno separatista. (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É separatista porque separa a fillos e fillas de pais e nais, porque separa a netos e netas dos seus avós e avoas e porque separa os mozos e mozas dos seus amigos e amigas. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non sei se aos deputados e deputadas do Partido Popular lles dá a risa coa emigración. (*Aplausos.*) Eu creo que aos avós que coñeceron os seus netos e netas a través dunha pantalla non lles dá a risa. (*Aplausos e murmurios.*) Si, si, preside un goberno separatista. (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

¡Silencio, por favor!

Prosiga.

Prosiga, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señorías, cada vez somos menos e cunha poboación máis envellecida; entre outras razóns, porque miles de galegos e galegas desenvolven os seus proxectos fóra, forman familias fóra e teñen fillos e fillas fóra. E están moi ben, señor Feijóo, esas odas á natalidade. Pero ¿sabe cal é o problema? Que cada vez nacen menos nenos e nenas en Galiza. Desde que vostede goberna, a natalidade caeu ano tras ano. Mire, en 2009 naceron 22.537 nenos e nenas. ¿Saben cal foi a cifra de 2020? Foron 15.212. É unha caída brutal. E hoxe Galiza ten as peores cifras de natalidade dos últimos sesenta anos. ¿Sabe, entre outras razóns, por que? Porque temos douscentos mil mozos e mozas que tiveron que emigrar ante a falta de oportunidades, e os seus fillos e fillas non puideron elixir Galiza porque naceron en Berlín, en Londres, en Madrid ou Barcelona. (*Aplausos.*)

A precariedade, o paro e a emigración son un problema para a mocidade, pero é que tamén son un auténtico problema de país, porque sen a vitalidade das novas xeracións Galiza non vai ter futuro. Por iso, señor Feijóo, lle pregunto cales son as medidas do seu goberno para que a mocidade deste país non teña que seguir escollendo entre paro, precariedade ou emigración. E, por certo, é unha mocidade que está sufrindo como poucas as consecuencias da crise derivada da pandemia. Hoxe, en plena sexta onda, espero que esa reunión de presidentes sirva para algo máis que para trasladarlle a responsabilidade á cidadanía e, no seu caso, señor Feijóo, para que reforce...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...xa a atención primaria e os rastrexadores e rastrexadoras, porque os gobernos teñen que estar á altura neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Comprenderá, señora Pontón, que esta parte do hemiciclo pois non pode máis que saudar cun sorriso o seu plantexamento. É a primeira vez —creo— en corenta anos que o BNG lle di ao Partido Popular de Galicia que é un partido separatista. (*Risos.*) Comprenderá que isto tamén fai sorrir a todo o Partido Socialista. Pero vostede, como xa está na historia como a lideresa do BNG que está disposta a negar o que son e a imputar o que vostedes son aos demais, comprenderá que, como mínimo, teñamos un sorriso de bo Nadal e feliz ano 2022, señora Pontón. (*Aplausos.*)

Mire, con todos os respectos, vir falar aquí con datos falsos é o peor que se lle pode facer á mocidade. Vén falar aquí de que emigran de Galicia non sei cantos mozos cando gobernamos nós. E resulta que desde que chegamos ao Goberno chegaron a Galicia 72.000 persoas máis das que marcharon desde o ano 2009. Desde o ano 2009 ao ano 2020, incluído o ano da pandemia, chegaron 71.975 máis. Non é un premio da Lotería Nacional, é o número de persoas que viñeron a Galicia por riba das que saíron, 71.975. E vén aquí falar da mocidade de 16 a 34 anos e resulta que, a pesar da pandemia e a pesar de todas as circunstancias, desde o ano 2009 ao ano 2020 entraron en Galicia 16.031 mozos e mozas máis das que saíron. Señora Pontón, estes datos desacreditana para facer preguntas en serio a un goberno que quere tomar en serio as súas preguntas.

Señora Pontón, no mes de xuño preguntoume sobre o futuro da mocidade galega. Contesteille en relación con este asunto, pero, bueno, agora volve tocalo, como é natural. As novidades nos últimos meses pois non son malas. Melloramos a educación, cun sistema educativo libre, aberto e non ideoloxizado. (*Risos e murmurios.*) Si, claro, comprendo que iso a vostedes lles faga gracia. (*Murmurios.*) Hai máis oportunidades para o acceso ao emprego e con máis proxectos vitais dos que tivera nos últimos anos a xuventude. Se temos un 50 % máis de xente traballando en FP, e a empregabilidade é do 85 %; se somos a comunidade autónoma coas taxas universitarias máis baratas de toda España e asinamos coas universidades o seu plan de financiamento ata o ano 2026; se temos o menor abandono escolar de toda a historia do país —do 25 % ao 12 %—; se temos 100.000 alumnos plurilingües no ensino público; se incrementamos en máis de 450 millóns de euros os investimentos en educación, e un 73 % dos centros están reformados ou son novos, e se temos o 40 % do alumnado con libro dixital, pois esa é a nosa educación non ideoloxizada.

Señoría, falando de paro, no último ano o paro xuvenil baixou en 8.700 persoas, un 31,4 %. Pero no ano 2009, cando chegamos ao Goberno —cando vostedes gobernaban esa Galicia



feliz—, había 51.000 mozos en paro. Hoxe hai 18.000 —32.000 menos—. E se quere coller vostede as afiliacións, pois temos un 7,3 % máis de afiliacións que no último ano. Se quere vostede coller o conxunto do país —é dicir, de España— e mirar a porcentaxe de parados dentro do paro de cada comunidade autónoma, Galicia é a comunidade autónoma con menos paro xuvenil de toda España...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...o 12,3 % —a media de España está no 16 %—. ¿Cantos datos necesita, señoría, para retirar ese mantra de que de Galicia se van os mozos, de que de Galicia emigra todo o mundo, cando resulta que en Galicia empeza a haber un fluxo positivo tanto do total da poboación como dos mozos de 16 a 34, cando temos un dos mellores sistemas educativos —especialmente na FP—, cando temos as universidades máis accesibles, señoría, e cando temos programas de xuventude desde o punto de vista do emprego? Acabamos de aprobar a semana pasada un de 52 millóns de euros.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Imos seguir traballando porque somos a comunidade autónoma con menos paro xuvenil de toda España. E por iso, señoría, me sorprende que vostede non teña un pouco máis de aprecio pola mocidade galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica da señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, desde logo, é bochornoso que o seu goberno veña aquí presumir dos datos da emigración, un bochorno para todo o país e sobre todo para os mozos e mozas que tiveron que coller as maletas. (*Aplausos.*) Pero xa sabemos que ao seu goberno cando falamos de emigración lle dá a risa. Ese é o respecto que vostedes teñen pola xente á que non se lle está dando oportunidades aquí. Esa é a maneira que teñen vostedes de exercer neste Parlamento.

E si, claro que son un goberno separatista, porque separaron nos últimos anos douscentos mil mozos e mozas deste país, e ese é o separatismo que lles preocupa aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*) E é triste, desde logo, señor Feijóo, que veña vostede aquí a repetir exactamente a mesma intervención de hai seis meses.

¡Claro que nos preocupamos da mocidade! ¡Como non imos preocuparnos da mocidade cando é o futuro deste país e necesitamos a todos e cada un deses mozos e mozas para poder poñer en marcha unha Galiza con maiores oportunidades! E, claro, é que hai moitos tipos de negacionismo. Non só está o negacionismo das vacinas. Está o seu negacionismo da emigración, que é un lastre para este país. (*Aplausos.*)





É triste tamén, señor Feijóo, que veña aquí de novo sen ningún tipo de proposta nin de alternativa, unicamente co seu negacionismo sobre a emigración. E xa saben no Grupo do BNG que o señor Feijóo tamén cre que non pode facerlle máis preguntas. Esta é a súa concepción da democracia, dá carnés de bos e malos galegos e tamén de cales portavoces podemos facer ou non preguntas. *(Aplausos.)* É, desde logo, unha nova modalidade que non viramos nestes anos no Parlamento.

E, miren, supoño que o Foro Económico de Galiza está tamén na mentira do BNG cando fai informes que alertan sobre que a emigración da xente nova e do talento é un gravísimo problema para o noso país. *(Aplausos.)* Supoño que tamén o Foro Económico de Galiza está nesa lista que sinala o señor Feijóo de todos os que inventamos o problema da emigración. E aquí, claro, sempre vemos como a dereita ten un concepto moi curioso da liberdade. Existe a liberdade para tomar cañas e logo existe a liberdade de escoller se un galego ou unha galega quere traballar en Berlín, en Londres ou en Madrid pero non ter oportunidades nesta terra, como, por certo, di o Estatuto de autonomía que temos en vixencia. *(Aplausos.)*

Mire, é triste, señor Feijóo, que, coa que está pasando, vexamos o presidente deste Goberno vir aquí con cero propostas para a mocidade deste país.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E nós dicímoslle que se poña a traballar pola xente nova, por que non podemos ver como se teñen que conformar con salarios de mileuristas —cando teñen sorte— ou con ter que ir traballar fóra. E hai unha oportunidade neste momento, que son os fondos Next Generation. Utilíceos para crear o Innogal, para reter e captar talento, para poñer en marcha unha estratexia que cree emprego industrial e frear as deslocalizacións, para facer unha aposta real polo coñecemento, para poñer en marcha un plan de emprego xuvenil.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Faga algo máis que pensar que gobernar son titulares cada día mentres a xente nova emigra. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta polo señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señora Pontón, vostede pódeme facer todas as preguntas que queira, por suposto. Os únicos que non podíamos facer preguntas eramos nós cando estabamos na oposición. *(Murmurios.)* Pero vostede ata lle preguntaba ao goberno do presidente Touriño. Imaxine, dúas preguntas laudatorias ao presidente, e a oposición facéndolle unha pregunta de control. Eses catro anos son, señoría, de moviola.

Pero, en fin, dado que vostede quere seguir falseando a realidade, ¿que lle parece se lle digo que durante o Bipartito saíron de Galicia 50.000 mozos? Teño os datos aquí. No ano 2005, 11.800; no 2006, 13.000; no 2007, 13.900; no 2008, 13.200. ¿Que lle parece se lle digo isto, se-



ñoría? Esta é a realidade dos feitos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por tanto, un pouco de respecto pola verdade, porque creo que un parlamentario debe contar a verdade — e moito máis nesta Cámara—. Pero unha lideresa dun partido, como vostede, non debería contar mentiras. Xa sabe, señoría, que podemos discutir do que queira, pero a mentira non pode formar parte das sesións de control. *(Risos.) (Fortes murmurios.)* Comprendo que ao BNG isto da mentira e da verdade lle dá igual. Este é un dos problemas da política actual. *(Aplausos.)*

Pero, mire, señoría, entrando no programa electoral do BNG, para aprender algo, pois temos ideoloxía, ideoloxía e ideoloxía, moita ideoloxía e ningunha idea. Permítanme que lea o programa electoral do BNG: no ámbito da mocidade, expulsar a Ence da ría de Pontevedra —primeira proposta—; segunda, insubmisión á LOMCE; terceira, denunciar a españolización do sistema educativo. ¿Hai algún programa da mocidade máis ideoloxizado que o do BNG? ¿De verdade que vostedes cren que con isto imos redimir a mocidade galega? ¿Que queren? ¿Que todos se afilien ao BNG para redimir a mocidade galega? ¿Non cre vostede que a mocidade galega é libre para votar o que lle pete, estar afiliado ao que lle pete e ter criterio, señoría, criterio?

E para ter criterio hai que apostar pola educación sen dúbida. E por iso nós imos seguir traballando en educación e emprego, emprego e educación, en oportunidades. Nas vindeiras semanas activamos a oficina virtual de orientación e asesoramento xuvenil para formación, emprego e vivenda. ¿Sabe que levamos máis de 15.000 axudas de vivenda á mocidade galega nos últimos anos? Levamos 15.000. Imos crear unha plataforma de educación non formal que centralice todos os cursos, todos os obradoiros e todos os congresos da mocidade. E volveremos, señoría, neste ano 2022 facer un novo Plan estratéxico da xuventude —ata o ano 2027—; porque traemos planificación en xuventude nos últimos anos.

Unha educación pública non ideoloxizada é o primeiro compromiso, con máis tecnoloxía, con máis idiomas, máis accesible, coas taxas universitarias —insisto— máis accesibles de España, co maior incremento de prazas de formación profesional de España e con máis oportunidade de emprego —e por iso somos a comunidade autónoma coa taxa de paro xuvenil máis baixa de toda España e por iso imos seguir traballando con medidas innovadoras na participación xuvenil con estes plans da mocidade—.

Mire eu non veño aquí a patrimonializar a defensa dos intereses da mocidade, para iso xa está vostede. Eu veño aquí a dicirlle que a miña tarefa como presidente é non impoñer nada aos mozos do país, nin doutrinas nin utopías nacionalistas nin verdades reveladas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Eu veño aquí, señoría, a dicir que a miña obriga coa mocidade é facilitar as oportunidades. E as oportunidades atópanse nunha educación excelente, en máis oportunidades laborais e en todo o apoio para empregar, para ter unha vivenda e para formar unha familia. E iso é o que veño a dicir, señoría.

Entre esa Galicia brumosa que descubrimos hai uns días en Ourense do Partido Socialista que vostede apoia e as nostalxias de modelos que dividen, que separan e que empobrecen, señoría, eu quedo cunha Galicia libre...,



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...cunha Galicia aberta, cunha mocidade que pense por si mesma e cunha mocidade á que non lle temos que dicir o que ten que facer, senón darlle as posibilidades para facer aquilo que considere oportuno.

En todo caso, señora Pontón, agradézolle que me fixera publicidade do vídeo do Partido Popular de Galicia. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, si que a fixo! Felicítábame polo vídeo. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, tanto o Partido Socialista coma o BNG. Invítoos a que o volvan ver.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos xa co punto quinto da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Socialista, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda e tamén unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 17206).*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que deseñe e poña en práctica un plan de modernización e mellora da Administración autonómica sobre a base dos seguintes eixos:*

*a) Mellorar a avaliación dos obxectivos, medios e resultados da administración autonómica implantando un verdadeiro proceso de control de xestión da administración pública que teña como obxectivo incrementar a súa eficiencia, efectividade e resiliencia.*

*b) Aumentar a calidade dos servizos prestados pola Administración, mellorando a implantación da administración electrónica e a coordinación entre administracións e simplificando os servizos públicos para facelos máis flexibles e accesibles para a cidadanía, desde a consideración da diversidade de posibilidades no acceso e uso das novas tecnoloxías entre o mundo rural e o urbana e entre a cidadanía en xeral.*





c) Mellorar significativamente a transparencia e aumentar a participación cidadá en asuntos referidos á Administración para que a sociedade colabore e se implique na mellora dos servizos públicos e na propia gobernanza.

d) Incorporar entre as funcións do Consello de Contas as de avaliación das políticas públicas, promovendo para iso as modificacións normativas oportunas.

e) Mellorar os procesos de contratación e xestión de persoal público para garantir que a contratación pública na Administración autonómica galega e nos organismos e entidades que dependen dela ten lugar conforme aos principios de legalidade, igualdade, mérito e capacidade.

f) Traspoñer a Directiva 1937/2019 do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á protección dos denunciante de corrupción, dentro do ámbito das competencias da comunidade autónoma galega, en particular mediante a creación dun canal interno e externo de denuncias, así como do establecemento das garantías necesarias para a protección dos denunciante.

g) Promover a creación dunha oficina anticorrupción independente, na liña das que xa existen noutras CC.AA.

h) Dar cumprimento ao disposto no artigo 52 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, creando o rexistro de entidades do sector público de Galicia»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 17206 (11/PNP-001680).

*Emenda de adición*

*Engadir na parte resolutiva tres novos apartados co seguinte texto:*

*«d) Incrementar o cadro de persoal, principalmente funcionario e estatutario, ao servizo da Xunta de Galiza, prioritariamente nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, en condicións de estabilidade e fixeza.*

*e) A aplicación efectiva e sen dilación de medidas efectivas contra a corrupción na Administración Pública, de conformidade co catálogo de riscos elaborado no seu día polo Consello de Contas,*

*f) Atender, en tempo e forma, os requirimentos de información e documentación realizados polo Parlamento de Galiza.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Estupefacto estou aínda de escoitalrle ao señor Feijóo que a mentira non pode formar parte das sesións de control deste Parlamento.



Teño que dicir que o problema do máis que mellorable funcionamento das nosas administracións públicas é un problema importante no noso país, que vén de lonxe, do que non se fala case nunca.

**O señor PRESIDENTE:** Espere un momento, señor Arangüena. Espere a ver se hai un pouco máis de tranquilidade na Cámara.

*(Pausa.)*

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Non me desconta o tempo, ¿verdade?

**O señor PRESIDENTE:** Non, aínda non lle empezou. Mire aí, que aínda non empezou.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Perfecto.

Ben, recomezo. Decía que o problema do mellorable funcionamento das nosas administracións públicas é un problema importante no noso país que vén xa de moi lonxe e do que non se fala case nunca; entre outras cousas, porque é un problema especialmente complexo que non pode reducirse a un mero titular. Estou falando neste momento en xeral, non concretamente de Galicia senón da Administración pública no noso país e nos distintos niveis administrativos.

Pero, como estamos no Parlamento de Galicia —e, contrariamente ao que pensa o PP, aquí este Parlamento non ten como función controlar o Goberno central senón a Xunta—, nós vimos hoxe falar da Administración autonómica galega e facer propostas de mellora e modernización da mesma, que se articulan en torno a oito eixos concretos para mellorar a nosa Administración cando a gran pandemia nos amosa cada día a nosa fragilidade individual e colectiva e a necesidade perentoria dunha administración máis resiliente e capaz de responder a esta crise e ás crises do futuro, que virán sen dúbida.

Parécenos, ademais, un momento moi acaído para facer esta proposta, porque celebramos con pompa e alharaca os corenta anos de autonomía pero non falamos nunca de como funciona o seu principal instrumento, que é o sector público galego —é dicir, a Administración pública, a Administración autonómica e os múltiples entes que dependen dela—. Por suposto xa dou por descontado que quen fale en nome do PP vai dicir na súa réplica que a Administración galega é marabillosa, punteira, vangardista, líder nun millón de cousas; unha falsidade ou conxunto de falsidades que ofende a intelixencia da cidadanía, que, cando se relaciona con esa administración, se ve demasiadas veces enmarañada nun mundo excesivamente burocrático, ás veces de tintes kafkianos e decimonónicos de duplicidades e de organismos que demasiadas veces non está moi claro por que e como fan o que fan pero que demasiadas veces está claro que o poderían facer mellor e cun custo máis baixo e con menor perda de tempo e de paciencia para a cidadanía.

Nese sentido, segundo o prestixioso Índice Europeo de Calidade de Goberno, elaborado polo Instituto de Calidade de Goberno da Universidade de Gotemburgo —que é o único índice sobre calidade de goberno que se publica a nivel europeo e que está ademais financiado pola Comisión Europea—, Galicia é a décimo cuarta comunidade entre as dezasete do Estado en



materia de calidade de goberno, a décimo cuarta entre dezasete, ben por debaixo da media estatal. Isto implica unha urxente necesidade de mellora dunha administración que con demasiada frecuencia entorpece en lugar de dinamizar —sobre todo considerando que o noso país, que é España, está tamén lonxe doutros países en calidade administrativa, despois de sete anos nos que os gobernos de Mariano Rajoy tiveron a ocasión desaproveitada de darlle un cambio, especialmente cando tiñan a maioría absoluta, que obviamente facilita facer calquera tipo de reformas—.

É a cuarta edición deste índice europeo. E, para ter unha visión de conxunto, hai que dicir que na primeira —no ano 2010— Galicia figuraba na segunda posición en España. Pero nas tres seguintes, nas tres edicións seguintes, coincidindo precisamente cos mandatos de Feijóo, caemos en picado pasando ás últimas posicións. Non é un índice infalible nin perfecto, pero si é o único que hai neste tema de ámbito europeo. E é avalado pola Unión Europea; polo tanto, cómpre considerar e tomar en consideración o que di.

E se tomamos como referencia a única vez que o Banco Mundial mediu a facilidade para facer negocios nas distintas comunidades autónomas —que foi no ano 2015—, ¿saben vostedes que posición ocupaba Galicia nese ránking —insisto— do Banco Mundial? Pois Galicia ocupaba a última posición, a gran distancia do resto, por debaixo de dezasete comunidades autónomas e tamén de Ceuta e de Melilla. Isto da facilidade para facer negocios ten moito que ver coa calidade da nosa administración e todos sabemos que non mellorou en Galicia dende que se fixo ese ránking do Banco Mundial.

A calidade da administración non soamente determina a facilidade para facer negocios e, por tanto, para captar investimento, senón —o que é aínda máis importante— os servizos básicos que recibe a cidadanía, como a sanidade, a educación, as políticas sociais e tantas outras cousas importantes para a nosa cidadanía. E a calidade da administración determina tamén que se tomen boas ou malas decisións a nivel político. Porque unha boa administración pode actuar como contrapeso contra decisións políticas desacertadas ou arbitrarias. En suma, en mellorar a administración xogámonos moito, moitísimo. Porque a administración é á fin de contas e con abrumadora diferenza a organización que move máis recursos no noso país e en calquera país civilizado.

Calquera mellora da administración ten efectos expansivos en toda a sociedade. Os economistas debaten sobre o multiplicador do gasto público, en se un euro de gasto público se converte en máis dun euro no seu impacto final na economía. Pero non cabe dúbida de que o que si ten un efecto netamente positivo é calquera mellora na eficiencia do gasto público, porque de cada euro de recursos públicos que se gasta mellor se beneficia toda a sociedade de xeito directo ou indirecto —especialmente nun tempo no que os recursos públicos van ser previsiblemente máis escasos, por múltiples motivos, no futuro—.

A Administración autonómica é o instrumento principal das políticas públicas en Galicia, de cuxo axeitado funcionamento dependen en gran medida o presente e o futuro do noso país —o seu éxito ou o seu fracaso, en expresión popularizada polos economistas Acemoglu e Robinson no seu famoso *best seller Por que fracasan os países*—. Neste contexto, os fondos Next Generation son unha oportunidade única e irreplicable que aposta pola dixitalización e



modernización das administracións. Pero dificilmente, moi dificilmente, pode haber dixitalización nin modernización sen un cambio da cultura organizativa no noso eido público.

E a necesidade dun cambio de paradigma na xestión do público en Galicia é incluso expresamente recoñecida pola exposición de motivos da Lei 9/2021, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, impulsada e aprobada polo Partido Popular en febreiro deste mesmo ano, que di literalmente que «pretende instaurar unha nova cultura administrativa dirixida a simplificar e racionalizar os procedementos». Repito: instaurar unha nova cultura administrativa dirixida a simplificar e racionalizar os procedementos. Isto é o que din vostedes mesmos na súa lei. Por certo, non é posible instaurar unha nova cultura administrativa, obviamente, cunha lei de 77 artigos, ademais de que esa lei nin tan sequera se refire á xeneralidade dos procedementos administrativos senón unicamente a certos procedementos relacionados con iniciativas empresariais que son unha mínima parte do total. Pero o certo é que vostedes recoñecen expresamente, na lexislación que promoven e aproban nesta Cámara, a necesidade dunha nova cultura organizativa da Administración en Galicia, o cal concorda cos malos resultados, cos moi malos resultados, que obtén Galicia no estudo da Universidade de Gotemburgo, pero sobre todo coa percepción da cidadanía e coa realidade evidente da nosa Administración autonómica.

E os mecanismos de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos do patrimonio público. Os procedementos, as incompatibilidades, a transparencia, a avaliación das políticas públicas etcétera, etcétera, son mecanismos básicos de control e de limitación do poder estatal, neste caso do poder da Administración do Goberno autonómico. Os controis internos de eficacia e eficiencia, o control da xestión da Administración e a existencia de institucións independentes que fiscalicen a acción administrativa son elementos básicos para poder dicir que unha democracia é tal e non unha democracia meramente formal desprovista de substancia e contido.

Por iso propoñemos un plan de modernización e mellora da Administración pública con oito eixos que sintetizo. Por certo, xa anticipo que aceptaríamos a votación por puntos se é que vostedes teñen a máis mínima intención de mellorar a Administración, porque entre eses oito eixos seguro que hai algún que consideran axeitado.

Eses eixos, sinteticamente, como digo, son: mellorar a avaliación das políticas públicas —que hoxe en Galicia é practicamente inexistente— e, nese sentido, incorporar entre as funcións do Consello de Contas as de avaliación das políticas públicas, que hoxe non ten; aumentar a calidade dos servizos mellorando a Administración electrónica e a coordinación, e simplificando a prestación dos servizos; mellorar significativamente a transparencia e aumentar a participación cidadá; mellorar os procesos de contratación e xestión de persoal público para garantir que a contratación pública teña lugar conforme os principios de legalidade, igualdade, mérito e capacidade —cousa sobre a que, por certo, o último informe do Consello de Contas, publicado moi recentemente, non é que poña en dúbida senón que abertamente di que non é tal—; traspoñer a Directiva europea 1937-2019 relativa á protección dos denunciadores de corrupción dentro do ámbito das competencias da Comunidade galega, en particular mediante a creación dun canal interno e externo de denuncias así como do establecemento das garantías necesarias para



a protección dos denunciante; promover a creación dunha oficina anticorrupción independente, como existe xa noutras comunidades autónomas; e, finalmente, crear o Rexistro de Entidades do Sector Público de Galicia, dando o cumprimento ao disposto no artigo 52 da Lei de organización e funcionamento da Administración e do sector público autonómico de Galicia — que, por certo, é do ano 2010 e que o levan vostedes, polo tanto, once anos incumprindo—.

Agardo que sexa posible polo menos unha aprobación parcial, porque, como digo, aceptaríamos a votación por puntos se así a piden e teñen vontade de mellorar, reformar e modernizar a nosa Administración pública.

Nada máis e seguiremos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Bo día, señor presidente.

Señorías, novamente estamos a traer a colación o resultado do estudo realizado polo Instituto de Calidade de Goberno da Universidade de Gotemburgo por encargo da Comisión Europea e coa colaboración da Unión Europea. E ¿por que a importancia deste estudo sobre a calidade do Goberno que encarga e financia a Comisión Europea? Porque, a xuízo da institución europea, a calidade das institucións de goberno condicionan aspectos tan importantes como o desenvolvemento económico, a cohesión social e a calidade de vida das persoas. Polo tanto, entendemos que un estudo imparcial, por ser dunha universidade de Suecia —que grazas ao AVE está moito máis preto de Ourense, en concreto de Taboadela, do que pode estar de Lugo ou do que pode estar de Vigo, (*Aplausos.*) aínda que viaxamos menos os de Ourense—, non debe desprezarse, aínda que ao Goberno da Xunta de Galiza o deixe en bastante mal lugar. É dicir, en calidade de goberno, a Xunta de Galiza, o Goberno galego, está por baixo da media do Estado e está por baixo da media do resto de Europa. É certo que o estudo se basea de percepcións cidadás, concretamente en 129.00 entrevistas a cidadáns europeos —10.400 a cidadáns do Estado español—, e é igualmente certo que só mide as percepcións da cidadanía sobre a calidade dos servizos públicos —principalmente da sanidade e do ensino—, a imparcialidade e a obxectividade do Goberno e o nivel de corrupción do mesmo. Son simplemente as percepcións que ten a cidadanía sobre eses tres aspectos do que é o goberno, neste caso, dunha nación, ou das diferentes nacións da Unión Europea.

E tamén é certo, igualmente, que, a pesar de que é sobre percepcións, no primeiro informe de 2009–2010 Galiza, efectivamente, estaba por riba, moi por riba, e nos primeiros postos da media do Estado. En apenas catro anos, no informe do 2013, catro anos despois, coa actuación do goberno de Núñez Feijóo, esta situación inverteuse e Galiza xa estaba á cola en materia de transparencia, en materia de imparcialidade e en materia de servizos públicos. E, por suposto, estaba á cabeza en corrupción.





Claro, a cuestión é: establezamos unha pequena reflexión para ver se esas percepcións da cidadanía da Unión Europea, esas percepcións da cidadanía do Estado español, son absolutamente irracionais. Entón, eu simplemente lles pediría ás súas señorías un pequeno xogo de empatía. Póñanse nunha situación de fóra, pensen en que estamos a falar dun Estado diferente, estamos a falar dun Estado onde doce de catorce ministros están sendo procesados por diferentes causas penais, moitos deles cumprindo pena privativa de liberdade, pena de prisión, por feitos cometidos nalgún caso no exercicio de deberes públicos. Nese Estado, doce de catorce ministros reúnen nun centro penitenciario. Un partido de goberno dese Estado está procesado e sentenciado en firme por ter unha caixa «b», por financiamento ilegal —algo que, por certo, non é alleo á realidade galega, porque un dos principais responsables desa trama corrupta da caixa «b» era o responsábel da organización do Partido Popular en Galiza, e tamén o Partido Popular en Galiza non é alleo a esas causas penais, cando a totalidade dos fondos electorais proveñen do punto cero desa corrupción, é dicir, de Madrid, e, polo tanto, non é absolutamente alleo a ese tipo de manipulacións—.

Despois, nese Estado presuntamente atinxido pola corrupción resulta que están utilizando recursos públicos, están utilizando a organización do Estado, para ir contra a Administración de xustiza, para ir contra a transparencia, para ir contra a posibilidade de perseguir eses ilícitos penais. Polo tanto, é o partido maioritario o que non só se financia ilegalmente, non só está cobrando e pagando en «b», senón que tamén evita o funcionamento da Administración de xustiza.

E xa máis recentemente, se me permiten ser un pouco localista —e defendendo a miña cidade—, ¿que é o que fai ese partido nesa administración pública atinxida de corrupción sobre a malversación de fondos? A malversación de fondos vén sendo neste caso que un responsábel público detrae para si, para o seu propio patrimonio, recursos que son de todos e todas. Ben, pois, tendo dúbidas sobre a honestidade desa persoa, tendo dúbidas de que se poidan estar producindo ese tipo de actividades de malversación, coa Fiscalía considerando que se pode estar producindo ese tipo de malversación de caudais públicos, o Partido Popular o que fai é fomentar que esa persoa poida, dende o posto da alcaldía, seguir con esas prácticas corruptas.

Polo tanto, a nivel de corrupción, esa percepción dese instituto da Universidade de Gotemburgo parece que non vai moi descamiñada. Todos os que estamos aquí poderíamos ter esa percepción de que na Galiza e no Estado existe esa —digamos— lasitude cos compartimentos corruptos.

Igualmente existen razóns para entender que non estamos nunha administración e nun Estado especialmente imparcial e obxectivo. Os fondos públicos distribúense principalmente de xeito nominativo, sen concorrencia competitiva, e frecuentemente a través de contratos menores. O Consello de Contas —se falamos de calidade dos servizos públicos— constata no seu informe de hai apenas un mes como no 2019 existía menos persoal e menos gasto en persoal que no 2009 —ademais, no que atinxe ao persoal sanitario estatutario e ao persoal funcionario, onde a temporalidade se incrementa nun 50 % e nun 90 % respectivamente; é dicir, menos persoal e moito máis precarizado—.

Ben, polo tanto, creo que non podemos tildar ese estudo de separatista, con animadversión contra o Partido Popular ou, cando menos, irreal.



Polo tanto, en positivo, ¿que medidas hai ou que é o que temos que facer para evitar isto? Pois unha Administración moito máis transparente, accesible e comprensible. É dicir, que a xente entenda os procedementos administrativos. Non somos partidarios, igual que manifestou a semana pasada o Parlamento Europeo, neste momento de flexibilizar os procedementos administrativos —o que pode facilitar as prácticas corruptas— pero si de que a cidadanía saiba e poida dirixirse á Administración. E dicimos «transparente» porque é curioso que simultaneamente ao que o presidente do Parlamento falaba dos corenta anos e da «casa da palabra», na Comisión 1ª se estaban a negar respostas a este grupo parlamentario. Dende a Dirección Xeral da Función Pública, neste caso, nos estaban a negar esta contestación. (*Aplausos.*) Polo tanto, transparencia é admitir o control por parte dos que estamos obrigados e encomendados a facelo.

Mellorar o funcionamento dos servizos públicos implica incrementar o cadro de persoal reducindo a temporalidade e non ocupando por contratos temporais necesidades que son estruturais. Isto é unha cousa que por suposto recomenda o Consello de Contas pero que o Partido Popular segue sen facer. Pero aínda hoxe nun dos concellos máis importantes nos que goberna na provincia de Ourense poderíamos apuntarnos a un proceso selectivo onde unha praza estrutural vai ocuparse por un contrato temporal, e cun proceso selectivo que vai ser a través de concurso e no que fundamentalmente vai ser determinante unha entrevista.

Polo tanto, fagamos plans, fagamos deseños, pero sobre todo —e máis importante— cumpramos eses plans e eses deseños. Porque, certamente, consideramos que —como dicía o presidente Núñez Feijóo— sería unha falta de respecto non atender eses plans, pero, sobre todo, é unha falta de respecto moito maior para as persoas que dedican tempo na elaboración deses plans non darlles despois ningún cumprimento e pasalos totalmente por riba.

Igualmente, cando o Consello de Contas fai un plan, un catálogo de riscos por áreas de actividade e riscos en materia de corrupción, fala, por suposto, de como hai que facer en materia de persoal —atender a todo o contrario do que estaba facendo este concello—. E tamén en materia de contratación pública —que, como ben saben na Audiencia Nacional e no Partido Popular, é un dos aspectos máis sensíbeis ás prácticas corruptas e aos pagos en «b»—, este Consello de Contas recomenda que cumpría facer un seguimento da execución do contrato, algo ao que o Partido Popular se negou no pleno pasado. É dicir, sabe perfectamente que está pagando con recursos públicos prestacións que non se están cumprindo —neste caso en residencias de maiores— e ao Partido Popular dálle absolutamente igual.

Tamén aconsella o Consello de Contas limitar as modificacións contractuais, e o Partido Popular, por exemplo, na construción na cidade de Vigo admite modificacións de contrato tan relevantes como que na fase de execución é un 30 % e na fase de demolición un 40 %.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Polo tanto, hai que facer plans, pero sobre todo, e máis importante, hai que cumprir estes plans.



Porque ¿que é o que acontece se esta Administración non funciona, se permitimos esas prácticas corruptas? Provocaría —non en palabras do BNG senón en palabras do Parlamento Europeo— e condicionaría negativamente o desenvolvemento dos Estados e das nacións, e tería un impacto desproporcionado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...nos sectores máis vulnerables.

Remato xa, señor presidente.

Na súa man —na man do Partido Popular— está optar entre unha administración máis transparente e loitar contra a corrupción ou seguir esnaquizando discos duros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Iago Tabarés.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu, antes de nada, quixera destacar dúas cousas desta iniciativa: en primeiro lugar, a falta de rigor; e, en segundo lugar, a falta de exemplaridade.

En primeiro lugar, digo que é pouco rigorosa esta iniciativa porque parece que non se documenta en exceso antes de formular unha proposición non de lei. De entrada, deixa de manifesto que nin sequera le o que fai o executivo cada xoves no Consello da Xunta. Porque, doutro modo, non tería formulado a autoemenda que agora presenta, tendo en conta que todo aquilo que pide xa está aprobado ou en execución e, polo tanto, xa existe.

En segundo lugar, está a falta de exemplaridade. Manifestamos a nosa sorpresa por que o Grupo Socialista traía unha iniciativa para debate en pleno sobre transparencia e loita contra a corrupción e non faga nin unha soa mención a un caso de tanta transcendencia e actualidade como é a condena polo enchufe da señora cuñada da presidenta da Deputación de Pontevedra, a señora Silva. Se de verdade queren traballar pola transparencia, loitar contra a corrupción, agardabamos unha reprobación expresa destes feitos da presidenta da Deputación de Pontevedra, e non premiala, como veñen de facer vostedes, elevándoa como militante exemplar ata a presidencia do Partido Socialista de Galicia. O novo equipo do señor Formoso acaba de amosar o seu máximo esplendor con esta decisión tan cuestionable, pero ao mellor o señor Arangüena o que quere é, precisamente, poñer en evidencia que a nova dirección dos socialistas galegos é esta —por aquilo de que parece ser que encabeza el agora o sector crítico—. Ou quizais todo este debate pretenda ser unha cortina de fume para que se deixe de falar tanto da señora Silva e se fale algo máis do PP, nesta estratexia de ventilador que





todo o ensucia. Onte xa vimos o cambio de talante dalgunha deputada socialista embarrando o campo para defender o indefendible.

Señor Tabarés, mire, estamos acostumados dende estas bancadas a que nos chamen de todo, como fascistas, chulo de barra americana, mamarracho, macarra, comemerda, narcopresidente e corruptos. Bueno, hoxe vostede pasa a formar parte dese selecto club de deputados. Logo, oféndense porque lles chamemos pandeireteiros do Partido Socialista. Teñen, a verdade, a pel moi fina.

Pero indo á iniciativa en si mesma —porque quero explicar cuestións importantes—, hai algo, señor Arangüena, no que concordamos todas as forzas políticas. É na posta en marcha de ferramentas para a mellora da calidade da Administración autonómica para ampliar a transparencia e loitar contra a corrupción. De feito, vostede debería saber que foi este goberno do Partido Popular, con este grupo parlamentario, o que promoveu un paquete de medidas novas nesta mesma Cámara. Moitas veces foi co apoio do seu grupo, como foi a Lei de transparencia, e outras coa abstención ou mesmo sen apoio, como a Lei de financiamento dos partidos, a Lei de participación cidadá, a Lei de asesoría xurídica ou unha lei de prevención da corrupción que reformou a Lei do Consello de Contas. Eu non sei se vostede pretende agora modificar a Lei de transparencia que se aprobou —xa digo— co voto favorable do seu partido.

Nós, dende logo, avergoñámonos de calquera militante ou cargo do Partido Popular que aproveite as nosas siglas e a nosa confianza para lucrarse a custa dos cidadáns. Eu agardo que sexan vostedes igual de contundentes. E vostede tamén debería ser igual de contundente coa corrupción do PSOE como coa do Partido Popular, señor Tabarés. Porque iso o que fai é que perda vostede moitísima credibilidade. A corrupción é de persoas, de todas as persoas.

Tamén lle digo que, postos a falar de transparencia, señor Arangüena, non é moi axeitado autoemendar a súa iniciativa e cambiala case por completo. Nós coñecemos a súa autoemenda cando xa estaban presentadas as emendas. Dificilmente puidemos emendala, ¿non? Xa sei que regulamentariamente é posible, pero ¡home!, é que fixo vostede unha autoemenda que podía ser unha iniciativa nova. Pero, bueno, non temos ningún problema en debater isto. O que si lle digo é que xa todo está aprobado ou xa existe ou xa está en execución.

Mire, pide vostede un plan de modernización e mellora da Administración autonómica. A avaliación dos obxectivos sabe vostede que se está a realizar actualmente polo Goberno galego no seguimento do Plan estratéxico. Dixéronllo nunha pregunta que lle fixo vostede mesmo ao director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa. Vostede debería saber que o Plan estratéxico de Galicia que está vixente inclúe un sistema de avaliación e seguimento baseado nunha batería complexa de indicadores: 530 indicadores de produtividade e 135 de resultado ou eficacia —se o prefire describir así—. Ademais, nos indicadores de eficiencia, por tanto, analizábanse os custos unitarios previstos respecto dos custos realizados. Ademais, este sistema de seguimento tamén se vai incluír no novo plan estratéxico, que, como anunciou esta mañá o presidente, se está a elaborar. Por tanto, están solicitando o que xa existe.

No punto b) piden aumentar a implantación da Administración electrónica e simplificar os servizos públicos para facelos máis flexibles e accesibles á cidadanía. Ben, na súa liña de ir



a rebufo da actuación do Goberno, sabe que o pasado 4 de marzo no Consello da Xunta se aprobou o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico —un plan no que se inclúen dez eixos de actuacións que engloban 26 medidas e 61 accións—. Polo tanto, as simplificacións, flexibilidade de procedementos e accesibilidade para a cidadanía xa están aprobadas, e non só aí senón en diversos plans en relación coas novas tecnoloxías; en especial coa accesibilidade dixital aos servizos.

No punto c), para mellora da transparencia e aumentar a participación cidadá, tamén debería saber que hai un Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico, que inclúe un eixo específico sobre esta cuestión, o eixo número 7, señor Arangüena. O título é: «Información é atención á cidadanía», que recolle diferentes medidas e actuacións neste ámbito. E tamén está o eixo 8 —coa epígrafe «participación cidadá»—, que incorpora accións específicas para incrementar a accesibilidade e a participación, introducindo melloras no portal web corporativo da Xunta, o que ao longo destes días xa o poderá vostede comprobar.

Na letra d), respecto de incorporar ás funcións do Consello de Contas as de avaliación das políticas públicas, quizais aquí esta petición aínda é máis sorprendente, xa que non é fácil de crer que o Grupo Parlamentario Socialista descoñeza que o Consello de Contas realiza auditorías operativas —ademais das de regularidade e de cumprimento— nas que se avalía o grao de cumprimento de plans e programas. Polo tanto, non cremos que sexa preciso modificar a Lei do Consello de Contas. Pode preguntárllelo ás súas compañeiras que están alí atrás, á señora Leticia Gallego e á señora Begoña Rodríguez Rumbo, que forman parte da Comisión do Consello de Contas e que igual llo explican mellor ca min.

A letra e) da súa autoemenda —«mellorar os procesos de contratación e xestión de persoal público»— parece esquecer que os principios citados son xa de obrigado cumprimento para todas as administracións, señor Arangüena. Vostede non veu aquí descubrir a pólvora. É máis, podo dicirlle que o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos inclúe —no eixo 4, de contratación, e no eixo 5, de xestión de persoal— varias medidas para estes ámbitos de actuación. Eu convídoos a que os consulte.

Pero é que a iniciativa do Goberno galego vai moito máis alá. Por acordo do Consello da Xunta, en febreiro deste ano constitúense, en desenvolvemento das previsións da Lei de simplificación, dous grupos de traballo —un en materia de subvencións e outro de contratación— que xa están a elaborar protocolos de uso común para todos os centros xestores para que sirvan como modelos de bases reguladoras de subvencións ou modelos de pregos tipo.

A letra f) refírese a traspoñer a Directiva 1937 de 2019 do Parlamento Europeo do Consello relativa á protección dos denunciante de corrupción, e a letra g) a promover a creación dunha oficina anticorrupción independente, na liña das que existen noutras comunidades autónomas. Eu seguramente non terei que explicarlle a vostede, como letrado, que a transposición das directivas ten que facerse dende o Goberno de España. Quero pensalo, pero, claro, é que vostede pono aquí na súa iniciativa. Esta é unha competencia estatal. E, logo de tres anos, o goberno do señor Sánchez —o goberno máis caro e amplo da historia do noso país— non fixo nada por traspor esta directiva, polo que vostede sabe tamén como deputado



e letrado que a transposición desta directiva, ao non facerse, é de aplicación directa. E ¿sabe dende cando é aplicación directa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Perfecto!, ¡bingo, señor Arangüena! ¡Dende o 17 de decembro! Por tanto, é de aplicación directa. E ¿sabe por que? Como consecuencia dun goberno que non goberna, que non traspón a directiva.

Pois ben, mire, o pasado 10 de decembro, incluso antes de que chegara o 17, o Consello da Xunta aprobou o Plan xeral de prevención e medidas antifraude —por certo, o primeiro aprobado en España, non temos que copiar a ningunha comunidade autónoma—, no que se inclúe a creación dunha canle de denuncias que será posta en funcionamento en xaneiro, tal e como está nese mesmo plan. Foi unha decisión que adoptou a Xunta sen a cobertura da transposición da lexislación comunitaria española, sete días antes, pero si aplicando o principio de aplicación directa, porque entraba en vigor directamente, como vostede moi ben sabe. Pensei que non o sabía. Non dubidaba da súa competencia de xurista; pero, claro, como o pon sobre o papel, pois, a verdade, permítame que ás veces teñamos que dubidar destas cousas.

Por outro lado, o Programa marco da actividade institucional, que vostedes cualifican como «conxunto de vaguidades», aínda que responde punto por punto ás recomendacións do Consello de Contas, xa recollía a creación dunha canle de denuncias.

Polo tanto, sinto repetirme, pero, señor Arangüena, todo o que está a solicitar xa existe.

A letra h) é dar cumprimento ao disposto no artigo 52 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento. Como sabe, xa se publicou, señor Arangüena, e está no prazo de alegacións e audiencia pública no Portal de Transparencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, vostede pode consultalo. É que non estou dicindo cousas que non estean publicadas. Ponse vostede todo alterado, pero eu estou dicindo realidades. E pode vostede consultalo na páxina web e no Portal de Transparencia.

Mire, comprenderá que hai razóns dabondo para non apoiar a súa iniciativa. Xa que logo, como en materia de transparencia e loita contra a corrupción van por detrás da acción do Goberno galego, non estaría mal que se dedicasen, primeiro, a arranxar a súa casa, que falta lles fai, empezando polo que pasa no Concello de Vigo e na Deputación de Pontevedra.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Arranxen, como din algúns, o de Vigo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Señor presidente, grazas.



Lamentamos que o Partido Popular, nin sequera imbuído polo espírito navideño, estea disposto a aprobar unha proposición que pretende simplemente mellorar e modernizar a Administración pública. Porque fala vostede, señora Prado, de falta de rigor. Pero a falta de rigor é a súa cando di que nosoutros traemos aquí un plan para a transparencia e loita contra a corrupción, cando especificamente di que é un plan para a mellora e modernización da Administración pública, no cal a transparencia e loita contra a corrupción é unha das múltiples subepígrafes que antes relatei, pero o plan é para a mellora e modernización da Administración pública galega. Vostedes consideran que non é necesario melloralala, parece ser. Bueno, pois estupendo.

Fala tamén de falta de exemplaridade. ¡Home!, que me fale de falta de exemplaridade a representante dun partido do cal a primeira sentenza do caso Gürtel dixo —e cito literalmente— «que montaron vostedes un auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional», que me fale vostede a min de falta de exemplaridade..., (*Aplausos.*) pois sorpréndeme, cando menos. (*Aplausos.*) Que me fale de falta de exemplaridade a representante dun partido que ten a deputación máis opaca, con máis falla de transparencia e que peor funciona en todos os parámetros de calidade administrativa —e tamén de corrupción— de España, como é a Deputación de Ourense, na cal o 80 % dos contratos e das subvencións se dan a dedo —normalmente, e casualmente, aos amigos do Partido Popular—, pois paréceme case un atentado contra o sentido común. (*Aplausos.*)

E, en todo caso, dime que xa está todo en marcha. Eu dígolle que ningún dos oito eixos que propoñemos practicamente están en marcha, ¡ningún! E non vou entrar en cada punto porque non teño tempo, obviamente. O Consello de Contas realiza auditorías operativas, claro que si, pero non a avaliación de políticas públicas, que é outra cousa moi diferente. Se quere, que llo explique algún dos seus compañeiros de partido que saiban deste tema, ou chame ao Consello de Contas, que seguro que llo explican moi ben.

Fálame de que a transposición a ten que facer o Estado. Pero, acto seguido, dime que xa están poñendo vostedes en marcha o canal de denuncias, o cal é incompatible co que me está dicindo vostede. Se me di que a transposición corresponde ao Estado e que vostedes non teñen nada que facer e, acto seguido, dime que xa están poñendo en marcha o canal de denuncias, eu o que lle digo non é que estean poñendo en marcha o canal de denuncias, o que lle digo é que poñan en marcha dunha vez un canal de denuncias que xa tiña que estar implantado dende hai moitísimo tempo. Porque casualmente o pasado 26 de maio —xustamente nos días en que se coñecía o índice da Universidade de Gotemburgo, do que estamos falando e ao que me referín antes amplamente— emitiron vostedes unha nota de prensa na que dicían que a Xunta aproba o primeiro programa de integridade institucional para avanzar na transparencia e na eficiencia da Administración autonómica. ¡O primeiro programa de integridade institucional apróbanos este ano cando levan vostedes once anos gobernando! Bueno, é un avance, porque polo menos recoñecen vostedes que necesitan avanzar na transparencia e eficiencia da Xunta —cousa que vostede nega porque me di que xa está todo en marcha—.

Pero logo ponse un a analizar as accións dese programa e son autenticamente de risa, unha especie de refrito diso que chamaron «programa de impulso democrático» no ano 2015, cando o Partido Popular estaba azoutado por aquela vaga de corrupción e tivo que sacar un



coello da chisteira. Por tanto, hai que concluír que, cada vez que detectan vostedes un problema na opinión pública, sacan un programa, que é unha mera pantalla, unha pantomima, pura propaganda, como todos os plans, estratexias e programas nos distintos eidos cos que vostedes pretenden unicamente confundir a opinión pública e facer que fan. Porque esa é a súa principal acción de goberno: facer que fan.

Logo, en materia de emprego público, pois o Consello de Contas emitiu recentemente —o Consello de Contas, non este deputado— un informe sobre a contratación de persoal na Xunta de Galicia entre os anos 2014 e 2019 no que advirte sobre o descontrol na contratación de persoal da Xunta en todos os organismos dependentes dela —que son moitos—. E o contido dese informe resulta demoledor porque di que na Xunta se están incumprindo reiterada e sistematicamente principios elementais de contratación administrativa de persoal, como son os de control, garantía e transparencia. Non o digo eu, dío o Tribunal de Contas. E unha valoración política e sensata deste informe técnico é que o PP de Galicia ten implantado na Administración autonómica galega un sistema de contratación de persoal e de xestión de persoal que, en lugar de respectar os principios de igualdade e mérito, perpetúa situacións de abuso e arbitrariedade —que non son casuais senón que obedecen a unha estratexia deliberada para patrimonializar os postos de traballo público en beneficio de persoas afíns ao PP—. É dicir, ademais do descontrol e falla de legalidade, hai máis do que di —obviamente coa súa linguaxe técnica e diplomática— o Consello de Contas.

Hai moitísimos motivos para a mellora da Administración pública galega. O financiamento europeo que imos recibir nos próximos anos vai estar condicionado e limitado na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento. En resumidas contas, a cidadanía, a economía de Galicia e o benestar público dependen da mellora e do bo funcionamento da Administración pública galega. Vostedes néganse a mellorar porque din que xa está todo moi ben e que, para o que non está ben, xa teñen vostedes moitos programas e non sei que. Bueno, o que lles digo é que, sen vontade de mellora, sen vontade de modernización, sen control de xestión, sen avaliación das políticas públicas, non hai posibilidade de facer as cousas ben en Galicia. E, por tanto, resúltame incomprendible que non sexan vostedes capaces de apoiar unha proposta que o único que pretende é mellorar e modernizar unha Administración pública galega...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...que está fondamente necesitada desa mellora e modernización.

Nada máis e moitas grazas.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda do BNG, ¿acepta a emenda?

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Non se acepta.





**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 21382).*

*Emenda de modificación.*

*No punto 2, da parte resolutiva da iniciativa, ab initio, onde di: “Frear e deixar sen efecto ...”. debe dicir: “Mentres non se rematen as negociacións nos trílogos do Regulamento de Control non levar a cabo...”*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Bos días.

Grazas, presidente.

Imos falar hoxe do Regulamento de control da pesca —como dicía ben o presidente do Parlamento no enunciado— para alertar dende a Xunta de Galicia, para alertar dende este Parlamento galego, do que se pretende facer —e sobre todo para alzar a voz dende Galicia— para defender a frota artesanal.

Como ben saben vostedes, o Regulamento 1224/2009, do Consello da Unión Europea, do 20 de novembro de 2009, establece o réxime comunitario de control para garantir o cumprimento da política pesqueira común. Na actualidade atópase nun período de revisión de gran calado co obxectivo de mellorar e actualizar o réxime de control para harmonizar os sistemas de inspección pesqueira dos Estados membros, incluída —como dixen— a frota de pequena escala.

O 11 de marzo deste mesmo ano, o Pleno do Parlamento Europeo adoptaba a súa posición sobre a reforma do Regulamento de control traballando sobre a proposta da Comisión Europea para supostamente modernizar as medidas de control e execución sen penalizar nin crear excesiva burocracia ao sector —así dicía—. Desde setembro estanse a levar as negociacións no Parlamento Europeo, coa Comisión Europea e o Consello de Ministros —dos Estados membros—, nos chamados «trílogos», tras os que se tomará unha decisión definitiva que determinará o texto final. Polo tanto, hoxe —que estamos a 22 de decembro de 2021— estamos aquí porque hai que seguir traballando para mellorar ese texto e facer que se adecúe ás circunstancias da frota costeira artesanal. Eu xa dixen que é realmente para evitar algunhas das medidas que se queren adoptar, porque farían moito dano.



¿Cales son as cuestións negativas máis salientables da proposta de regulamento? A principal —que eu considero que seguramente vostedes xa oíron falar dela— é a localización de embarcacións de menos de 12 metros de eslora, das que en Galicia hai unha gran cantidade. É dicir, a incorporación de sistemas de xeolocalización, algo que resulta moi difícil de incorporar por varias razóns. E falan de localización acumulada, algo moi complicado debido a que esta frota faena de forma moi próxima entre si; polo tanto, este tipo de control non achega grandes avances sobre o mero seguimento visual que se fai desde terra. E iso é o que afirma o Servizo de Gardacostas de Galicia.

Outra é a non disposición de medios eléctricos a bordo. Moitas embarcacións de pesca costeira artesanal, especialmente as dedicadas a marisqueo, carecen de motor intraborda. Polo tanto, para implantar esta medida deberían de dispoñer de baterías, o que obrigaría a un desembolso e elevar un custo que neste momento non están en disposición de facer.

A incorporación de sistemas de vixilancia e control mediante cámaras de televisión de circuíto pechado é unha medida moi desproporcionada para ese tipo de embarcacións. Vostedes saberán a que embarcacións me estou referindo. E normalmente este tipo de embarcacións adoitan ter un número reducido de especies —mesmo unha soa, como é o caso, por exemplo, do percebe—. E ademais de todos os gastos da instalación, cando xa están sometidos a controis exhaustivos de cantidades e orixe, cremos que isto tamén é unha intromisión absoluta na intimidade dos tripulantes.

Sobre a obrigación do rexistro dixital das declaracións de desembarque das embarcacións de menos de 12 metros de eslora, nós consideramos que os buques de frota costeira artesanal cuxas mareas de pesca sexan inferiores a vinte e catro horas deberían estar exentos de portar e cubrir un caderno diario en formato electrónico, con notificación previa de desembarque, declaración de desembarque, nota de venda e documento de transporte. Vémosto bastante excesivo, e vémosto nós en concordancia co Consello de Pesca, porque realmente isto é un traslado do propio sector, dos propios mariñeiros, ao Consello de Pesca e, polo tanto, á Xunta de Galicia e a este Parlamento.

Outra cuestión é a eliminación do concepto de lote para produtos de conserva manufacturados. Ben, dende o Partido Popular, e seguindo a petición —como dixen— do Consello Galego de Pesca, defendeuse esta proposta ao entender que non favorecía a industria e a industria conxeladora galega, pero non prosperou. Non sei o que opinarán vostedes, pero a nós parécenos tamén algo inadecuado.

A definición de frota costeira artesanal é outro punto no que tamén o Partido Popular fixo unha emenda —e tampouco prosperou— á proposta de definición, coa liña vixente na Comisión Internacional para a Conservación do Atún do Atlántico. Nesta comisión establécese un recoñecemento con catro parámetros do que sería un buque costeiro de pequena escala, un buque de captura, polo menos, coas cinco características seguintes: eslora inferior a 12 metros, actividades pesqueiras realizadas exclusivamente dentro das augas territoriais do pavillón, mareas de pesca que duran menos de vinte e catro horas, número máximo de membros da tripulación de catro persoas e un buque con técnicas de pesca que son selectivas e teñen un impacto ambiental reducido. Tendo en conta esta definición, as imposicións e as regras ou normas que se queren impoñer dende o Regulamento —como digo— parecen excesivas.



Ben, pois nas últimas semanas —como dicía—, ademais de estar en marcha os trílogos en Europa, o sector pesqueiro trasladou unha vez máis o seu rexeitamento aos plans do Goberno de España de poñer en marcha, a modo de experiencia piloto, as medidas contempladas no Regulamento, e investir 1,5 millóns de euros principalmente no desenvolvemento dunha aplicación informática e na compra de 150 tabletas para probar en 150 barcos pesqueiros de Galicia. O sector non entende este proceder cando, dende a Secretaría Xeral de Pesca, se lles dera palabra de defender en Bruxelas as demandas da frota española dentro das negociacións que agora comezaron para a aprobación do Regulamento de control. É dicir, xa estar facendo un experimento piloto, xa dar por feito que isto se vai implantar, a verdade é que sentou moi mal no sector pesqueiro. A nós parécenos tamén que é tirar a toalla moi pronto e que, polo tanto, habería que intentar evitar que isto se levase a adiante. É un gasto, neste caso, por parte do Ministerio de Pesca que se podería evitar ou se podería dedicar a outros temas.

Para os representantes do sector pesqueiro as medidas de control xa existentes son suficientes —para este grupo parlamentario tamén—, e as propostas incluídas no Regulamento, aínda sen aprobar, xeran un exceso de celo que non garante o cumprimento das normas e provocarán unha importante complicación da actividade a bordo. Chama a atención —como dixeran— que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por medio da Secretaría Xeral de Pesca, decida, sen contar co sector, facer ese investimento de 1,5 millóns de euros en medidas que aínda non están aprobadas no Regulamento de control, cando as prioridades e demandas desde o sector pesqueiro apuntan a cuestións como a modernización da frota, como a mellora dos barcos, a seguridade das embarcacións, a mellora de lonxas ou a promoción de produtos pesqueiros. Sería moito máis produtivo facer ese investimento neste tipo de cousas que facelo para experiencias ou experimentos piloto de algo que imos intentar que non se leve a adiante. Polo tanto, o principal sería pelexar nos trílogos en Bruxelas para que o Regulamento de control fose diferente.

Visto que o expediente aínda no está pechado, como dixeran o outro día, traerémolo sempre a este Parlamento para facer toda a forza que poidamos no Ministerio e en Bruxelas e evitar medidas que sexan nefastas para o sector. Como aínda está aberto, como digo, e quedan para o primeiro semestre do 2022 uns meses, nós traemos esta proposición non de lei que pide o seguinte —vou ler exactamente o texto para que saiban o que estamos solicitando—:

«Trasladar durante as negociacións nos trílogos do Regulamento de control da pesca 1224/2009 o rexeitamento ás medidas contempladas, especialmente as referentes á pesca costeira artesanal e, de forma específica, as referidas á obrigatoriedade de instalación de cámaras a bordo, á obrigación de instalar diario electrónico de pesca na frota artesanal e á imposición da xeolocalización en barcos de máis de catro metros de eslora». Noutro punto ¿que máis solicitamos?: «Frear e deixar sen efecto directamente as accións conducentes á aplicación das medidas recollidas no texto de proposta de modificación do Regulamento de control, con especial incidencia na licitación do desenvolvemento e mantemento dunha aplicación para a comunicación de capturas, declaración de desembarque e xeolocalización da frota pesqueira a pequena escala, así como naquelas actuacións relacionadas coa instalación de cámaras de televisión de circuíto cerrado».





E insistimos e definimos estes temas porque realmente o investimento previsto no Ministerio e no Goberno de España é para facer unha experiencia piloto con estes temas, que é realmente o que vai complicar moitísimo o traballo na frota artesanal. Vai complicalo ata o punto de que a moitos, se teñen que incrementar tanto os custos, se teñen que ter unha intromisión tan directa, se teñen que implantar esas cámaras a bordo, a verdade é que lles vai custar moito facer o seu traballo.

Cremos que é o xusto, cremos que é o que nos piden realmente, imaxino, a todos os deputados desta Cámara e á propia Xunta de Galicia. É o que defendemos aquí no Parlamento galego, o que defendemos nas Cortes e o que defendemos en Bruxelas. Polo tanto, nós cremos que é unha responsabilidade de todos —como digo sempre— este caso no que se están levando a adiante, dende que empezou o regulamento no 2009 —e agora estamos no 2021—, medidas que van afogar moito a nosa frota artesanal.

Polo tanto, agardo o apoio unánime a esta iniciativa por parte de todos os deputados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Egerique.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Ben, acontece un pouquiño como aconteceu coa señora Egerique no pleno anterior. O Partido Popular volve traer iniciativas a esta Cámara que xa foron debatidas en comisión e en pleno e que foron aprobadas por unanimidade, pero agora volve traer algo no que xa conseguiron o posicionamento unánime da Cámara. No pleno anterior a señora Egerique dicía que acumulaban distintas iniciativas que xa foran debatidas e que, como digo, xa foran aprobadas. Daquela pedían volver pedir esa seguridade xurídica na reforma da Lei de costas e na Lei do cambio climático, a coordinación entre a pesca e a comercialización do marraxo ou a retirada do recurso contra os plans de explotación marisqueira 2021-2023, o que, como dicía, xa fora debatido en reiteradas ocasións en comisión e en pleno.

Pero o certo é que en temas coma estes, como o que trouxeron no pleno pasado e o que volven traer hoxe, o único que busca o Partido Popular non é o posicionamento da Cámara de cara a apoiar neste caso a frota artesanal, senón que o que busca, dende logo, tamén é enganar o sector co seu posicionamento —porque mudaron de posicionamento, señora Egerique— e tamén buscar esa confrontación co Goberno central. Son temas, por certo —os que traían no pleno anterior e os que traen hoxe—, nos que, en vez de ter vontade de resolver os problemas, como sería desexable que fose por parte dun goberno como é o caso da Xunta de Galicia, o que buscan é crealos e tamén enganar o sector.



Na Lei de cambio climático pedían seguridade xurídica para as concesións en dominio público marítimo-terrestre, e volvo dicirlle que, cando o PSOE levou unha emenda ao Senado para darlle esa seguridade xurídica ao antigo artigo 18.3 da Lei de cambio climático, vostedes non a apoiaron. Igualmente dicían que querían que o Estado retirase o recurso plantexado pola Administración central contra os plans de explotación marisqueira 2021-2023, pero, cando o PSdeG transacciona co Bloque Nacionalista Galego unha iniciativa na que se pedía a retirada dese recurso pero facendo ben as cousas por parte da Xunta de Galicia, van vostedes e votan en contra. En fin, agora volven traer a esta Cámara o Regulamento de control de pesca, iniciativas que, como xa digo, foron debatidas e foron aprobadas por unanimidade.

É certo, como dicía a señora Egerique, que agora nos atopamos nesas negociacións, nos trílogos deste regulamento de control. Pero, claro, é bo facer memoria e é preciso comentar tamén que o Parlamento Europeo aprobou un mandato negociador —ese do que falaba a señora Egerique— con data 11 de marzo. E aprobou este mandato negociador de cara a esas negociacións tamén na Comisión e no Consello.

Claro, este mandato negociador saíu adiante, pero non saíu adiante só cos votos dos eurodeputados do Partido Socialista, senón que tamén saíu adiante este mandato negociador do Parlamento Europeo cos votos afirmativos dos eurodeputados do Partido Popular. Porque ¿aprobaron ou non os seus eurodeputados esta proposta no Parlamento Europeo? Aprobárona. E tamén, si, tamén o señor Millán. Por tanto, despois busca enganar o sector, pero el, cando tivo que emitir este voto no Parlamento Europeo, votou a favor. *(A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben.)* Non me diga que non, señora Egerique, que imos buscar o resultado das votacións. Os eurodeputados do Partido Popular votaron a favor disto. Hoxe dicía o presidente da Xunta de Galicia que aquí non se pode mentir. *(Aplausos.)* Entón ¿votou ou non votou a favor? ¡Claro!, dálle á cabeza, ¿non? Claro, señora Egerique, cómpre non enganar a ninguén, e menos ao sector.

Pero, claro, cando vostedes viron filón electoral con este tema do regulamento de control, apuntáronse ao carro. Xa falaba o outro día a portavoz do Bloque Nacionalista Galego dese famoso vídeo que era anónimo, ¿non?, pero que todos e todas sabemos de onde saíu.

Daquela nós xa dicíamos, cando trouxemos e trouxeron iniciativas tamén os outros grupos parlamentarios —iniciativas neste senso, no do Regulamento de control de pesca—, que quedaba moito percorrido por diante e que había que traballar arreo para mellorar esta proposta —sobre todo no relativo á pesca artesanal—, e que aí os tres grupos coincidimos. De feito, o Ministerio de Pesca reuniuse en diversas ocasións, para escoitar tamén as propostas e reivindicacións relativas a este regulamento, co sector pesqueiro galego. Porque o Goberno de España, aínda que parece que agora a señora Egerique di que tirou a toalla, mantense no seu posicionamento respecto de eximir destas obrigacións a frota de baixo porte, especialmente os barcos de menos de 9 metros e os do marisqueo.

Certo é que as negociacións están a ser complexas, pero estase a traballar neste eido. E, dende logo, dende o PSdeG compartimos as propostas que chegan do sector relativas á pesca artesanal. É certo que España non logrou excluír a frota de ata 9 metros do acordo dos ministros, pero o Goberno español si que logrou xuntar unha declaración por escrito á Presi-



dencia para que conste a oposición de España ao punto 93.b) do borrador que afecta a frota de menos de 9 metros.

Pero, miren, si que se foron conseguindo cousas. ¿Suficientes? Non, dende logo. Pero cómpre recordar que se conseguiu que no xeoposicionamento só os buques de máis de 12 metros estarán obrigados a instalar equipos VMS con conexión satelital. Para os buques de 9 a 12 metros substitúense estes por sistemas de telefonía móbil, e excluíronse os barcos de 9 metros e o marisqueo. Hoxe a señora Egerique volvía falar desa obrigación para o marisqueo cando sabe que se conseguiu esa exclusión.

Claro, coincido con vostede en que hai que seguir traballando nestes trílogos. Pero o ministro de Pesca comparte tamén o obxectivo xeral de dispor de datos máis fiables e exactos sobre capturas, de consolidar a cultura do cumprimento e garantir un trato equitativo entre os operadores dos Estados membros, pero mostra a súa discrepancia en relación coas exixencias para a frota artesanal. Estes requisitos suporían unha carga administrativa excesiva, non aportarían beneficios adicionais en materia de control pesqueiro e son contrarios aos obxectivos de simplificación que se deberían perseguir. Cremos que hai que facer unha valoración do impacto destas medidas no sector artesanal —ou sexa, facer unha valoración do impacto destas medidas en relación cos custos— ante a negociación dos trílogos. Aí estamos de acordo, señora Egerique.

Polo tanto, queda camiño por percorrer e moito traballo por diante para mellorar estas medidas con respecto á pesca artesanal. Foron conseguíndose algunhas —como dicía— no relativo á xeolocalización, a que quedan exentos os barcos de menos de 9 metros e os do marisqueo, a que no xeoposicionamento están só os buques de máis de 12 metros, e para os de entre 9 e 12 metros queda substituído por sistemas de telefonía móbil. Tamén están os cambios introducidos na proposta que se refiren á posibilidade de que o dispositivo non teña que estar instalado no buque, senón que poida ser portátil. Iso obviouno a señora Egerique. No diario electrónico e rexistro de capturas tamén está a posibilidade de desenvolver un sistema propio para as embarcacións de menos de 12 metros.

¿Avanzouse? Si. ¿O suficiente para este grupo parlamentario? Non. Polo tanto, coincido en que hai que seguir negociando e traballando e, dende logo, trasladar as inxerencias do noso sector no relativo á pesca artesanal. O que parece é que vostedes non se fían moito dos seus eurodeputados, non falan moito con eles, porque eles tamén son os que poden facer unha presión nas institucións comunitarias. Creo que non se fían moito deles e ao que veñen aquí é a instar o Goberno central. Chegou vostede incluso a falar da definición de frota pesqueira artesanal. Pero vostede sabe coma min que hai un acordo de todos os grupos políticos —tamén do seu, señora Egerique— para abordala no marco da revisión da política común de pesca e non no Regulamento de control. Polo tanto, non sigan enganando o sector.

Nós coincidimos no primeiro punto en todo o que dixo vostede. No referente ao segundo punto dos que falaba vostede, relativo á licitación do desenvolvemento e mantemento dunha aplicación para a comunicación de capturas, declaracións de desembarque e xeolocalización da frota pesqueira a pequena escala, e a aquelas actuacións relacionadas coa instalación de cámaras de circuíto cerrado, non é que non compartamos o que vostedes din na súa iniciativa;



o que din é «frear en seco» e estamos nunha fase na que estamos, como vostede ben dicía, nas negociacións deses trílogos. Polo tanto, entendemos que a nosa emenda é moito máis axeitada ao momento que se está a vivir nesas negociacións en Europa, que di, en vez de «frear e deixar sen efecto» —e xa que estamos nas negociacións dos trílogos—, que mentres non rematen as negociacións do Regulamento de control nos trílogos non se leven a cabo estas aplicacións e esta licitación que se está a levar a cabo por parte do Goberno central.

Somos coñecedores, e así tamén o trasladou o sector, que non comparte esa licitación que se leva adiante por parte do Goberno central.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Remato, señor presidente.

Nós cremos que é máis acaído que no momento —que oxalá que non, e que se poidan modificar moitas destas posturas— en que estean aprobadas estas medidas se leven a cabo estes mecanismos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Mentres, non.

Polo tanto, cremos que vai máis axeitada ao tempo no que se están a vivir as negociacións en Europa. Pero compartimos, dende logo, o fondo da iniciativa que hoxe presenta o Partido Popular porque é... *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, xa rematou o seu tempo. Moitas grazas, señora Otero. Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Señora Egerique, se atendemos, efectivamente, ás propostas que ultimamente traen vostedes a esta Cámara, daría a impresión de que están vostedes recollendo o despacho e facendo as maletas para marchar. E no caso seu en particular ata pode ser verdade, porque teño entendido que foi na lista equivocada, ¿non? *(Murmurios.) (Aplausos.)* Entón, pode ser, pode ser xustamente, que sexa ese o motivo de que no pleno anterior e agora tamén nos traia vostede aquí iniciativas que resulta que, efectivamente, como xa lle dicían, temos aprobadas por unanimidade. Pero non só unha vez. Non, non, foron máis. O que pasa é que, claro, non as



presentou o Partido Popular, presentounas o Bloque Nacionalista Galego. O Partido Popular agora fai un refrito e tráenolo.

Lembrará a señora Egerique que o 20 de abril foi aprobada na Comisión de Pesca unha proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego desas que lles gustan a vostedes, de demandar ao Goberno do Estado. Demandabamos ao Goberno do Estado unha chea de cousas, que son as que a vostedes lles gustan. Non puxeron emendas, non tiveron peros. Aprobámola por unanimidade o 20 de abril. Pero é que, ademais, cando efectivamente se soubo que o regulamento tamén afectaría as persoas —como di precisamente a proposta— adicadas á pesca sen buques —que veñen sendo as mariscadoras e os mariscadores— presentamos outra e debatémola o 5 de maio —ou sexa, unha o 20 de abril e outra o 5 de maio—, que tamén aprobamos por unanimidade. En todo este tempo, ata agora, que efectivamente xa están a debate nos trílogos, nós non vimos que o Partido Popular aquí neste Parlamento trouxese nada. Entón, por iso digo que parece que está vostede recollendo o despacho e está encontrando as iniciativas do Bloque, que son as únicas, evidentemente, que se poden encontrar, porque son as únicas que están presentadas. E agora di: jah, bueno!, isto é bastante aproveitable, como é para demandar ao Goberno do Estado ímola presentar nós. (*Aplausos.*) E é, efectivamente, o que están a facer aquí de novo, igual que fixeron no pleno pasado.

Pois ben, daquela, xa no mes de abril, xa no mes de maio, o BNG xa cualificara este regulamento como a penúltima estocada —porque, efectivamente, non era a última aínda— ao sector pesqueiro galego, e nomeadamente á súa frota artesanal. É unha normativa que impón unha serie de medidas de control ignorando por completo a realidade da frota galega e a súa singularidade. Aproveito para pedirle que traslade vostede á Consellería do Mar —xa que está en racha de facer informes e levalos a todos os sitios, aínda que non vullan para moito, é unha pena— algún informe do tipo de frota que temos en Galiza e que o leve a onde o temos que levar para ver se así o entenden; porque fan unha normativa na que ignoran o tamaño dos nosos buques, da maioría dos nosos buques, as zonas onde habitualmente faenan eses buques —que veñen sendo nada máis e nada menos que as rías—, ignoran a duración das mareas, menores de vinte e catro horas na inmensa maioría dos casos, ignoran o xeito de faenar da nosa xente e incluso ignoran tamén nesta normativa —non é a única, por desgraza— a operativa da venda do produto.

A inmensa maioría da frota galega, como todo o mundo sabe —máis de tres mil buques—, ten menos de 12 metros de eslora; polo tanto, está considerada como frota de baixura, como frota artesanal. Pesca maioritariamente nas rías e, polo tanto, como dixen, con mareas inferiores a vinte e catro horas, de xeito agrupado no caso de miles de mariscadores e mariscadoras a flote, e onde o propietario, ademais, fai de todo. O propietario é o propietario do buque, é o patrón na maior parte dos casos e, ademais, é a persoa que realiza as capturas e que despois as pon á venda en lonxas onde se pesan e se rexistran.

No caso das mariscadoras a pé —que afortunadamente quedaron excluídas—, pois a súa explotación está máis que regulada a través dos plans de explotación, e o produto que recollen, que capturan, é pesado e controlado nas lonxas. Tamén traballan, efectivamente, en augas interiores e, na inmensa maioría dos casos, en praias que apenas distan das lonxas.





En definitiva, o sector pesqueiro galego de baixura e o sector marisqueiro a flote é un sector que conta con medidas de regulación, de supervisión, de comprobación, de inspección e de vixilancia. Todas elas, ou o noventa e pico por cento delas, son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma. E tamén aproveito para pedirles por enésima vez que nalgún momento se poñan vostedes a traballar —no sentido do que temos aprobado tamén moitas veces neste Parlamento— para solicitar á Comisión de Transferencias precisamente as competencias do sector do mar que aínda non temos. *(Aplausos.)*

Como todos e todas sabemos, o Regulamento de control provocou o rexeitamento frontal da frota galega, que masivamente se mobilizou en dúas ocasións neste mesmo ano. E, a pesar desas mobilizacións, e mesmo antes de iniciarse as negociacións entre o Parlamento Europeo, a Comisión e o Consello, iso ao que efectivamente lle chaman «trílogos», o Goberno español xogaba a aquilo da película de... —como era— místico Hyde e o señor Jekyll, ou ao revés. Pois, por un lado, o Goberno español trasladaba ao sector que ía facer o posible e o imposible para tratar de acadar un acordo máis beneficioso para a frota e, por outro, e en pleno mes de agosto, licitaba por 1,5 millóns de euros o desenvolvemento —xa antes de que se iniciara o debate— para o mantemento dunha aplicación para a comunicación de capturas, a declaración de desembarque e a xeolocalización da frota, recoñecendo implícita ou explicitamente que os buques de menos de 12 metros ían estar afectados, si ou si, polo regulamento e que, polo tanto —e leo textualmente a declaración da secretaria xeral de Pesca—, «hai que estar preparados».

O contrato, ese contrato de licitación, tamén contemplaba a adquisición de 150 dispositivos portátiles para a realización de probas piloto. Pero *no se lo pierdan*, tal cal así dicía: «150 dispositivos para realizar pruebas piloto». Pero non en calquera sitio do Estado español, non, non, «150 dispositivos portátiles para la realización de pruebas piloto en 150 barcos de la flota de bajura de Galicia». É dicir, se non queres caldo, come catro tazas. Mobilizácheste dúas veces masivamente, reivindicaches porque este non era o método de controlar a frota galega, que estaba máis que controlada, e agora a proba piloto ímoscha aplicar directamente. Isto, directamente dos despachos de Madrid.

Efectivamente, o Ministerio adiantábase así non só á aprobación definitiva deste regulamento que aínda non está aprobada, senón que incluso se adiantaba ao inicio do debate e, polo tanto, á súa aprobación. Pero aínda foi máis alá o Goberno español. Tamén no mes de agosto preparou as bases para a concesión de subvencións para a compra de equipos necesarios para a frota, cun máximo de 500 euros por barco de menos de 12 metros para a compra de dispositivos electrónicos e cun máximo de 15.000 euros para unha cousa que lle chaman «monitoreo electrónico» —que veñen sendo as cámaras a bordo—. Como dicía a secretaria xeral de Pesca, había que estar preparados, e eles preparáronse mesmo antes de que isto se aprobe —que, insisto, segue sen aprobar—. Polo tanto, a nós parécenos que non procede, que non procede. E o ministerio español ou ten información privilexiada ou realmente non se sabe moi ben a que está xogando.

Quero poñer aquí de manifesto que na actualidade a frota galega está vixiada e controlada nas lonxas, nos portos, nas estradas, nas autoestradas. E está controlada pola Garda Civil, polos inspectores da Xunta e polos inspectores do propio Ministerio. Como dicía aquel, tres





persoas distintas e un só fin verdadeiro, o control absoluto e superlativo de todo o que se mova.

E o propio Ministerio ten ese afán de controlar todo o que se mova, porque non só vai aplicar estas medidas, que xa está poñéndoas en marcha de facto...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—remato, señor presidente— senón que, ademais, tamén contratou con outros 1,5 millóns un drone e tres técnicos; ou sexa, non chegaba o que había senón que ademais a frota vai estar controlada por...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...terra, por mar e por aire.

Non ten xustificación a actuación do Ministerio e teño que dicir...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:**... —remato, señor presidente— que tampouco a da Xunta, porque só se dedica a demandar ao Estado, pero, actuación, moi pouca.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Xa está o Bloque Nacionalista Galego coa bandeira de que son os propietarios e os únicos defensores da pesca, cando é todo o contrario, señora Pérez, todo o contrario.

Mire, o que si é certo é que vostede estivo no banquillo bastante tempo —devolvéndolle un pouco a apelación que fixo á miña persoa—. Agora o BNG, para recuperar votos, recorreu outra vez ás vellas glorias. *(Aplausos.)* Entón, outra vez está vostede aquí e non sei se é pola defensa da pesca, non sei se é pola defensa da pesca. *(Aplausos.)* Señora Pérez, non sei se vostede foi na lista equivocada ou é que non a levaron. *(Murmurios.)*

O que está claro é que o BNG, cando estivo no Bipartito, montou un lío no sector. E agora cos verdes en Bruxelas está montando outro lío no sector. E aquí non saben como serpentear e como intentar evitar que nos enteremos de que en Bruxelas vostedes non están favorecendo



para nada o sector pesqueiro. Ao revés, están apoiando as medidas que son as medidas que van afogar o sector. E neste caso, no do regulamento, falarei agora de votacións.

Porque, mire, señora Otero, xa llo dixen noutro pleno, e explícollo como no pleno anterior. Realmente nós aprobamos iniciativas na Comisión coa vontade de que o Ministerio tome decisións, pero vai pasando o tempo e o Ministerio vai na dirección equivocada. Hai 1,5 millóns de euros nos orzamentos para a experiencia piloto dunhas medidas que hai no Regulamento de control europeo que non queremos que se leven a adiante. Polo tanto, se aprobamos na Comisión unha iniciativa para que non se leven a adiante e o Ministerio vai e mete 1,5 millóns de euros nos orzamentos para que se apliquen, vostedes son hipócritas. Xa llelo dixen noutra ocasión, son hipócritas. Eu non neguei aquí para nada que se votase o que se votou no Parlamento Europeo. Como digo, falarei despois das votacións.

E non nos negamos para nada ao mandato negociador. Queremos cambiar eses puntos concretos dos que falei antes referentes á frota artesanal, porque de verdade que son para indignarnos. Sabemos como funcionan, como faenan, como son as embarcacións e as dificultades que teñen, e aínda por riba queren meterlles máis dificultades.

E o que di o sector, mire, vostede saberao ben, porque a noticia de *El Progreso*, do 23 de agosto é: «La Federación Gallega de Cofradías de Pescadores criticó la intención del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación de invertir 1,5 millones de euros en un proyecto piloto para geolocalizar 150 embarcacións gallegas de bajura y controlar telemáticamente súas capturas». Entón, ¿que din eles?: «Parécenos unha falta de consideración por parte do Ministerio de Pesca español que xa se desenvolva unha aplicación informática cando aínda non se reuniron os trílogos». Xa en agosto tiñan eses proxectos de orzamentos para incluír esa aplicación e ese proxecto piloto.

Polo tanto, é unha tomadura de pelo, ¡claro que si! Teño que traelo aquí e xa dixen tamén no pleno anterior que o traerei todas as veces que sexa necesario, porque, se en comisión aprobamos unhas cousas e o Ministerio vai por unha liña totalmente diferente, con outras intencións, nós temos que seguir defendéndoos. E, ademais, vostede hoxe presenta unha emenda, e non a presentou na comisión. Presenta unha emenda o Partido Socialista, e a nós xa nos cheira que é porque vostedes saben que a defensa vai ser ficticia, que a defensa nos trílogos por parte do Partido Socialista vai ser ficticia. É dicir, contan vostedes xa dende o Ministerio con que estas medidas se van levar a cabo; polo tanto, parece que é unha especie de entrega a prazos para disimular, pero que se vai acabar impondo e van acabar defendendo esa imposición. E nós estaremos aquí para dicir que non, para dicir que non, porque é moi complicado, de verdade. É afogar moito a frota artesanal. Polo tanto, neste caso non imos aceptar a emenda.

Falou vostede da definición de frota artesanal, señora Otero. Non entendeu o que dixen. Díxeno polo tema da defensa dos puntos, non que se vaia modificar no Regulamento de control. Quizais eu me expresei mal.

Mire, quero falar das votacións en Bruxelas, porque son importantes. Sempre o digo: no tema pesqueiro e nos sectores primarios é importantísimo o que se está facendo agora en Bruxelas. Estase primando, ademais, dunha maneira radical o tema medioambiental e é que se está afogando o sector primario —aquí a pesca— en moitos sentidos.



No tema do diario electrónico presentouse unha emenda por parte do Partido Popular. Quedou só o Partido Popular e finalmente presentaron unha emenda os comunistas portugueses. Só votou a favor o Partido Popular realmente porque era en defensa deste sector. Eles si que fixeron forza cos seus deputados, e o Partido Popular apoiou.

Sobre as cámaras de televisión obrigatorias, votou a favor o Partido Socialista, votaron a favor os verdes, European Free Alliance —o grupo parlamentario onde está integrado o Bloque Nacionalista Galego—, votou a favor tamén, Fernando Barrena, o deputado de Bildu. Votaron a favor de cámaras de televisión obrigatorias para buques de mais de 12 metros de eslora. Votou en contra o Partido Popular. Sobre a exención da xeolocalización para artes menores, votou a favor o Partido Popular, neste caso, Os Verdes tamén votan a favor, pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, si, non digo que non, pero vota en contra o Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...porque xa está incluíndo.

Sobre lotes, vota a favor o Partido Popular; en contra, PSOE e Os Verdes. E sobre a frota costeira artesanal, a favor o Partido Popular e Os Verdes; en contra, o Partido Socialista.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Teñen vostedes un cacao mental, teñen vostedes unha hipocrísia: apoian todos os puntos aquí, pero fan...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...todo o contrario en Bruxelas.

Polo tanto, non aceptamos a emenda. Espero que aproben isto e que tamén cumbran, non soamente que voten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Egerique.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 25725).

*Emenda de modificación:*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*“O Parlamento de Galicia manifesta, ao cumprirse o 40 aniversario da súa primeira sesión constitutiva, o seu compromiso coa vixente Constitución española e co Estatuto de autonomía de Galicia e, polo tanto, que non comparte calquera iniciativa que promova a independencia de Galicia ou de calquera outra Comunidade Autónoma de España, xa que implicaría poñer en risco o marco de convivencia da cidadanía de todo o Estado, que garante o autogoberno de Galicia”.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Este mes de decembro celebramos dous fitos fundamentais para a democracia española e para o autogoberno galego: o pasado día 6 celebrabamos o cuadraséximo terceiro aniversario da Constitución española, e o pasado domingo, o domingo 19 de decembro, celebrabamos os corenta anos da primeira sesión deste parlamento; dúas datas sinaladas que a gran maioría dos galegos celebramos, porque supuxeron para Galicia o inicio da maior época de prosperidade e desenvolvemento da historia do noso país.

Permítanme que recorde algo de historia para os máis novos desta cámara. O 6 de decembro de 1978 millóns de cidadáns saíron ás rúas de toda España para apoiar o proxecto de Constitución. O 88,5 % deron un rotundo «si» á Constitución española. E esa porcentaxe foi aínda maior en Galicia: o 90,1 % dos galegos votaron «si» á Constitución española. Ese amplísimo respaldo, tanto en España como en Galicia, respondía, sen dúbida, ás ansias de liberdade e de autogoberno que tiña a nosa sociedade. Ese 6 de decembro deuse un paso decisivo para que Galicia puidese constituírse en comunidade autónoma e exercer o seu propio autogoberno a través de institucións democráticas propias como a Xunta de Galicia ou esta cámara ou todos os organismos estatutarios que virían despois.

Hai corenta e tres anos os galegos decidimos vivir nunha comunidade autónoma con institucións que xestionasen os servizos públicos fundamentais, como a sanidade, a educación, os servizos sociais, e que gozase dun amplo catálogo de dereitos e liberdades como os que están garantidos pola Constitución española, unha Constitución que non só reconece o dereito da nosa propia Autonomía senón tamén o principio de solidariedade entre os diferentes territorios que configuramos España.

Corenta e tres anos despois, o Estado das autonomías segue sendo a mellor fórmula para articular a pluralidade e a diversidade que conformamos os pobos de España, a España constitucional, a



España das autonomías, un marco de convivencia que supuxo para todo o país, e nomeadamente para Galicia, a época de maior desenvolvemento e de maior autogoberno da nosa historia.

Señorías, esta non é unha frase feita. Os datos obxectivos, os datos contrastados, ofrecen unha fotografía excepcional do desenvolvemento de Galicia nos últimos corenta anos. Hai corenta anos eramos a terceira comunidade máis pobre de España; hoxe somos unha comunidade exportadora, cun PIB per cápita que supera o 93 % da media estatal e cunha renda media que chega ao 91 %. Hai corenta anos Galicia contaba con 86 quilómetros de autoestradas; hoxe temos 1.400 quilómetros de autoestradas. Hai corenta anos Galicia contaba con 14 hospitais, 55 ambulatorios; hoxe os galegos poden acudir a 28 hospitais, 398 centros de saúde, 68 consultorios, 25 centros de especialidades. Hai corenta anos Galicia tiña 351 elementos patrimoniais protexidos en todo o territorio; hoxe esa listaxe chega aos 748 bens de interese cultural. Hai corenta anos Galicia non contaba apenas con infraestruturas para tratar as augas residuais das cidades; hoxe contamos con 159 depuradoras e cun instrumento fundamental como é Sogama, que ten permitido a supresión dos vertedoiros ilegais. Hai corenta anos en Galicia o turismo representaba ao redor do 3 % do PIB galego; hoxe supera o 11 %, e neste ano tivemos cinco millóns de turistas, sendo a única comunidade autónoma de toda España que este verán recuperou os niveis pre-pandemia.

No ámbito estritamente económico, a evolución é incontestable. Dende 2008 Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis aumentou o PIB per cápita e somos a autonomía con menor endebedamento, con menor aumento do volume de débeda dende esa data.

O ano pasado lideramos o esforzo investidor en toda España e fomos a comunidade máis áxil no pago a provedores.

Poderíamos seguir co desenvolvemento da educación e as universidades, coa recuperación da autoestima cultural e lingüística, co desenvolvemento extraordinario do sector primario, da innovación industrial ou do benestar social.

Os avances son innumerables, señorías, e permítanme unha aclaración: isto non significa que nos deamos por satisfeitos. Non señor. Recoñecemos que queda moitísimo por facer e que os retos que temos por diante como sociedade son moitos e moi complexos. Pero, dende logo, dende o Grupo Popular, pensamos que é de recibo recoñecer todo o que logramos ata hoxe e agradecérllelo ás xeracións que nos precederon e que o fixeron posible. *(Aplausos.)*

Partindo desta realidade histórica indiscutible, ¿como pode haber partidos en España que reneguen do legado da Transición e que ataquen a Constitución española? ¿Como pode haber alguén que se opoña a estes corenta anos da nosa historia? ¿Como pode alguén opoñerse aos mellores corenta anos da historia do noso país? A resposta é moi sinxela: hai partidos que non queren construír unha sociedade mellor sobre os cimentos dos nosos logros colectivos, senón que o que pretenden é derrubalo todo para tratar de gobernar as ruínas.

Os partidos radicais, os partidos independentistas queren acabar cos grandes consensos que construíron este país, debullar unha sociedade enfrontada, unha sociedade empobrecida. Queren facernos crer que todo vai mal e que só eles teñen esa fórmula milagrosa para que



todo vaia ben. Queren que todo se afunda para poder dicir que tiñan razón, para beneficiarse nas urnas da súa propia profecía autocumprida.

Esa visión destrutiva e agoireira tamén chegou a Galicia, representada por un BNG cenizo que está en contra de todo, ao que nada lle serve, que ve o lado malo absolutamente de todo, un BNG que sempre é o primeiro en criticar pero o último en arrimar o ombro e traballar por unha Galicia mellor. Vímolos durante os peores momentos da pandemia.

Un BNG que trata de disfrazarse en cada proceso electoral de partido conciliador, pero que pouco tarda en amosar a súa verdadeira faciana. Acabamos de velo, a principios do mes de novembro: o BNG poñíase no seu congreso a enésima careta da moderación; renunciámos ao independentismo —dicía Ana Pontón—; agora somos o BNG do «si» —titularon así as súas notas de prensa—. Pero a realidade impúxose e a maioría dos membros do BNG aínda ven moi lonxe o seguinte proceso electoral e, polo tanto, cren que poden amosarse como verdadeiramente son.

E por iso en apenas dous meses sucederon determinadas cuestións que eu creo que retratan o nacionalismo galego. Negáronse a condenar a violencia como ferramenta política nesta mesma cámara —foi no debate do estado da Autonomía—; manifestáronse con Bildu pedindo un País Vasco independente; festexaron o 1 de outubro, aniversario daquel referendo ilegal de independencia en Cataluña; renovaron o seu apoio á Cuba castrista, reuníndose con varios dirixentes da mesma no peor momento da represión; invitaron a impartir cátedra en Galicia o independentista Gabriel Rufián; votaron «non» sistematicamente tanto aos orzamentos da Xunta de Galicia como á práctica totalidade das iniciativas que parten deste grupo, simplemente porque parten deste grupo; propuxeron celebrar un acto cos primeiros deputados nacionalistas, —hai que recordalo— expulsados do Parlamento constituínte por negarse a acatar a Constitución e o ordenamento xurídico; e celebraron con Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña un acto en contra da Constitución o mesmo 6 de decembro, en contra da legalidade e do marco da convivencia do noso país.

¿Estas son as accións dun partido que renuncia ao independentismo, ao rupturismo? Nós cremos que, lamentablemente, non.

E, como colofón a todos estes feitos, tivemos que escoitar hai pouco as palabras do seu único deputado en Madrid, o señor Néstor Rego, que no debate dos orzamentos xerais do Estado dicía: Galicia será, máis pronto que tarde, unha república libre e soberana. ¿Está esta cámara de acordo con esas declaracións do señor Néstor Rego? Iso é o que nos preguntamos nesta iniciativa que hoxe plantexamos.

Nós cremos que o único, o mínimo que se lle pode exixir a un partido político é honestidade. Dentro do respecto á lei e aos principios democráticos, todas as ideas son aceptables, ¡faltaría máis! O que non é aceptable é a mentira, o que non é aceptable é o engano, o que non é aceptable é tratar de enganar a todos os galegos.

E por iso traemos a esta cámara unha iniciativa que entendemos que deba ser aceptada con normalidade por todos os grupos; unha iniciativa na que celebramos o aniversario do





Parlamento de Galicia, aplaudimos a Constitución e o Estatuto de autonomía, que permitiron estes corenta anos de autogoberno e desenvolvemento; unha iniciativa tan radical que vou pasar e lela, porque di así: «O Parlamento de Galicia manifesta, ao cumprirse o corenta aniversario da Constitución e do seu primeiro Parlamento democrático...»

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...o seu compromiso e apoio á vixente Constitución española e ao Estatuto de autonomía de Galicia e, polo tanto, o seu rexeitamento a calquera iniciativa que promova a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España, xa que con iso se pon en risco...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...o marco de convivencia que todos os españois nos demos e que garante o autogoberno de Galicia.»

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** É así de sinxela e de razoable a nosa iniciativa.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado. Moitas grazas, acabouse o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, non me estraña e podo entender que calquera queira independizarse de vostede e do resto dos integrantes da sección Vox do Partido Popular de Galicia, porque, no mellor dos casos, veñen vostedes aquí falsificar a realidade e, no peor, buscar bronca. *(Aplausos.)*

Hoxe exerceu vostede as dúas modalidades, é dicir, falsificou a realidade, falándonos dun retablo de marabillas que sería supostamente hoxe Galicia, e tamén veu manifestamente buscar bronca.

Por outra banda, permítame que manifieste a nosa sorpresa polo feito de que se traía hoxe a esta cámara polo Partido Popular unha PNL que é idéntica, idéntica, á resolución que se aprobou no debate do estado da Autonomía do mes de outubro. ¿Acaso cren vostedes que o tema da defensa do Estatuto e o desacordo coa independencia é algo que deba reproducirse nesta cámara cada dous meses? ¿Acaso non se senten vinculados pola resolución que im-



pulsaron vostedes mesmos e que, por certo, transaccionamos con vostedes hai menos de setenta días? Porque se se consideran vostedes vinculados por esa resolución, o que plantean hoxe é completamente innecesario e, por tanto, o que queren vostedes, ademais de buscar bronca e falsificar a realidade, é facernos perder o tempo no mellor dos casos, ou tolearnos ou tomarlle o pelo á cidadanía, máis probablemente.

Porque parece que en plena sexta onda da pandemia prefiren vostedes falar da independencia, que é un tema no que se senten francamente a gusto, que dos problemas reais de Galicia, entre, os que desde logo, non está hoxe un plantexamento de independencia, que non sería avalado máis que por unha mínima parte da nosa poboación.

Para falar de cousas alleas ás preocupacións da nosa cidadanía, xa falamos aquí non hai moito tempo dun hipotético dereito do Bierzo a se poder converter nunha provincia, da pretensión de que bercianos e bercianas decidan o seu encaixe territorial a través dunha consulta popular.

Eu xa dixen nunha ocasión que considero que o dereito a decidir non existe e, desde logo, en ningún lugar existe, e, na miña opinión, non debería nin chegar a existir nunca, porque sería fonte de conflito eterno. E a política está xustamente para o contrario, para evitar conflitos e resolver os xa existentes, non para crear novos conflitos, que é tamén o que lle gusta a vostede.

Porque precisamente iso é o que está facendo o PP traendo hoxe a esta cámara esta proposta: enredar, buscar o conflito polo conflito, volvendo manifestar o que xa se manifestou hai menos —insisto— de setenta días nesta cámara. E, ademais de buscar o conflito e a bronca —que é a principal actitude e especialidade da sección Vox do PP de Galicia, da que vostede forma parte—, pois de paso buscan vostedes desviar a atención, espaxar tinta de calamar.

Desviar a atención nun momento en que vemos como a incidencia do virus se dispara —e non os culpo a vostedes, evidentemente, pero ese é o problema real hoxe en Galicia—, nun momento en que hai dúbidas económicas, problemas de inflación que non había desde hai décadas no mundo, non en España. Señor Tellado, consulte un pouquiño os suplementos económicos se é que lle interesa algo a realidade a vostede, non a súa falsificación. Por certo, o prezo da luz, efectivamente —do que falan sempre vostedes—, está disparado en toda Europa, tamén en España. Ben, eses son os problemas reais. A sexta onda, señor Tellado.

Estamos aquí falando da independencia, do autogoberno e do retablo de marabillas que nos pintou vostede. Autogoberno que, por certo, vostedes non exercen, porque corenta anos despois desa esforzada conquista da Autonomía que relatou o pai da nosa deputada Noa Díaz nun libro do mesmo título, vostedes renuncian a parcelas enteiras do autogoberno.

¿Para que falan tanto de autogoberno se non exercen as competencias e obrigas que teñen en materia de política industrial, que non existe en Galicia? ¿Para que falan tanto de autogoberno se non exercen as súas competencias e obrigas en política de vivenda, inexistente por completo en Galicia? ¿Para que falan tanto de autogoberno se non exercen as súas competencias e obrigas en políticas medioambientais, nas que estamos á cola do Estado? ¿Para



que falan tanto de autogoberno se non exercen as súas competencias e obrigas en materia de política social, na que estamos tamén á cola do Estado?

Ben, son vostedes absolutamente hipoactivos en materia de exercicio de autogoberno pero absolutamente hiperactivos en materia de busca de inimigos exteriores, como o Goberno central, que parece ser o causante de todos os problemas de Galicia desde hai tres anos. Por suposto, para iso hai que falsificar e perverter a realidade, omitindo que, por exemplo, este luns inaugurouse o AVE a Galicia, pero o señor Feijóo e a señora Vázquez dicían hai un ano que non ía chegar este ano a Galicia; os feitos desmentiron as súas mentiras. Agora dirán que non lles gusta a cor dos asentos seguramente, pero mentres que o Goberno progresista non perdeu nin un minuto nas obras do AVE, os gobernos de Rajoy paralizaron as obras do AVE con atrasos de entre dous e tres anos en varios tramos, e irregularidades de todo tipo.

Non o digo eu, está escrito nun demoledor informe do Tribunal de Contas que está aquí neste titular de *La Voz de Galicia* —que non é, como sabemos, un periódico bolivariano— (*O señor Arangüena Fernández mostra un documento.*) e que os deixa a vostedes á altura do betume. E mentres vostedes falan de aldraxes e agravios, o Goberno progresista saca a adiante a maior redución das peaxes da nosa historia, despois de que no ano 2000 o señor Aznar —non ningún outro que o señor Aznar, o Goberno de Aznar— prorrogase a concesión da AP-9 vinte e cinco anos, un cuarto de século, cousa que non pasou en ningunha outra comunidade autónoma e que agora a Unión Europea di que puido ser ilegal; unha ampliación na que vostedes aplaudían coas orellas por parte do Goberno do que era alto cargo o señor Feijóo.

Miren, o AVE a Galicia vai contribuír moito máis a mitigar calquera delirio independentista que esta iniciativa, porque vai contribuír a superar aquilo que dicía un deputado da Segunda República, que afirmaba que Galicia tiña unha xeografía separatista; cousa que afortunadamente vai quedando atrás grazas ao esforzo de solidariedade que fai o Estado. Porque, como dicía un titular de prensa estes días —aquí está ese titular (*O señor Arangüena Fernández mostra un documento.*)—, esta vez non somos os últimos, senón que hai sete comunidades autónomas ás que aínda non chegou o AVE. Vostede di que non coa cabeza; ben, dígallo a *La Voz de Galicia*, que —insisto— non é un periódico bolivariano.

Nós somos federalistas, porque entendemos que o federalismo é unha técnica e unha fórmula para resolver conflitos e para cooperar en troques de dividir. Xa dixemos nesta cámara anteriormente que o modelo autonómico oscila entre a Escila do centralismo e a Caribdis do independentismo. Nese sentido, nós apostamos por avanzar no modelo autonómico, o modelo que reivindicamos, á vez que cremos obviamente na súa perfectibilidade, porque calquera sistema é susceptible de ser perfeccionado e mellorado, e o federalismo non é algo estático senón dinámico.

Nós cremos no federalismo e cremos que non ten por que haber problemas porque se avance, por certo, na transferencia de competencias, como levamos moito tempo defendendo nesta cámara, na que xa presentamos hai un ano unha proposición non de lei para que a Xunta reclame trinta competencias, unha aposta entendemos que ambiciosa, por certo, no tempo de Goberno do señor Feijóo, despois de doce anos de gobernos nos que non houbo unha soa transferencia nova para Galicia.



Aproveitamos para facer aquí, unha vez máis, unha defensa radical dunha idea moderada como é o Estado das autonomías, por moito que aos defensores do radicalismo inmoderado esa radicalidade moi moderada lles pareza que non está á altura dos seus soños e aos defensores do inmovilismo lles pareza demasiado radical.

Insisto: despois de doce anos de gobernos de Feijóo nos que non houbo unha soa transferencia nova para Galicia, o PSdeG o que propón é avanzar non polo camiño do delirio independentista senón pola vía da reforma, do avance continuo, da adaptación dun Estatuto que data de 1981 e reflicte un mundo que cambiou certamente moito.

E tamén defendemos o exercicio real do autogoberno, non o exercicio permanente de escapismo no que vostedes viven instalados, que consiste en eludir sistematicamente as súas competencias e responsabilidades.

En todo caso, falando de independencia e de separatismo, pois non temos inconveniente en dicir que o dereito a decidir é un invento para non falar da verdadeira teima dos grupos separatistas do noso país, que é o dereito á autodeterminación, que manifestamente só se aplica para casos de dominación colonial ou equivalentes, segundo as resolucións e a filosofía das resolucións das Nacións Unidas.

Porque —para ir concluíndo—, de xeito simplificado, teño que dicir que en política se pode estar para tender pontes ou para dinamitalas. Dito doutra forma, pódese estar para sumar ou para restar e dividir, consciente ou inconscientemente, porque moitas das desfeitas que ocorren no mundo teñen máis que ver coa inconsciencia, coa falla de coñecemento e de axeitada ponderación das consecuencias dos actos propios que coa maldade intrínseca da humanidade. Os grandes políticos foron capaces de sumar, algúns incluso de multiplicar, pero sempre sempre sempre foron capaces de tender pontes entre o pasado e o presente, entre o presente e o futuro, entre paisaxe e paisanaxe, xentes que pensaban diferente, xentes que naceran en sitios distintos ou que tiñan distintas cores da pel. A favor diso estamos nós, non dos muros senón das pontes.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Arangüena.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Non veu falar de autogoberno, veu falar do Bloque, nun ton moi serio; a min había momentos que me convidaba a iniciativa quizais a un pouco de música dramática. Porque, como todas as súas señorías poderán comprender, está Galiza paralizada completamente, non agardando



polo número do Gordo, senón esperando o minuto e resultado deste debate, desta votación. Están as rotativas, as compañeiras e compañeiros dos medios de comunicación agardando a ver como titulamos mañá pola mañá as primeiras páxinas dos xornais; a web, os servizos tecnolóxicos, a web do Parlamento tamén colapsada, pendente —insisto— do minuto e resultado da votación aquí no pazo do Hórreo.

Dicíase nos ademais que negabamos algo, que negabamos o que somos, que ocultamos algo, nunha sorte de contubernio ocultacionista. E eu, escoitando o señor Tellado, lembrábame das compañeiras —sobre todo compañeiros— do BNG que fundaban naquela asemblea de Riazor —lembrarán— en 1982 o propio Bloque. E supoño que aqueles señores tan serios tan serios, propios da época, estarían dicindo: a ver, compañeiros, ¿como imos ocultarlle ao pobo galego o que somos? E ao fondo da sala habería alguén —seguramente de Lugo— (*Aplausos.*) dicindo: imos poñelo no nome. Un plan sen fisuras para ocultar o que é calquera de nós. (*Aplausos.*)

Porque eu quero lembrarlles a persoas despistadas da bancada dereita, extraterrestres que aterrasen procedentes de Marte de onte, que BNG significa —atentas— Bloque Nacionalista —reteñamos ben este concepto; se non, o seguinte non se entende— (*Aplausos.*), nacionalistas galegas. (*Aplausos.*) Non se podía saber, ¡eh!

E eu que creo que a comprensión lectora —é dicir, saber ler e entender o que se le— hai que traela da casa —aquí non se reparte—, pero que no BNG somos —sábeno ben— incombustibles, incansables, temos máis moral que *el Alcoyano*, temos e cumprimos ademais unha misión de servizo público e non damos a ninguén por perdido —tampouco a vostede, señor Tellado—, (*Risos.*) (*Aplausos.*) eu tráiolles hoxe nacionalismo galego para *dummys*, versión plurilingüe, (*Risos.*) pero plurilingüe de verdade, ¡eh!, non este rolo así cutre *del AliExpress de hablamos castellano, hablamos español y también a veces intentamos hablar inglés*. Non, non, bilingüismo, plurilingüismo do de verdade: falamos galego, falamos castelán, falamos inglés, portugués... ¡vamos!, se nos poñemos, até alemán, se fai falta.

Entón, imos ao lío, *jattention, please!, lesson one*, nacionalismo galego para *dummys*. Bloque Nacionalista —por favor, reteñamos o concepto—, Nacionalista Galego. (*Risos.*) Compañeiros, Nacionalistas, luces de neon. (*Aplausos.*) Efectivamente, somos un bloque, somos nacionalistas e somos galegas. Nacionalista, é dicir, defendemos a soberanía nacional de Galiza. E preguntaraste ti, galega-galego, que nos escoitas desde o outro lado da pantalla: ¿e iso que significa? Pois basicamente que defendemos o dereito de autodeterminación, a soberanía nacional do noso país, (*Aplausos.*) que poidas decidir por ti mesmo como galega, como galego; ti, eu, nosoutras, poder decidir libre e democraticamente o noso futuro, ¡vamos!, que como nos organizamos social, económica, territorial e politicamente, como queremos, polo tanto, as cousas de comer.

¿Como traemos isto ao mundano, *a lo del día a día*, basicamente e para entendernos, galego-galega que nos escoitas desde o outro lado da pantalla? Pois que poidas decidir se a riqueza eléctrica que xeran os teus montes e os teus ríos se pon ao servizo do interese xeral e do desenvolvemento deste país ou serve para seguir engordando o negocio das empresas eléctricas amigas do Partido Popular, (*Aplausos.*) o señor ese que abrazaba a Feijóo alí no Obradoiro, o das gafas, o señor Galán, o de Iberdrola, ¡ese mesmo!





Ou unha cousa, mira, colléndolle o concepto anacrónico, *bien así del siglo pasado*, pois ter un tren cunha vía electrificada que conecte pois —no sé— *puertos y aeropuertos* —versión pluri-lingüe—, (*Risos.*) como calquera país europeo que se queira e mereza tal nome. (*Aplausos.*) E controlar —eu que sei— as infraestruturas deste país, unha AP-9 galega e libre de peaxes, basicamente que non teñas que andar choromicándolle a un goberno que aproximadamente se sitúa como a uns quiñentos-seiscentos quilómetros de distancia da túa casa.

Por resumir —que isto é para *dummys*, basicamente—, (*Risos.*) vou volver repetilo por se acaso hai algo de retardo aquí pola bancada da dereita: (*Risos.*) ¡somos nacionalistas galegas!, (*Aplausos.*) defendemos a soberanía nacional de Galiza, desde 1982, levámolo no nome. Para máis información, [bng.gal](http://bng.gal). (*Risos.*) Non esquezan subscribirse ás nosas redes sociais e darlle á campaña para estar informadas das últimas novidades. (*Aplausos.*)

Porque miren, señorías, señoras e señores do Partido Popular, están tan obsesionados, pero tan obsesionados, señorías do Partido Popular, tanto por caricaturizar o BNG, que acaban pois resultando bastante ridículos —heilles dicir—, vostedes, un meme de si mesmos. E tamén lles digo: ¡quen os viu e quen os ve! Quedaron nisto. Eu pediríalles: quíranse algo máis, de verdade, ¡quíranse algo máis! Quedaron aquí pois nunha caricatura, que nin sequera se atreveu a traer a iniciativa que nos anunciaron a bombo e prato en rolda de prensa, (*Aplausos.*) e imos votar por enésima vez —¡joia!— o mesmo que votamos desde que eu estou aquí pois —non sei— como unhas cincuenta veces. Terán que explicar vostedes por que. Non sei, o medo é libre, non sei, o que queiran. Supoño que hai algún obxectivo táctico detrás de todo isto, que unha mente preclara ideou alí na dirección política do Partido Popular.

Eu, en nome do BNG, pediríalles algo, xa que estamos imbuídas neste espírito natalicio. Eu pediríalles: sigan por aí, (*Risos.*) non se movan medio milímetro desta estratexia, (*Aplausos.*) nin medio milímetro. Traian esta, outra..., non sei, póñanlle a máscara no Entroido, as luces de neon en Nadal, o que queiran, pero traian todas as iniciativas que poidan e queiran coma esta.

Sigan, porque igual que eu, de verdade, que creo que algún que ideou todo isto debe creerse o máis listo de todos, igual pensa que nos afecta, que nos prexudica, que nos preocupa. Máis ben ao contrario: é fantástico.

E eu tamén lles traio —*ahora que estamos así en Navidad*— un regalo, un agradecemento en nome propio do grupo parlamentario, pero —o máis importante— en nome da Executiva Nacional do BNG: grazas. Porque conseguir estar no centro do debate político, como lle corresponde á primeira forza política da oposición e alternativa de goberno que representa o BNG, sería moi difícil se non fora grazas ao seu inestimable apoio. (*Aplausos.*) E, ademais, estas iniciativas (*Aplausos.*) para o BNG son un *win win*, un gaña gaña, porque, ademais de situarnos no centro do debate político, fano nos termos nos que, ¡home!, calquera organización nacionalista quereda. Por 25 pesetas, responda outra vez: ¿de que cren que quere falar unha organización nacionalista? (*Murmurios.*) ¿De soberanía nacional? É un *win win* absolutamente para nós, centramos o debate político, (*Aplausos.*) e, ademais, facémolo no marco, en termos de *La Coz*, que máis nos interesa.





Pero tamén ten outra eventualidade, e é que demostra que están nerviosos, preocupados e un pouquiño medoñentos, moi especialmente desde que foron as eleccións o pasado ano 2020, pero, sobre todo, despois da Asemblea Nacional do BNG. E preguntaranse vostedes, señorías do Partido Popular, por que estamos preocupados. Pois porque basicamente ven que cada vez máis galegas e galegos, de todo tipo, diversas como son as galegas e os galegos, cada vez máis xente ve a alternativa que representa o BNG para este país, que somos a forza política capaz de impulsar o cambio galego e transformador que este país necesita, con soberanía, claro que si, con soberanía, con poder político, con capacidade de decisión, porque somos un pobo adulto, capaz de tomar decisións por nós mesmas, *sin tutela ni tu tía.* (Aplausos.)

E eu, para rematar, quixera invocar outra vez o espírito conmemorativo dos corenta anos desta cámara, para repetir o mesmo que dixemos daquela. Confúndese de verdade quen quere converter o Parlamento nunha cáscara baleira, quen só sabe enlamar o debate, xerar ruído descualificando o adversario, porque iso só beneficia a antipolítica, só beneficia a antipolítica. E eu creo que nas últimas eleccións moi especialmente o pobo galego, na súa inmensísima sabedoría, até onde nós sabemos, deixou fóra desta cámara esa antipolítica. Non veñan vostedes traela aquí ou o seu espírito.

Nós, entre tanto —agora si, compañeiras e compañeiros do BNG—, fronte a ese ruído, fronte a esa lameira, fronte a eses ataques, traballar con tranquilidade, con serenidade, con moitísima retranca e moitísimo humor —iso que non nolo quiten nunca—, con ideas claras, con proxecto e con propostas concretas, pero, sobre todo, coa cabeza ben alta, ¡eh! Dígovolo a vós e dígollo á xente que nos escoita do outro lado. Co orgullo de verdade e a honra que representa e supón defender sempre en toda parte os dereitos deste país e os intereses das galegas e dos galegos. (Aplausos.) Nunca, nunca deixedes de ser o que somos. Como din as Tanxugueiras —e aproveito para pedirilles o voto para Eurovisión—, vimos para quedar.

Saúde, Terra, irmás. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Señora Rodil, agradecerlle o ton, ¿non?, máis propio do Club da Comedia que dun parlamento democrático, pero, en calquera caso, é un avance, *(Murmurios.)* porque estabamos acostumados a un discurso do BNG moito máis amargado, e creo que é un avance, ¿non? (Aplausos.)

¿Sabe por que non hai milleiros de galegos preocupados polo que voten vostedes hoxe aquí? Porque afortunadamente os galegos hai un ano decidiron darlle ao Partido Popular unha maioría absoluta para que vostedes aquí non poidan decidir o futuro de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Mire, toda a súa intervención sería moi graciosa se a realidade é que vostedes cando concorren ás eleccións europeas non o fixeran con Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña. *(Murmurios.)*

*Usted habló en castellano, y a mí me parece muy bien, porque supongo que es el idioma que utiliza Ana Pontón para felicitarle las fiestas a Arnaldo Otegi. (Risos.) (Aplausos.) Oye, Arnaldo, ¡feliz Navidad, Arnaldo, feliz Navidad! Dale recuerdos al comando Barcelona.*

Esa é a graza que nos fai a todos nós a realidade do nacionalismo galego, que pacta co máis radical do nacionalismo de toda España. *Arnaldo, ¡feliz Navidad! y recuerdos al comando Barcelona.* Eses son os seus socios, cos que vostedes concorren *(Murmurios.)* nas eleccións europeas, comparten listas con eles; esa é a realidade.

Sería moi gracioso se hai uns días no Parlamento español o seu deputado, o seu representante, Néstor Rego, non gritara aquilo de que Galicia será, máis pronto que tarde, unha república independente e soberana.

Vostede veu aquí unha vez máis a disimular, a facer que non son o que verdadeiramente son. Esa é a realidade. E, polo tanto, ¡joia!, se vostedes están moi contentos, que nunca gañaron unhas eleccións en Galicia na historia democrática do noso país, nós máis, porque vostedes serían un problema auténtico para a nosa Comunidade.

Por certo, noraboa por iso de abrazar a AP-9, porque ata hai moi pouco moitos dos que están aquí falaban da navallada. Polo tanto, supoño que ese é o cambio xeracional, pero pouco máis, porque logo vostedes son o máis radical do nacionalismo. *(Murmurios.)*

Mire, cando aquí no BNG mandaba Xosé Manuel Beiras, os socios eran Convergència e Unió e o PNV; agora son Esquerra Republicana e Bildu. Representan vostedes o máis perigoso do nacionalismo rupturista do noso país. Néganse de forma reiterada a condenar o uso da violencia. Esa é a realidade. Comparten siglas, comparten candidaturas con partidos que fan homenaxes a etarras cando saen da prisión. Esa é a realidade do BNG. E, polo tanto, non sei os chistes que vén vostede contar hoxe aquí e tan graciosa que é. Para o Club da Comedia está moi ben, pero a realidade do nacionalismo é que representan vostedes un nacionalismo que non é capaz de condenar o uso da violencia no ano 2021 e un nacionalismo aliado con Bildu, señores.

Polo tanto, *¡feliz Navidad, Arnaldo!*, dálle recordos ao comando Barcelona. Ese é o BNG da señora Ana Pontón no ano 2021. *(Aplausos.)*

Señor Arangüena, vostede é que se farta de falar. Mire que eu arranquei a miña intervención moderadísimo e a verdade é que me invita a cambiar de ton. Vostede, ¿que fala da sección Vox do Partido Popular de Galicia? Aquí non hai sección Vox. O noso presidente, cando se presentou ás eleccións, dixo que nunca pactaría o Goberno galego con Vox. Creo que teño eu tanto futuro en Vox como vostede no PSdeG-PSOE. *(Murmurios.)*

¿E eu que quere que lle diga? Di que apoiar a Constitución é vir aquí buscar bronca. Non, o problema é: ¿por que vostedes non poden apoiar, sen fisuras, a Constitución? Esa é a realidade.



Señor Arangüena, entendo que vostede está nun momento no que se sente desahuciado politicamente no seu propio partido polos seus propios compañeiros, e eu entendo o ton e xustificoo nesa situación que vostedes están vivindo, e, polo tanto, eu non lle acepto as críticas que vostede fai dende o partido que preside a señora Carmela Silva.

Mire, o Estado das autonomías é un modelo federal, é un modelo federal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, é que vostede se reivindica como federalista. É que o Estado das autonomías é un modelo federal; é máis, máis descentralizado que moitos dos Estados que se din federais.

A min preocúpame moito a súa emenda, señor Arangüena, preocúpame moito. Porque vostedes propoñen dous cambios na súa emenda. O primeiro é cambiar «rexeitamento» por «non compartimos». Vostedes non son capaces de plantarlle cara ao independentismo que representa o BNG e que representa Bildu e Esquerra Republicana de Cataluña. ¿Por que non son capaces? Porque viven del, porque son eses independentistas que queren romper España os que os apoian para seguir no Goberno. E, polo tanto, vostedes non poden dicir que rexeitan, poden dicir que *no compartimos*. ¡Oia!, ¡vaia tibieza, vaia forma de actuar! ¿Onde está o Partido Socialista?

Segunda cuestión que quere cambiar. Vergonzoso. Propoñen vostedes cambiar «todos os españois» por «a cidadanía de todo o Estado». Pero ¿que pasa? ¿Dende o Partido Socialista non se pode dicir a palabra «España» nin «españois»? Pero ¿de que se avergonzan? ¿Onde está o Partido Socialista Obrero Español?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Señor Arangüena, vostedes romperon a idea de España que tiñan os socialistas iniciais. (*Murmurios.*) Vostedes gobernan en España...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...grazas a independentistas que non condenan o uso da violencia, grazas a independentistas que os sábados pola tarde lles fan homenaxes a etarras cando saen da prisión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Ese é, lamentablemente,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...o contexto no que se atopa o Partido Socialista Obrero Español, aquí en Galicia o PSdeG-PSOE...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...que preside a honorable Carmela Silva.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Non acepta a emenda —entendín—, non? Señor Tellado, ¿non a acepta?

*(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pasamos á seguinte proposición.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 25777).)*

*Emenda de modificación:*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o segundo parágrafo polo seguinte texto:*

*“-Impulsar xunto co resto das comunidades autónomas negociacións para planificar e executar os fondos achegados polo Estado no marco dos fondos europeos, dirixidos ás persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid-19.”)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** *(O señor Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)*... concelleira e portavoz municipal do BNG entre os anos 1995 e 2012 na Pobra do Caramiñal, deputada provincial e portavoz do grupo provincial do 2007 ao 2011, deputada pola Coruña no Congreso dos Deputados de Madrid desde o ano 2012 ao 2016, deputada na XI lexislatura. Levas toda a vida defendendo Galiza e os galegos e galegas na provincia, no concello e no Estado, e seguiralo a facer —estou seguro— no Goberno galego que presidirá a primeira muller, Ana Pontón. *(Aplausos.)* Outros carecen do teu currículo e, polo que se ve nos últimos tempos, do teu futuro político. ¡Avante, compañeira! *(Aplausos.)*

Con esta iniciativa —e entrando xa en materia—, o que busca o Grupo Parlamentario do BNG, en primeiro lugar, é que a Xunta adopte cantas medidas sexan necesarias para que nin un só dos 140 millóns de euros que constitúen o orzamento do chamado IV Plan de rescate



da Xunta de Galiza teñan que ser devoltos á Facenda estatal e así se repartan na súa integridade entre o tecido empresarial galego, que tanto precisa deses cartos.

En segundo lugar, o que pretendemos é un pronunciamento unánime deste parlamento para que a Xunta impulse unha comisión bilateral, na que estean presentes a Xunta e o Estado, coa finalidade de planificar e executar os fondos de achega estatal que lle correspondan a Galiza no marco dos fondos europeos, dirixidos a persoas autónomas, profesionais e empresas afectadas pola covid-19.

Pero é preciso contextualizar e facer un pequeno percorrido polo acontecido dende o momento en que as administracións autonómica e estatal tiveron a ben articular liñas de axuda directa para os autónomos e pemes deste país. Tiveron que pasar nove meses dende o comezo da pandemia para que a Xunta articulase a primeira liña de axudas directas dirixidas a persoas autónomas e pemes. E non será porque o Grupo Parlamentario do BNG non as reclamase reiteradamente tanto en pleno como en comisión e a través de diferentes iniciativas.

E fixémoslo porque sabemos escoitar, e nas diferentes reunións mantidas coas asociacións de persoas autónomas e pemes transmitíannos que o que realmente os afogaba era unha situación de falla de liquidez derivada de restricións que na maior parte dos casos non lles permitían levar a cabo a súa actividade profesional e, polo tanto, facturar, mentres seguían acumulándose os gastos correntes que se devengaban igual, traballasen ou non.

Esas axudas, que podían insuflar aire a milleiros de negocios galegos nunha situación crítica, reclamámolas tamén do Estado español e tamén da Xunta de Galiza, que é quen ten competencias e capacidade orzamentaria para articulalas. Pero durante nove meses nin o Estado nin a Xunta de Galiza adoptaron medidas reais e efectivas para socorrer as pequenas e medianas empresas e as persoas autónomas do noso país. E iso é algo que me resulta de todo incomprendible. Levo neste parlamento pouco máis dun ano, pero podo garantirles que todas e cada unha das iniciativas que presentamos neste ámbito dende o grupo parlamentario, dende o BNG, buscaban que o Goberno galego adoptase medidas efectivas para aliviar a gravísima situación das empresas e autónomos que constitúen o tecido empresarial galego.

E facíámolo despois de reunirnos en múltiples ocasións cos representantes do sector, con todos. Porque reunirse está ben, pero se, ademais de reunirse, se escoita a quen sofre e coñece de primeira man as problemáticas concretas de cada sector, as medidas que se poidan adoptar serán sempre moito máis efectivas.

Porque durante eses nove meses do ano 2020 a Xunta do señor Feijóo e o Goberno central non fixeron outra cousa máis que intentar escusar unha inacción vergonzosa, atribuíndo ao outro a responsabilidade de socorrer o sector. A Xunta, que, como as restricións que afectaban a actividade foran impostas polo Estado, era o Estado o que debía abrir liñas de axuda, e o Estado, que lles correspondía aos gobernos autonómicos articular esas axudas. E, mentres, a casa sen barrer.

Mentres a Xunta e o Estado xogaban este vergonzoso partido de tenis político, desapareceron por falta de axudas o 1,6 % das empresas que constitúen o tecido empresarial galego. O 1,6 %,





claro, pero é que, se o pasamos a números, son 3.156 empresas, segundo o balance do Directorio central de empresas (o Dirce), publicado polo Instituto Nacional de Estatística; 3.156 familias que se viron privadas dos seus negocios. Datos demoledores que, dada a actuación dunha e doutra administración, demostran que ningunha das dúas estivo á altura das circunstancias e do que lles exixían, lexitimamente, as pemes e as persoas autónomas galegas.

E non nos veñan con que a Xunta foi a primeira en articular axudas directas e pamplinas destas que vostedes din moitas veces, porque as liñas e programas articulados de marzo a novembro para o tecido produtivo deste país tiveron moito de propagandístico e moi pouco de efectivo. O plan de reactivación para a hostalaría e a cultura é xa de abril, xa está parece que no Plistoceno, foi propaganda dura e pura, que deixou fóra moitísimos dos seus destinatarios e que contiña medidas, en forma de créditos brandos, que non tiveron unha grande aceptación precisamente polo medo dos seus destinatarios a endebedarse ante o incerto da situación xerada pola pandemia. Ademais, este plan non contiña nin unha soa liña de axudas directas, como demandaba o sector.

Outras, con máis aceptación, pero que tampouco eran axudas directas, como as axudas á dixitalización, exixían un desembolso previo para o proxecto e execución do mesmo, e o peor de todo isto é que os que as solicitaron tiveron que adiantar o 100 % do desembolso e tiveron que esperar máis de dez meses para que o Igape aboase o 50 % restante da subvención, case un ano para cobrar esa parte adiantada, o cal é inxustificable atendendo á situación de gravísima liquidez que había no sector.

Os mal chamados plans de rescate I e II, aínda que si foron máis áxiles á hora de facer chegar as axudas aos destinatarios — non hai ningún problema en recoñecelo —, constituíron parches que non compensan tantos meses acumulando gastos e perdas.

Por todo isto, dende o BNG pedimos, primeiro, que a Xunta abra liñas directas, como fixeron outras comunidades, e despois tamén pedimos con insistencia que a Xunta articulase un auténtico plan de rescate, con dotación económica suficiente, e que reclamase tamén do Goberno central a adopción de medidas fiscais de competencia estatal. Pero nada diso fixeron. O Goberno galego preferiu seguir instalado nesa posición irresponsábel de confrontación co Goberno do Estado, secundando as directrices de Génova, que en nada beneficiaban o noso país, e sen traballar por crear un clima de entendemento interadministracións que xerase canles constantes de comunicación para adoptar medidas realmente efectivas que tivesen en conta as particularidades do tecido empresarial galego e así acadar o realmente importante, que as achegas económicas que puidesen vir no Estado español no marco dos fondos europeos chegasen a quen as precisa, as pequenas e medianas empresas galegas e as persoas autónomas do noso país.

Se a Xunta tardou nove meses longuísimos en articular unha liña de axudas directas, as do Estado aínda tardaron máis. Máis dun ano despois do comezo da pandemia é cando se publica o Real decreto lei 5/2021, que prevía, efectivamente, unha liña de axudas do Estado directas pero de carácter finalista, xa que só se podían destinar a satisfacer a débeda e os pagos a provedores, acredores financeiros e non financeiros e custos fixos, sempre e cando se estivesen devengando durante a pandemia, asumindo, no noso caso, a Xunta de Galiza a tramitación e a xestión de solicitudes.





En base a outro real decreto, o 6/2021, que así llo permitía, a Xunta ampliou á totalidade das actividades que se clasifican na CNAE e que estaban excluídas, en calquera caso excluindo tamén as actividades financeiras, e adoptando outras medidas para flexibilizar os requisitos. En base a isto, o Goberno galego ampliou o III Plan de rescate, cuxa convocatoria foi modificada posteriormente por unha orde do 12 de xuño do ano 2021, para corrixir eivas contidas na convocatoria inicial, referidas sobre todo a gastos subvencionábeis e a ampliar o prazo da solicitude.

Este era un plan de rescate dotado de 234 millóns de euros, que proviñan do Estado e á súa vez dos fondos europeos. III Plan de rescate que non funcionou e ficaron 134 millóns de euros sen repartir nesa convocatoria, que, de non seren executados, terán que ser reintegrados á Facenda estatal.

A Xunta anunciou con eses cartos non executados, cos 134, un IV Plan de rescate, que dende logo queda moi ben nos periódicos pero na práctica non vale para nada; un IV Plan de rescate que buscaría, segundo o Goberno galego, achegar maior axilidade na xestión, permitir o acceso a novas persoas e entidades beneficiarias e ampliar o prazo de cobertura das axudas, plan cuxo prazo de solicitude rematou o 29 de novembro.

Aínda hai que facer un balance de quen realmente puido acceder ou non a estes 134, pero, dende logo, o que está claro é que vai haber unha cantidade importante deses cartos que non van poder ser executados. Pero ¿por que? Porque precisamente ese plan, que naceu no Estado, non contemplaba as particularidades do tecido empresarial galego. Somos distintos, temos particularidades propias, un tecido empresarial integrado maiormente por empresas que non teñen empregados ou teñen entre un e dous en plantilla. E o que está claro é que a capacidade do Goberno galego até o de agora para negociar co Estado e acadar unhas bases de concorrencia acordes coa realidade do tecido empresarial galego é cero patatero.

Mal o Estado, que fixou requisitos para acceder aos fondos que non teñen en conta a nosa realidade empresarial; non vale o café para todos. E mal a Xunta, que non é quen de buscar canles de interlocución co Goberno do Estado para garantir que os fondos europeos que poidan chegar a Galiza a través do Estado beneficien a quen deben, as pemes e as persoas autónomas do noso país.

Por iso, presentamos esta iniciativa que o que busca é no inmediato adoptar, previo diálogo cos representantes das persoas autónomas e profesionais e empresas afectadas polo covid-19, as medidas que sexan necesarias para acadar que a totalidade dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate queden en Galiza. Non está a situación para que Galiza perda nin un euro destes fondos, por un enfrontamento estéril e vergonzoso entre o Goberno central e o Goberno galego. E, se ocorre, será unha responsabilidade compartida entre o PP e o PSOE.

En segundo lugar, e cara ao futuro, impulsar unha comisión bilateral de Xunta de Galiza-Estado coa finalidade de planificar e executar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...—xa acabo agora, presidente— os fondos de achega estatal que lle corresponderán a Galiza no marco dos fondos europeos, precisamente para que se teña en



conta a realidade socioeconómica do noso país á hora de regular a chegada dos fondos europeos, e así evitaremos situacións tan bochornosas como a que motiva esta iniciativa.

E si, falamos dunha comisión bilateral...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...porque Galiza é un país cunhas características e unha idiosincrasia diferente á do resto do Estado español. O tecido empresarial galego é un reflexo desa realidade. Non vale o café para todo o Estado; somos nación, somos país.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Teñan, señoras e señores do PP, a valentía de asumilo e así defender de verdade os intereses das persoas autónomas e as pemes galegas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez. Ten despois outro turno para poder continuar.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señores e señoras deputados.

A Organización Mundial da Saúde declarou o 11 de marzo de 2020 a pandemia mundial provocada pola covid-19. A rapidez dos acontecementos requiriu que, a escala nacional e internacional, os gobernos tiveran que adoptar unha serie de medidas para protexer a saúde das persoas, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública.

Entre estas medidas que se tiveron que tomar en case todos os países estiveron, inicialmente, o confinamento total, no que se paralizou practicamente a totalidade da actividade económica, agás aquelas consideradas esenciais; e, a partir dese momento, con maior ou menor intensidade, peches parciais en determinadas actividades, reducións de aforos ou restricións á mobilidade, circunstancias que desencadearon, ao mesmo tempo que unha crise sanitaria, unha crise económica e unha crise social de dimensións descoñecidas ata o momento.

O Goberno de España, dende o mesmo momento da declaración do Estado de alarma, puxo en funcionamento un potente plan de choque de medidas económicas e laborais, inicialmente estimado en máis de 200.000 millóns de euros, para protexer as empresas, protexer as persoas traballadoras autónomas —que, por primeira vez, ante unha crise, teñen cobertura do Goberno de España ante a paralización da súa actividade ou pola diminución dos seus ingresos—, para protexer os traballadores e as traballadoras a través dos ERTE, para



evitar a destrución masiva de empregos, a implantación do teletraballo, o permiso retribuído recuperable, a mellora de protección dos fixos discontinuos e das persoas traballadoras con contrato temporal ou a implementación de medidas para as empregadas do fogar, e tamén para protexer as persoas máis vulnerables, mediante a aprobación do ingreso mínimo vital e o incremento do salario mínimo interprofesional.

O apoio económico do Goberno de Pedro Sánchez a Galicia para paliar os efectos da pandemia traducíuse nunha serie de achegas económicas que foron transferidas ás comunidades autónomas e que no caso de Galicia están, entre outras, 735 millóns de euros do Fondo covid para atender aos efectos da pandemia na educación e na sanidade e para compensación da mingua de ingresos nas arcas municipais; 272 millóns dos fondos Feder que o Estado negociou coa Unión Europea para que se puideran destinar a gastos sanitarios extraordinarios, 353 millóns de euros dos fondos React-EU correspondentes a 2021, 17 millóns de euros do Fondo social extraordinario para minimizar o impacto social da pandemia, 828 millóns de euros do Fondo extraordinario aprobado en xullo deste ano no Consello de Política Fiscal e Financeira e 234,5 millóns de euros para conceder axudas directas a autónomos e empresas afectados pola crise derivada da covid-19. Recursos que forman parte dun paquete de axudas europeo máis amplo e que deberan destinarse a reforzar a educación, a sanidade e os servizos sociais, pero tamén para apoiar as pemes e os autónomos.

Durante estes vinte e un meses varias actividades foron as máis prexudicadas por afectalas directamente as medidas, absolutamente necesarias, que se tiñan que aplicar para poder evitar a propagación do virus, por exemplo o comercio, o turismo, a hostalaría, o ocio e a cultura, e afectando fundamentalmente as persoas traballadoras autónomas, as pemes e as micropemes.

E nesta última vaga que estamos a vivir estamos vendo que co incremento da incidencia diaria se anulan xantares, ceas, aloxamentos ou participación noutras actividades. E vemos como na prensa de hoxe se di: a facturación da hostalaría baixou en case 2.000 millóns de euros en Galicia dende o inicio da pandemia, ou hai uns días dicíase que na hostalaría pecharon 777 empresas.

Pois ben, ante esta situación, inicialmente o Goberno do Estado despregou diferentes paquetes de medidas, proporcionándolles liquidez, a través de créditos con aval público, moratorias nas súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións; accións para reducir os seus custos fixos e variables, mediante axudas directas para o pagamento de salarios e as cotizacións sociais dos seus traballadores; diversas medidas de alivio para o pagamento dos alugueiros, proporcionándolles ingresos mediante unha prestación extraordinaria para as persoas traballadoras autónomas; e transferencias de recursos ás comunidades autónomas para que estas puidesen proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu territorio.

Xa que logo, ante a realidade e a necesidade de que estas empresas e traballadores autónomos recibisen axudas directas, o 13 de marzo deste ano o Goberno de Pedro Sánchez publicou o Real decreto lei 5/2021, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial, en resposta á pandemia da covid-19, que prevé unha liña de axudas directas e finalistas na que os



beneficiarios son persoas traballadoras autónomas e empresas cunha caída de volume de operacións mínimo dun 30 % en 2020 respecto a 2019 e cuxa actividade estivese incluída nalgún dos códigos de clasificación nacional de actividades económicas previstos no anexo 1 do propio real decreto, e podendo destinarse a satisfacer débedas e os pagos a provedores, acredores financeiros e non financeiros e custos fixos, sempre e cando se devengasen entre o 1 de marzo e o 31 de maio de 2021 e se orixinasen con contratos anteriores ao 12 de marzo de 2021, e asumindo as propias comunidades autónomas a tramitación e a xestión destes fondos.

O dito real decreto prevé que se efectúen as correspondentes transferencias a cada ente territorial con cargo a dous créditos extraordinarios: un, de 5.000 millóns de euros, destinados ás comunidades autónomas e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla; e outro, de 2.000 millóns euros, destinados única e exclusivamente para Baleares e Canarias, posto que son as que teñen maior dependencia do turismo.

Posteriormente, o Estado, a través do Real decreto 6/2021, modificou o real decreto anterior, habilitando as comunidades autónomas para que puidesen conceder axudas a outras persoas traballadoras autónomas profesionais e empresas particularmente afectadas no seu ámbito territorial e distintas do anexo 1 do dito real decreto lei. E, posteriormente, nunha orde do 25 de marzo, concretan os aspectos para a distribución definitiva deses 5.000 millóns de euros entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, correspondéndolle a Galicia 234,5 millóns de euros para axudas directas e pemes e autónomos; fondo que, ademais, foi transferido na súa totalidade polo Goberno do Estado á Xunta de Galicia.

Pois ben, con esta base legal, a Xunta de Galicia publicou a Orde, do 9 de xullo de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras do III Plan de rescate das persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise da covid, mediante axudas directas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado, co prazo de presentación dun mes, dende o 14 de xuño ao 14 de xullo, orde que tivo que ser modificada, por unha banda, para incluír actividades que non aparecían no anexo do real decreto lei ao que facía referencia e, por outra banda, para ampliar ese prazo de presentación, acadando ata o 30 de setembro de 2021.

Nós carecemos dos datos de resolución e concesión destas achegas do III Plan, pero entendemos que o resultado tivo que ser moi cativo, posto que a Xunta de Galicia publica posteriormente, o 28 de outubro, unha nova orde na que volven establecer o IV Plan de rescate ás persoas traballadoras autónomas, profesionais e empresas particularmente afectadas pola crise, e cun orzamento de 134,5 millóns de euros, é dicir, máis do 57 % do total do fondo recibido, e amplían o prazo de presentación de solicitudes ata o 29 de novembro de 2021, e que ademais pretendían con esta ser máis áxiles.

Pois ben, a piques de rematar o ano, a Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos denunciou que as comunidades autónomas teñen que devolver unha parte moi importante destes fondos que non foron executados, sendo no caso galego a cantidade de case 140 millóns de euros, e, como dicía antes, máis do 57 % do total do fondo.

Ante a evidente falla de execución destes fondos por parte dalgunhas comunidades, entre as que se encontra Galicia, ante esta realidade, e co gallo de que non se perdan estes fondos



e cheguen á maioría dos beneficiarios, pois o Goberno do Estado tamén volveu sacar un novo real decreto que modifica o inicial, prorrogando a entrega...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...dos fondos non executados ata o 30 de xuño de 2022.

Polo tanto, nós entendemos que, aínda que ás veces é verdade que a situación é nova, a situación require de moitas cousas sobre as que non se tiña moita experiencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...pero cremos que o Goberno do Estado estivo para apoiar en todo momento tanto as empresas como as persoas traballadoras.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** E nese momento debe ser a Xunta de Galicia a que axilice e a que concrete como vai distribuír estes fondos para que en Galicia non se perda.... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo, señora Rumbo.

Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Rodríguez Rumbo, voceira do PSdeG-PSOE, partido que preside a honorable señora Carmela Silva, mire, basta acudir á hemeroteca dos últimos meses para comprobar como, de forma xeneralizada, dende moitísimas asociacións profesionais de autónomos de toda España teñen criticado, en primeiro lugar, que o Goberno de España non se involucrou na posta en marcha de axudas e que o Goberno de España chegou tarde e ademais chegou mal.

E, polo tanto, saben os autónomos de todo o país —cando digo país, digo España, señora Rodil— que, se alguén dispuxo axudas para o colectivo, foron os gobernos autonómicos, non digo nin sequera a Xunta, todos os gobernos autonómicos, e quen nunca estivo foi o Goberno de España, e chegou tarde, e cando chegou, ademais, establecendo os requisitos de imposible cumprimento por parte dos autónomos. E iso é o que explica todo o que ten acontecido.





En calquera caso, señora Rodríguez Rumbo, iso sabémolo vostede e mais eu, sábeo tamén o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, pero non se preocupe: o voceiro do BNG non a vai criticar, non vai criticar o PSOE, porque pertencen ao grupo de pandeireteiros da señora Ana Pontón. Eles veñen aquí facerlle os coros ao Partido Socialista e son capaces de vir aquí criticar a Xunta do que non fai o Goberno de España; fano todos os días. Polo tanto, vostede tranquila, desconecte do debate, porque isto non vai contra o Goberno de España. (*Aplausos.*) Aínda que a responsabilidade sexa do Goberno de España, non se preocupe: o BNG non vai criticar o Goberno de España, veñen aquí facerlles os coros. Para iso gobernan nas deputacións, para iso teñen, por exemplo en Lugo, máis asesores que alcaldes en toda a provincia. Ese é o BNG da señora Ana Pontón, un grupo de pandeireteiros.

Mire, dende o inicio da pandemia, a Xunta adoptou medidas para apoiar todos os sectores económicos máis afectados pola covid, tratando de dar resposta ás súas necesidades, necesidades urxentes, e facer fronte á falta de estabilidade e ás incertezas que ofrecía o Goberno de España en cada unha das actuacións e das non actuacións nos primeiros momentos desta pandemia.

Este foi o obxectivo do Plan de reactivación económica, 3.000 millóns de euros mobilizados dende o primeiro momento —investimento público e privado—, co que a Xunta de Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en desenvolver plans de axuda directa e facilidades financeiras aos afectados pola pandemia.

Posteriormente, a Xunta de Galicia desenvolveu os dous primeiros plans de rescate, plenamente cubertos con fondos autonómicos; a Xunta de Galicia, a primeira. 180 millóns de euros en axudas, oitenta mil solicitudes atendidas. A Xunta de Galicia, a primeira, señor Pérez López, a primeira.

Unha das principais claves do seu éxito, do éxito deses dous primeiros plans, foi a flexibilidade dos requisitos que exixía a Xunta de Galicia, o que permitiu que chegara a moitos máis afectados pola pandemia e que se executaran case na súa totalidade as axudas dispostas.

Pola súa contra, logo estivo o III Plan de rescate, plantexado con fondos do Goberno de España, que tivo que ser xestionado segundo os rixidos criterios que estableceu o Goberno de España, e, por eses motivos, o balance dese III Plan foi moi inferior a todos os anteriores asinados pola Xunta de Galicia. Nese III Plan houbo 5.912 solicitudes rexistradas, un 93 % menos que os que acudiron aos dous primeiros plans, e executáronse axudas por un importe de 57,7 millóns de euros.

Co obxecto de chegar a máis persoas beneficiarias e utilizar eses cartos, que, se non, terían que ser devoltos, o pasado 28 de outubro publicouse no DOG unha nova convocatoria de axudas aos sectores máis afectados pola covid cos fondos sobrantos dese III Plan de rescate, constituíndose o que se coñece como IV Plan de rescate.

Destinamos a este IV Plan de rescate 134 millóns de euros, que non se repartiran no III Plan pola rixidez dos requisitos impostos polo Estado. Ata o de agora levan 5.428 solicitudes presentadas, segundo os últimos datos dos que dispoñemos, a este IV Plan. E, ante a insistencia





de Galicia, dos autónomos, dos empresarios, o Goberno central realizou ata tres rectificacións do decreto inicial, ampliando o período para imputar as débedas ás que se poden destinar as axudas, que deben ter sido contraídas entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021, e establecendo que os cartos se poidan destinar a compensar custos fixos non cubertos nos que se incorreu nese período, e non só para débedas. E esa é a situación deste IV Plan.

O principal problema co que nos atopamos dende as comunidades autónomas, e polo que houbo moitas menos solicitudes nos plans financiados polo Goberno, recaía no requisito de ter débedas contraídas para poder optar a esas axudas, o que, como xa advertiu Galicia e outras comunidades autónomas, discrimina a gran maioría de persoas traballadoras autónomas, que fixeron grandes esforzos, precisamente, para non ter esas débedas.

É por cuestións como estas que dende o Goberno galego e dende este grupo que o sustenta levamos meses reclamando ao Goberno o deseño e a xestión integral desas axudas dende a Comunidade Autónoma, que é, por outra parte, o que recomenda, ademais, a Unión Europea e é, ademais, ao que se comprometeu —e non cumpriu— o Goberno de Pedro Sánchez, e permitíndonos, ademais, a liberdade para establecer máis flexibilidade neses criterios de concesión das axudas.

Polo tanto, se o III Plan non funcionou, se o III Plan deixou 130 millóns de euros sen repartir entre autónomos, é pola tozudez dun Goberno central ao que lle preocupou máis ben pouco, ou máis ben nada, a situación dos autónomos do noso país. E agora, neste IV Plan, estamos tratando de poder conceder esas axudas grazas a esa flexibilización de criterios ao que o Goberno tivo que acceder a petición de determinadas comunidades autónomas e a petición, tamén, das asociacións profesionais dos autónomos.

Mire, nós desenvolvemos moitas máis axudas a autónomos durante todo este período. Fronte a eses plans ineficientes e opacos do Goberno do Estado, a Xunta de Galicia leva traballando moito tempo en medidas para apoiar os autónomos. Durante o ano 2021 os traballadores autónomos contaron con diferentes axudas que chegan ata máis de 20 millóns de euros: o bono autónomo, con 5,5 millóns de euros para apoiar ata 3.000 euros a consolidación de dous mil profesionais; o programa para a promoción de emprego autónomo, co que se apoia o inicio de actividade, cun orzamento de 11,2 millóns de euros; os incentivos á consolidación de pequenas empresas de nova creación e as empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, 2,5 millóns de euros; ou o Bono Concilia, con axudas de ata 12.000 euros, para facilitar a conciliación por maternidade ou paternidade dos traballadores autónomos de Galicia.

Ademais, dende o Goberno galego téñense previsto medidas nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022, orzamentos para autónomos aos que, por certo, vostedes votaron en contra; fíxese se están vostedes preocupados polos autónomos que a estes orzamentos vostedes lles votaron en contra; e aí está o programa de promoción de emprego autónomo, cun investimento de 12 millóns de euros; o bono autónomo, que está previsto que se active a comezos de xaneiro, a través de 8 millóns de euros, que vai permitir apoiar con ata 3.000 euros servizos e investimentos encamiñados á mellora da competitividade dos negocios dos autónomos; ou o programa Empresa dixital, unha actuación novidosa que persegue prestar apoio á hora de abordar os cambios tecnolóxicos.



Esos son os apoios previstos polo Goberno galego para o ano 2022, apoios que vostedes votaron en contra, onte mesmo, onte mesmo. Fíxense se están vostedes preocupados polos autónomos que votaron en contra de todas as medidas contempladas nos orzamentos para o ano 2022.

Pero, señora Rodríguez Rumbo, ¿vostedes que van facer para favorecer os autónomos a partir do 1 de xaneiro? Subirlles os impostos, subirlles as cotas á Seguridade Social. Iso é o que vostedes apoian os autónomos, esa é a realidade. Pero non se preocupe, porque o BNG ven aquí culpar a Xunta dun plan mal deseñado polo Goberno de España, dun plan que a través de requisitos imposibles de cumprir para a inmensa maioría dos autónomos deixou autónomos agardando por esa axuda que era imprescindible no momento en que puxemos en marcha o III Plan. Non pasa nada. Porque o deputado do Bloque Nacionalista Galego vén aquí criticar a Xunta. Vostede estea tranquila, estea tranquila, non os van criticar a vostedes.

O III Plan non funcionou axeitadamente porque os criterios que estableceu o Goberno de España facía que fose imposible para moitísimos autónomos cumprir os requisitos. Pero non pasa nada, non se preocupe, o BNG vén aquí culpar a Xunta de Galicia do que fai mal o Goberno de España. Nada novo baixo o Sol.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Pérez López.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Presidente.

Señor Tellado, está tan obsesionado co BNG, que eu creo que non escoitou nada, nada, nada, da miña intervención. *(Aplausos.)* Eu dixen clarisimamente que se estes plans fallaban era por culpa da Xunta de Galiza, pero tamén do Estado. ¿Ou vostedes queren pasar, actuar como se non pasara nada? ¿Todo o que levan feito durante a pandemia parécelles que foi o mellor para acadar acordos ou actuacións que foran positivas para os autónomos, e para cando viñeran do Estado eses cartos? ¿De verdade que o pensa? É imposible que o pense.

Faltaba despois vostede á verdade; é dicir, falaba vostede de que foran a primeira autonomía en articular liñas de axuda directas. ¡Non é verdade! Aos tres meses da declaración do estado de alarma articularon liñas de axuda directas Andalucía, Aragón, Asturias, Baleares, Cataluña, Canarias, Cantabria, Castilla-León, Castilla-La Mancha, Ceuta, a Comunidade Valenciana, Extremadura e algunha outra. Galiza, neses tres primeiros meses, non fixo nada. *(Aplausos.)* Houbo que esperar nove meses a que a Xunta de Galiza, cando se cansou de pelexar e enfrontarse co Goberno do Estado, *(Aplausos.)* articulase unha liña de axudas directas que salvaran polo menos a situación de liquidez e o afogo no que estaba vivindo a mellor parte do tecido produtivo e empresarial galego. ¡Nove meses! Así que non pode faltar á verdade.



Iso é así, e non hai máis; é que non hai volta de folla. Outra cousa é que vostede repita outra cousa aquí unha e outra vez para que mañá sexa o que pode aparecer na prensa... Dá igual, a realidade é esa, señor Tellado. Non hai máis.

Despois, claro, é verdade, o plan que vén do Estado a través deste real decreto non contemplaba a realidade do tecido empresarial galego, pero nós si que o coñecemos, e vostedes seguro que tamén o coñecen. Son 194.657 empresas, das cales máis da metade —103.800— carecen de persoal; é dicir, son autónomas. 58.300 teñen entre 1 e 2 traballadores en plantilla, 33 empresas con plantillas entre 1.000 e 4.999 e 10 empresas con máis de 5.000. Está claro que o deseño deste plan estatal de axudas non contemplaba a realidade galega, e iso creo que o compartimos vostede e nós tamén. ¿Ou tampouco compartimos iso? *(Asentimento.)* Ben. ¿E que significa isto? Isto é unha mostra de que as solucións pensadas en clave centralista, dende Madrid e para Madrid, non valen para o noso país. Iso é unha realidade.

Falaba o señor portavoz do PP, o señor Puy, no debate de orzamentos, de que as solucións asimétricas eran necesarias para a reactivación, dependendo do tipo de empresa; e niso coincidimos: a problemáticas distintas, solucións distintas. Daquela, ¿por que a Xunta do señor Feijóo non foi capaz de acadar que dende o Goberno central se adoptasen medidas que realmente fosen efectivas para o tecido empresarial galego? Quizais porque o Goberno galego carece de capacidade de interlocución co Goberno central. ¿E cal é o motivo disto? Pois ter optado dende o comezo da pandemia por unha táctica de enfrontamento e de desgaste político do Goberno de Pedro Sánchez, pregándose así ás directrices do Partido Popular nacional de Génova e actuando dunha maneira sectaria e partidaria, en lugar de gobernar pensando no que é o mellor para os galegos e para as galegas.

A Xunta de Feijóo, por vasalaxe e tamén por sectarismo, preferiu meter o dedo no ollo do Goberno central durante meses, en lugar de buscar espazos de entendemento, que permitirían, nun momento de crise como o actual, acadar acordos beneficiosos para o noso país. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Quere vir falar aquí, señor Tellado? Señor presidente, é que... Eu creo que xa falou vostede, ¿non? Agora terá que escoitar... ¿Ou tampouco quere escoitar? ¡Xa non me escoitou antes na miña intervención! ¿Tampouco me vai escoitar agora? *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pregunto. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Pregunto. *(Aplausos.)*

¿E sabe quen paga as consecuencias de todo isto? ¿Sabe quen as paga? As persoas autónomas e as pemes do noso país. Porque o problema é que todos eses cartos, ou unha parte importante deses cartos que poden vir de fondos europeos, poden volver para a Facenda estatal, e iso si que constitúe un grave problema. E ademais de non ter esa capacidade de interlocución, que, ao final, depende de dous —é verdade—, o Goberno do señor Feijóo carece de algo vital para defender os intereses das galegas e dos galegos, que é de peso político. E para ter peso político hai primeiro que acadar respecto e sobre todo capacidade para ser escoitado e para facerse escoitar, claro. Daquela, ¿que pasa? Que para isto é necesario que naqueles foros nos que se tomen decisións que afectan o noso país esteamos presentes, que o Goberno galego estea presente para defender os intereses dos galegos e das galegas, para influír nas decisións que alí se tomen e que afectan a Galiza. Pero para ter peso político o único camiño é



afondar no autogoberno e asumir todas as competencias, e precisamente o Goberno galego do señor Feijóo e do PP non está moito polo labor de asumir competencias, nin sequera dentro do marco actual.

Polo tanto, ¿a que lle teñen medo, señores do PP?, ¿a sentarse nunha mesa e a falar co Estado de igual a igual na defensa dos intereses dos galegos e das galegas? Ao mellor, é que non lles deixan desde Génova, e iso inflúe na defensa dos intereses de Galiza. O BNG, por sorte, non está sometido ás ordes de partidos estatais... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Só nos debemos a Galiza... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...e aos intereses dos galegos e das galegas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Un pouco de calma! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A miña obrigación é protexer a quen está no uso da palabra na tribuna, como o fago con todos. Polo tanto, respecto para todo o mundo e para quen está no uso da palabra.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Respecto e educación, tamén diría eu...,

**O señor PRESIDENTE:** Si, por iso, correcto.

Entón, vaia rematando. Remate xa.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...que ás veces brilla pola súa ausencia.

**O señor PRESIDENTE:** ¿E sobre a emenda? Necesitaba saber que vai facer coa emenda do PSOE.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Si, nós ímosllo dicir agora.

Como dixer, a única maneira de gañar ese peso político é avanzar no autogoberno e, dende logo, vostedes non o van facer.

Polo tanto, o que si pedimos neste caso é que voten a favor desta iniciativa, que é unha iniciativa que o único que pide é iso, primeiro, que todos —ata o último euro deses cartos que



veñen de fondos europeos a través do Estado— queden na Galiza; e, en segundo lugar, unha mesa de diálogo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...para poder falar co Goberno.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Respecto da emenda do PSOE, non podemos aceptala por unha cuestión: porque precisamente a maneira de defender os intereses de Galiza é ter ese diálogo bilateral co Estado.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** Esa é a nosa posición. E a súa emenda...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PÉREZ LÓPEZ:** ...entraría en confrontación con... *(O señor Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez López.

Grazas.

*(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

A proposición non de lei que presenta hoxe o noso grupo parlamentario non é unha cuestión que xurda como consecuencia de que esteamos preocupados de forma única pola situación que se está a dar, senón que é unha situación que lles preocupa ás asociacións de nais e pais de alumnos desta comunidade autónoma e tamén ás organizacións sindicais representantes do profesorado, posto que se entende que é necesario modificar o calendario escolar do curso





actual, algo para o que se está a tempo, se é que existe a máis mínima vontade de resolver este problema. Un problema no que podemos admitir que non existe unha responsabilidade exclusiva da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en canto á súa orixe, pero no que si existe a responsabilidade exclusiva de non resolvelo.

Imos falar do calendario escolar, e imos falar dunha situación que preocupa a miles e miles de alumnos e alumnas, a miles e miles de nais e pais de alumnas e alumnos e tamén a uns cantos centos menos de profesores que o curso pasado, porque xa non están; pero aos que están tamén lles preocupa. (*Aplausos.*)

Efectivamente, o día 4 de xuño deste ano publicouse a Orde do 19 de maio que aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022, este no que estamos. E no seu artigo 5 establece, con respecto ás actividades lectivas, que en educación secundaria, bacharelato e formación profesional as actividades lectivas se realizarán entre os días 15 de setembro de 2021 e 22 de xuño de 2022, e tamén —e isto é importante— que terán a consideración de días lectivos os dedicados á impartición efectiva de clases e a aqueles que se dediquen á realización de probas e avaliacións finais das convocatorias ordinaria e extraordinaria.

Señorías, simplemente para que todos sexamos conscientes do que estamos a falar, dígolles que este é un calendario do mes de xuño, (*O señor Álvarez Martínez amosa un calendario cuns días sinalados en cor verde.*) e que non é un calendario para *dummies*, que é un calendario estándar —tam-pouco aspiro a que se me nomee tan sequera, e moito menos a que se me premie por algo de deseño gráfico; é unha táboa na que resaltei en cor verde cales son os días que son obxecto desta preocupación, porque é importante que o teñamos en conta—. Ese calendario, no seu artigo 10, establece, sobre as sesións de avaliación, que a avaliación ordinaria do alumnado de educación secundaria obrigatoria —non vou falar do bacharelato—, así como a avaliación final de módulos de primeiro curso de ciclos de formación profesional básica, se realizarán a partir do 6 de xuño, luns. Polo tanto —para entendernos—, o profesorado ten que ter os resultados da avaliación do seu alumno, como moi tarde, o día 3, o venres anterior —isto é de sentido común—. Bueno, di que deberán realizarse a partir do día 23 de xuño as sesións de avaliación final extraordinaria do alumnado de educación secundaria obrigatoria; o 23 de xuño é este primeiro día que está en branco porque non é día lectivo. (*O señor Álvarez Martínez sinala ese día no calendario que mostra.*) É moi relevante que o horario do profesorado establece que entre os días 6 e 22 de xuño —zona verde— o profesorado se dedicará a realizar probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titorización. Vale, ese era o escenario.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade cansouse de reclamarlle ao Estado, ao Ministerio de Educación e Formación Profesional, que establecese un marco único, porque, efectivamente, había comunidades autónomas que contemplaban que houbera avaliación extraordinaria para a ESO e outras nas que non a había. E o Ministerio, efectivamente, fixo o que tiña que facer; é dicir, ditou normativa ao respecto; normativa que non resultou ser do agrado —¡oh!, sorpresa— da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. ¿E iso por que? Porque o día 17 de novembro do ano 2021 se publicou ese real decreto ao que fago referencia na iniciativa —que vostedes coñecen— que establece que a avaliación terá lugar nunha única sesión que será ao finalizar o curso escolar; polo tanto, o día 22 de xuño —xa non volvo sacar o calendario porque é un papel estándar e acaba arrugándose e perdendo prestancia—.





É sobradamente coñecida a frontal oposición que ten a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a calquera aspecto relacionado co desenvolvemento da lexislación educativa que proveña do Ministerio de Educación e Formación Profesional; e nunha deriva, ademais, que nos parece que ten máis de sectario que de postura proactiva, buscando problemas onde non existen e magnificando calquera desencontro para impedir solucións razoables.

Señorías, eu —igual ca vostedes— teño oído neste Parlamento a un deputado do Partido Popular na anterior sesión plenaria, dentro dun debate que nada tiña que ver con educación, afirmar que, como consecuencia da LOMLOE, só aquelas persoas que poidan pagarlles unha educación privada aos seus fillos terán garantida unha educación de calidade. ¡Unha das maiores barbaridades que teño escoitado falando de educación! (*Aplausos.*) ¡Unha auténtica atrocidade! (*Aplausos.*)

E, señorías, evidentemente, é lexítimo discrepar, pero resulta perigoso facer determinadas afirmacións. A brutalidade verbal, señorías —e hoxe temos asistido, desgraciadamente, a algún exemplo máis desa brutalidade verbal—, desvirtúa sempre o debate; ese que vimos, por certo, de poñer en valor o pasado domingo no Pleno do cuadrexésimo aniversario deste Parlamento. E eu quixera pensar de verdade —máis que nada por unha cuestión de profilaxe pública— que esas afirmacións son froito do fragor do debate, porque —repito— quero pensar que non responden a unha reflexión sosegada. Peor sería se esa afirmación estivese escrita, porque sabemos que falar pode ser un acto máis ou menos reflexivo; escribir sempre é un acto reflexivo, salvo que queiramos escribir auténticas barbaridades.

O certo é que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade deixa neste momento pouco lugar a pensar que se vai corrixir esta situación, porque a web da propia consellería di que as avaliacións do terceiro trimestre se manteñen a principios de xuño e que a actividade lectiva nas aulas se estende ata o 21 de xuño —isto creo que é un erro, porque sería o 22, pero ben...—, tal e como xa estaba configurado. Di: «O período entre a terceira avaliación e o remate das clases para a posible avaliación final vaise empregar para apoio e reforzo ao conxunto do alumando, de xeito que aquel que precise adquira competencias básicas e o resto poida seguir tamén avanzando no seu conxunto, acadando así un mellor resultado». E a fame universal tamén debe ser abolida, e a paz universal debe ser un obxectivo a compartir. ¡Pois, claro! Claro que deben seguir avanzando todos e acadar un mellor resultado.

¿Cal é o problema de todo isto? O problema de todo isto é que nese período que hai entre os días 6 e 22 (*O señor Álvarez Martínez amosa novamente o calendario.*) vai haber centros nos que o profesorado faga avaliacións encubertas e outros nos que non. E iso vai quebrar esa igualdade sacrosanta que o Partido Popular defende sempre como elemento vertebrador do noso sistema educativo. E aquí, neste hemiciclo, hai, cando menos, dous docentes de secundaria que eu coñezo que saben que estou a falar de algo que é certo, de algo que se vai dar na práctica, porque que se avalíe ao final e despois haxa outra avaliación administrativa que non se sabe moi ben para que está dá pé a que se dean esas circunstancias.

O certo é que neste contexto o absolutamente razoable, como se demanda por parte de nais e pais e tamén do colectivo docente, é que a Consellería modifique o calendario. Estamos a falar dunha petición que se traslada neste Parlamento a finais do mes de decembro, de algo que se ten que aplicar a mediados e finais do mes de xuño. Polo tanto, existe tempo máis



que suficiente para que, se existe unha mínima vontade, se modifique ese calendario, se poña un pouco de sentido común e se abandone esa teima de estar en contra de toda a normativa que veña do Ministerio, gústenos ou non nos guste. Insisto, é lexítimo discrepar, o que non é lexítimo é que, por manter unha posición encontrada ás ordes que veñen do Ministerio de Educación e Formación Profesional, se lles furete aos docentes practicamente o 7 % do seu calendario lectivo, que son estes trece días nos que van estar nos centros sen saber moi ben que facer nalgúns casos, e sabendo moi ben que están a incumprir a normativa noutros. Iso si, sempre co obxectivo de beneficiar o alumnado.

Señorías, creo que pese a ser un tema aburrido —que o recoñezo—, tedioso —tamén—, pero que afecta miles e miles de alumnas e alumnos e as súas familias, deberíamos ser capaces de chegar a un acordo unánime neste Parlamento, porque é unha cuestión máis de vontade que de mantemento dunha posición numantina que nada, nada en absoluto, vai beneficiar o noso sistema educativo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Moitas grazas, presidente.

«Un dos perigos que axexan cada tres anos, coa chegada dos informes PISA, é poñer o acento na avaliación antes que na educación e medir o rendemento do estudante máis que entender as súas necesidades.»

Este fragmento, que está tirado dun ensaio que seguro que moitos dos que somos do gremio coñecemos, *Educación e poder*, do pedagogo norteamericano Michael Apple, eu creo que podería ser, dalgún xeito, a sinopse deste debate que estamos a ter. E digo isto porque reparémos no que dicía, en poñer o acento na avaliación antes que na educación. E disto vai o debate... Ben, disto e de que —agardo que non defraude, señor Rodeiro— empregemos unha vez máis a educación como ferramenta arreboladiza contra o Goberno do Estado e non atendamos as necesidades do noso sistema educativo, as necesidades obxectivas. É un problema que se creou, e que se creou, como dalgún xeito viña recoñecer xa o señor Álvarez, como aquilo da vaca mal parida, ¿non?: mal da vaca e mal do xato. Porque vexamos o que acontece e cal é a sucesión dos feitos.

4 de xullo do ano 2021. A Consellería de Educación publica a Orde do 19 de maio pola que se aproba este calendario escolar. Nesta instrución que se dá por parte da Consellería pásanse as probas extraordinarias de setembro a xuño. E, señores do Partido Popular, faise sen falar con ninguén, faise sen convocar o Consello Escolar —houbo duros reproches ao Partido Popular por adoptar esta actitude— e faise convocando unha mesa sectorial na que os propios asistentes a esa mesa sectorial o que din é: o calendario non se debate, só se aproba. Con-



secuencias desta «macarrada» á que nos ten afeitos a Consellería de Educación, nesta ocasión do señor Mira Lema: a terceira avaliación pasa a rematar o 6 de xuño e ata o 21 habería esas supostas probas de reforzo e de ampliación.

Ademais disto, quedamos cun curso no que o primeiro trimestre ten 71 días; o segundo trimestre, 62 días; e o terceiro trimestre, ata o 3 de xuño, 33 días. Isto sen o consenso das familias, sen o consenso da representación do profesorado e sen máis vontade que o rodelo do Partido Popular.

E outra das consecuencias disto que adiantaba o señor Álvarez é que abría unha especie de barra libre aos centros para que se fixese, dalgún xeito, o criterio de recuperación encuberta que se quixese. É máis, e non só nos centros. Nun mesmo centro, unha materia podería empregar ese tipo de criterio e outra non.

Pero, claro, se imos ao que nos veñen dicir as familias do que acontece a respecto desta decisión unilateral da Xunta, é que, como eles mesmos recoñecen, este é un problema creado por dous gobernos: por unha banda, o Goberno de Sánchez; por outra banda, o Goberno de Feijóo. E aquí vén o xato, a segunda pata deste problema que se vén crear e que supón a tormenta perfecta. Porque a Xunta de Galiza adianta unilateralmente os exames de setembro a xuño e o Goberno do Estado o que fai, co desenvolvemento normativo da LOMLOE, é suprimir esas probas extraordinarias. Co cal, a pregunta semellaría doada, ¿non?, se o criterio importante fose solucionar os problemas da comunidade educativa. A pregunta sería: ¿que van facer as mozas e mozos do ensino durante esas tres semanas? Porque se aprobaron o curso, non ten demasiado sentido que estean aí, con esas horas de reforzo, non se sabe moi ben para que. E se suspenderon o curso, non ten tampouco moita lóxica que estean facendo probas de reforzo, se despois non van ter a posibilidade de examinarse e xa teñen a nota dada.

Pero, claro, habendo a posibilidade de confrontar, ¿a quen lle importa o que aconteza coa educación, señores do Partido Popular? E é certo que na redacción do Real decreto de avaliación que se publicou se puido ter contemplado esta realidade, púidose facer porque afectaba varias comunidades, e o ditame do Consello do Estado sabemos que, en función das solucións que se propuxesen, podería ter sido outro.

E non é menos certo que hai unha demora evidente no que é a publicación do desenvolvemento normativo da LOMLOE por parte do Estado. Por certo, señores do Partido Popular, que está moi ben que se escandalicen, salvo que o último precedente que temos coa Lei Wert foi bastante peor no que é a xestión dos tempos.

Pero, en todo caso, é unha situación, é un problema obxectivo evidente que teñen as nosas alumnas e alumnos. ¿Que fai o Partido Popular? —e aquí imos a aquilo de que nunca desaproveites unha posibilidade de confrontación, así levemos por diante os dereitos do alumnado do noso sistema educativo—: Conferencia Sectorial de Educación. ¿Que di o conselleiro a pesar de que partiamos dunha solución que estaban demandando as ANPA e os representantes do profesorado? Non imos tocar o calendario escolar deste curso, e xuño vai ser para reforzar contidos. ¿Reforzar o que, señor Rodeiro e señores do Partido Popular? Un mes menos de curso, non se tocan os currículos e é para reforzar o alumnado que suspendeu e



que non ten outra alternativa. ¿Para reforzar o alumnado que aprobou e que vai estar na clase alí...? Calquera persoa que saiba o que é a dinámica da aula sabe que non se sabe moi ben para que.

Pero sigamos, porque a cuestión aínda vai un pouquiño a máis. Mesa sectorial do 16 de decembro, Orde de avaliación. ¡Ollo ao que di, neste caso, o señor Mira Lema, porque eu creo que é algo que está moi acaído despois do que veu dicir o señor Feijóo esta mañá da escola desideoloxizada e dunha escola *Mr. Wonderful* que nos acaba de presentar. Fíxense, Mira Lema, Mesa sectorial do 16 de decembro: «Esta orde está feita para intentar que non se aplique o Real decreto de avaliación».

A nós a verdade é que nos parece estupendo, señores do Partido Popular, que peten no peito co Estatuto, coa Constitución, pero, a ver..., isto lealdade, lealdade, pois non semella; esa que vostedes predicán. É máis, ten que ver con aquilo que estaba dicindo o señor Feijóo esta mesma mañá a respecto de que, cando nos programas electorais se trataba de combater unha lei educativa, que era case algo susceptíbel do maior do [...].

Polo tanto, aquí o mal está feito e temos dúas opcións. As dúas opcións que había eran: por unha banda, adaptar currículos. É evidente —e así o está trasladando toda a comunidade educativa— que a estas alturas do curso sería unha opción inviábel. E, a outra, sería cambiar o calendario escolar. E isto ten problemas tamén. Ten problemas de carga burocrática para a comunidade educativa. Pero, loxicamente, nun contexto como o que estamos, debe priorizarse o dereito do alumnado e que ese alumnado conte con canto máis tempo mellor para poder levar adiante o proxecto educativo co maior dos éxitos. Ademais de que sería un absoluto sensentido rematar o curso o 6 de xuño, cando se pode estirar ata o 23 dese mesmo mes, coa carga curricular que sabemos que temos no noso sistema educativo.

Señor Álvarez, sospeito que non vai ter vostede moito éxito, pero a ver se este espírito do Nadal consegue que se dean pasos nese sentido. O noso apoio, dende logo, vaino ter. De feito, temos unha iniciativa rexistrada en termos moi similares a estes. Pero sospeito que aquí imos estar no debate do pim, pam, pum, do tempo ao tempo, do aprobado xeral e xenérico desta orde de avaliación... Por certo, o número de suspensos e de repetidores dos datos do noso país triplica o dos datos europeos, e o Partido Popular semella que quere que o noso alumnado repita máis. O mesmo podíamos dicir das taxas de abandono escolar. E está moi ben que teñamos como referencia o que acontece en Ceuta ou noutras realidades do Estado, o que pasa é que o que nos está a dicir a OCDE é que as taxas de abandono escolar están un 50 % por debaixo dos obxectivos que nos está marcando a OCDE. Polo tanto, un pouquiño de rigor cando estamos vendendo os datos. E, dende logo, señores do Partido Popular, deixemos de compararnos cos peores e tratemos de pensar este país un pouquiño en grande para sacarnos da cativez na que teñen o noso sistema educativo.

Pero, fíxense —remato xa—, porque creo —non sei se abordar agora un pouquiño este tema— que non é de recibo —e ademais vólome remitir ao que nos dicía o señor Feijóo— que se minta neste Parlamento. Onte un deputado do Partido Popular veuno a dicir a respecto da petición de datos de alumno-aula que temos solicitado.



Vostedes saben perfectamente que o dato deste curso non está publicado. O dato do INE está baseado no curso anterior, e resulta que este curso —¡oh, casualidade!— temos case mil alumnos menos e temos case cento cincuenta unidades pechadas —DOG do 18 de agosto— de educación infantil e primaria. Polo tanto, eu creo que está moi ben que se veña dicir que non se pode mentir neste Parlamento, pero apliquémonos o conto. E, sobre todo, non se trata —xa para rematar— de cualificarnos, non sei, de pandeireteiros. Por dúas cuestións: a primeira, porque para nós iso é un orgullo inmenso. (*Aplausos.*) É un orgullo inmenso, ademais, que sexa un instrumento nacional como a pandeireta a que leve nestes días, con tanta dignidade, a nosa música popular e a nosa lingua polo mundo adiante. (*Aplausos.*)

E a segunda cuestión é que hoxe tamén, máis ca nunca, estamos orgullosos de ser pandeireteiros, porque sospeito que algún deputado desa bancada vai ter o repenique soando algún tempo despois da intervención de hoxe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodeiro.

**O señor RODEIRO TATO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

Esta proposición non de lei é innecesaria, porque a Consellería sempre mantén a lealdade institucional co Estado. E, no marco das súas competencias, fixo xa o que lle corresponde. Xa presentou o 16 de decembro á Mesa sectorial docente o borrador da orde da Xunta para adaptar o final do curso ao real decreto imposto polo Goberno central. O devandito borrador da orde pola que actualiza a normativa de avaliación inclúe, na súa disposición derradeira primeira, a modificación da Orde do calendario escolar para o curso 2021-2022.

Galicia é unha comunidade autónoma que sempre cumpriu a normativa estatal, polo que desenvolverá o establecido no Real decreto 984/2021, do 16 de decembro, adaptando o proceso de avaliación e modificando as normas que se opoñan ao establecido nesta norma básica. Polo tanto, señor Álvarez, non teña vostede ningunha dúbida de que os centros educativos e os docentes dos centros educativos cumprirán co que lles corresponde.

Pero hoxe, efectivamente, debatemos unha proposición paradoxal do Partido Socialista cando a situación que hai que corrixir parte dos vaivéns dados polo Ministerio. Con esta iniciativa parece que o Partido Socialista pretende lavarlle a cara ao Goberno de Pedro Sánchez, e precisamente quere darlle a volta á tortilla para converter a Consellería na responsable dun problema xerado polo Ministerio. E non podía faltar o coro de pandeireteiros, efectivamente, do señor Lourenzo. ¡Efectivamente!





Miren, señorías, en maio do 2021, en tempo e forma, a Consellería aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 cos exames de recuperación. En setembro, o Ministerio fala de suprimir os exames de recuperación, cun calendario aprobado, señorías. E despois, atendendo á demanda de varias comunidades autónomas, acepta o Ministerio unha moratoria, a finais de setembro. E a mediados de novembro, o Ministerio dá marcha atrás na moratoria. O Goberno enganou as comunidades autónomas. O venres 12 de novembro anunciou por sorpresa a terceira rectificación deste asunto e dous días hábiles despois aprobouna no Consello de Ministros, incrementando así a falta de credibilidade e creando un gran caos no ensino froito dunha decisión improvisada e sen ningún diálogo. O Partido Socialista recrimina a actitude de frontal oposición da Consellería ante os vaivéns do Ministerio e o cambio de regras dun curso xa iniciado, señorías, cando o que se pretende con esta orde é paliar a desfeita normativa que está desenvolvendo o Goberno central, que se empeñou en aprobar a LOMLOE en plena pandemia, cun calendario que non avanza no seu desenvolvemento, nin en prazos, nin en medidas acordes ás necesidades do sistema educativo. E, evidentemente, enterámonos dos currículos a través das constantes filtracións que o propio Ministerio está facendo e que, desde logo, non concreta nas reunións que teñen coas comunidades autónomas, ninguneando deste xeito as comunidades.

Miren, señorías, o que mal empeza, mal acaba, porque mal empezou a tramitación da LOMLOE e mal está sendo a súa aplicación. Falamos dunha lei que foi unha oportunidade perdida por renunciar a dous anos de traballo e a máis de cincuenta comparecencias no Congreso e no Senado, e é unha oportunidade perdida por renunciar a un tan desexado pacto educativo, como din todas as autoridades, no que é necesario ter o tempo suficiente.

Miren, foi unha lei que nin sequera foi informada polo Consello de Estado e que ata se olvidou dos profesores técnicos de formación profesional. Efectivamente, olvidouse, porque non había tempo, porque foi moeda de cambio, eliminando o castelán como lingua vehicular para que os independentistas aprobaran os orzamentos e así manter na poltrona o señor Sánchez, señorías.

Miren, con esta lei ata falamos da politización da educación. ¿Pero haberá máis politización en educación, que agora, para o acceso a este corpo de inspectores, desaparecen as probas de acceso? O que se pretende con esta lei, desde logo, é politizar claramente a educación.

Todos os organismos, e a propia Comisión Europea, pediron no seu informe *Monitor de la educación y de la formación* que «se invierta el tiempo necesario para construír consensos políticos y sociales amplios y duraderos». Cousa que aquí nunca se buscou, porque había que aprobar, efectivamente, os orzamentos do Estado.

É, polo tanto, unha lei que non mellora as ratios, que non mellora o financiamento do sistema —señor Lourenzo, que vostede disto nunca fala—, que, cando fala de incrementar as ratios... Falamos dunha lei que non mellora absolutamente nada, porque as ratios están definidas por lei, e esta lei non as modifica, nin as mellora. Polo tanto, falamos dunha lei, señorías, que vai en contra da cultura do esforzo, promovendo o aprobado xeral. E, efectivamente, aquí hai quen pensa que o aprobado se consegue sen reforzar o sistema e sen reforzar os alumnos.





Miren, non debemos confundir as cousas. É lexítimo que a Consellería non estea de acordo e que o manifestase, e mesmo que tentase modificar a situación pedindo a retirada deste real decreto. É lexítimo que a Consellería teña unha frontal oposición a este cambio de regras de xogo unha vez rematada a primeira avaliación parcial nos centros educativos; é dicir, no día de hoxe estanse cambiando as regras do xogo dun curso que xa está empezado. E isto, efectivamente, somete a todo o sistema, ao alumnado, ás familias e ao profesorado, a unha situación comprometedor de incerteza. Pero dende logo que non é algo provocado pola Xunta de Galicia, que realizou varios intentos para que permitiran a transitoriedade desta medida durante este curso escolar.

Este grupo parlamentario rexistrou unha proposición non de lei solicitando a retirada deste real decreto, porque é unha medida froito dun desenvolvemento improvisado, como acabamos de dicir, e porque é unha chapuza aplicala á metade de curso, no que rexen aínda os currículos da lei anterior; ademais é inxusto para o alumnado este cambio das regras do xogo. A supresión dos exames de recuperación decidida polo Goberno central de xeito unilateral e co curso en marcha é unha nefasta decisión xurídica tamén que está creando grandes incertezas e caos na comunidade educativa, co calendario escolar planificado e o sistema de avaliación organizado. Milleiros de profesores van ter agora que cambiar todo o seu traballo, prexudicando, evidentemente, o alumnado, especialmente o máis desfavorecido.

A propia comunidade educativa recibiu con moito descontento este real decreto, porque a gran maioría da sociedade defende os exames de recuperación, señorías. O 30 de setembro publicouse unha importante enquisa nun diario nacional onde se ve que o 73 % defende os exames de recuperación, (*O señor Rodeiro Tato mostra unha enquisa.*) porque eliminalos entende que baixa o nivel académico e desincentiva o esforzo, señorías. ¡Pero se ata o 66 % dos votantes do Partido Socialista están de acordo, e mesmo o 52 % os votantes de Podemos rechaza eliminar estes exames de recuperación! Polo tanto, señorías, esta é a realidade.

Co modelo que temos implantado neste momento polo Goberno do Estado non se soluciona o fracaso escolar. Non se soluciona o fracaso escolar consolidando o aprobado xeral, non se soluciona o fracaso escolar cando dá igual aprobar que suspender, cando dá igual estudar que non estudar, cando dá igual facer os exames que non facelos. O fracaso escolar soluciónase fomentando a cultura do esforzo e non rebaixando o nivel por abaixo. O fracaso escolar soluciónase poñendo en marcha o plan Recupera, o fracaso escolar soluciónase contando cunha plantilla de 4.000 docentes para conseguir que Galicia sexa a primeira comunidade de España máis equitativa e inclusiva do país, con esa plantilla de 4.000 docentes e profesionais para axudar, dende logo, a quen máis o necesita. O fracaso escolar soluciónase sendo Galicia a comunidade de España, conxuntamente con Estremadura, que máis docentes ten, señor Lourenzo. Eu xa sei que a vostedes os informes e incluso os datos do Ministerio lles parecen mal. Xa sei que non lles gustan, porque vostedes se dedican constantemente a denigrar o sistema educativo. A contribución do seu partido en pandemia foi convocar e animar a unha folga xeral a un goberno en funcións. Esa foi a aposta que fixeron vostedes polo sistema educativo nesta lexislatura, señorías. (*Aplausos.*)

Pero non teñan ningunha dúbida todos os membros desta Cámara, porque estamos seguros de que esta orde será tramitada de acordo co procedemento e da maneira máis áxil posible;



unha orde que ten por obxectivo blindar os estándares de calidade do noso ensino, garantindo o dereito do alumnado a ter unha avaliación obxectiva, e facilitando o labor do profesorado para que poida avaliar con criterios, certezas e seguridade xurídica, tal e como demandan os centros e os equipos directivos.

Polo tanto, o último obxectivo desta orde é preservar a cultura do esforzo, e dende logo que contamos cun bo sistema educativo que, evidentemente, baixou esa taxa de abandono escolar á metade nunha década. E baixouna á metade subindo a calidade e apostando pola cultura do esforzo. Ademais, Galicia lidera en todos os puntos os resultados de PISA, e miren, señorías, Galicia é a segunda comunidade de España onde máis alumnado de cuarto da ESO se titula cun 96 % dos alumnos aprobados.

Por todo isto, consideramos, como dicía ao principio, innecesaria esta proposición non de lei.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodeiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas de novo, señor presidente.

Señor Lourenzo, permítame que devalúe o debate facendo un ripio. O espírito do Nadal vai nos dar igual. Xa entrabamos con isto; polo tanto, non tiñamos moitas expectativas de que se modificase nada.

E dicía vostede, con razón, que resulta curioso que a estas alturas do curso a Consellería non teña publicados os datos estatísticos, como fai todos os anos, con singular habilidade e axilidade, sobre o mes de outubro, máis ou menos. En todo caso, por se acaso fora que carecesen de tóner, mostro como proba o documento 1, *(O señor Álvarez Martínez volve mostrar o calendario xa amosado con anterioridade.)* que nós si temos, o noso grupo parlamentario, e que llo podemos deixar ao Goberno da Xunta de Galicia para que edite ese documento. *(Aplausos.)*

Señor Rodeiro, a súa intervención era previsible. Xa sabemos o que está escrito aí e xa sabemos o catálogo de argumentos que vai desprezar o Partido Popular para falar de algo relativo a un aspecto moi concreto, como é algo da Orde da avaliación do calendario escolar. Polo tanto, tampouco nos sorprende en absoluto todo o que vostede dixo, que non vén a conto, máis alá de encher unha parte da súa intervención con lugares comúns, argumentos falaces e argumentos que din que hai un aprobado xeral. Non sei se os docentes que hai aquí, cando volvan ás súas aulas, van dar aprobado xeral. Eu creo que non o deron nunca en ningún contexto normativo, porque o aprobado, señor Rodeiro, hai que gañalo; hai que gañalo con estudo e esforzo, e, evidentemente, esta lei non vai en contra, máis alá do que vostedes queiran argumentar co único afán de destruír calquera avance en educación.



Porque, ademais, señor Rodeiro, supoño que dentro das filas do Partido Popular haberá quen lles teña respecto aos expertos de Educación nas nosas facultades de Educación de todo o Estado e tamén do país —Estado léase España; país léase Galicia—. (*Aplausos.*) ¿Vale? E como temos eses expertos en educación que nos asesoran sobre cal é o modelo curricular, ao mellor non están tan equivocados. Claro que é posible que haxa unha pandemia de ignorancia xeral que agora xa non chegue aos institutos, senón que chegue tamén á universidade.

Vostedes equiparan dunha forma absolutamente errónea calidade educativa a repetición. Voullo repetir eu —falando de repetición—: ¿que pasa cos países nos que non se repite curso? ¿Andan hordas de ígnaros, analfabetos e ágrafos polas rúas deses países/estados? ¿Ou é que teñen outro modelo que funciona? Señor Rodeiro, un pouco de seriedade no debate.

E mire, vuelle amosar como o que vostede di non soluciona o problema. Efectivamente, como nós tamén sabemos ler, e incluso escribir, coñecemos a tramitación do borrador da Orde de avaliación, e tamén coñecemos que unha disposición adicional introduce certas modificacións. Pero vuelle ler as modificacións —porque vostede non o fixo— para este Parlamento, e son relevantes. ¿Que di? «A terceira avaliación do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 6 de xuño. Se é vostede capaz de explicarme cal é a diferenza con respecto ao anterior, agás que pon terceira, en vez de avaliación final, agradézollo.

Segunda modificación: «A sesión de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria terá lugar a partir do 23 de xuño». *Idem eadem idem*, é o mesmo. E como se vén vostede aquí dicir, señor Rodeiro, que a Consellería de Educación, nun alarde de responsabilidade, de seriedade e de respostas ao problema do sistema educativo, vai facer unha modificación que, na práctica, non supón absolutamente nada. ¡Señor Rodeiro, señor Rodeiro! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

Mire, para que vostede tome nota —e o Grupo Parlamentario Popular— de que, efectivamente, se trata dunha cuestión de enfrontamento ao Ministerio de Educación e Formación Profesional, vuelle dar soamente, no tempo que me queda —se me dá tempo— tres pinceladas de cal é a dinámica de oposición a ese desenvolvemento normativo.

O señor Casado no sei se tocou a corneta, a pandeireta ou a gaita, pero díxolles a todas as comunidades autónomas nas que vostedes gobernan que ían facer todo o posible para atrasar, entorpecer, torpedear, barra, barra, barra, o desenvolvemento e a aplicación da LOMLOE. (*Aplausos.*) ¿E a Consellería de Educación que fixo? Publicou unha orde de modificación do calendario. ¿Para que? Para dicirlle: Mira Casado, como respondemos: como un exército. (*O señor Álvarez Martínez fai acenos coas mans.*) ¿E que modificación era esa? Unha cuestión que era *peccata minuta*; era unha cuestión de datas nunha parte do procedemento, pero tratábase de cubrir o expediente.

Foron vostedes, hai uns poucos días, o único grupo parlamentario no Congreso dos Deputados que votou en contra da nova Lei de formación profesional, ¡o único! É que ata se abstivo Vox, (*Murmurios.*) que é tamén para apuntar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Remato, señor presidente.

E, por último, onte, na votación dos orzamentos no Senado, o seu exultante voceiro saíu alí pletórico, case ría —porque lle custaba traballo ao home aguantar a risa—, dicindo que se mostraba a debilidade e que calquera cousa valía para torpedear o Goberno.

Mire, señor Rodeiro, eu, sen ser moi crente, ou mellor dito nada, case non sei se lle recomende un exorcismo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...porque están vostedes, dalgunha maneira, imbuídos ou transidos por un espírito maligno —e remato xa, señor presidente; agradézolle a súa flexibilidade—. Resulta que lle votan a favor dunha emenda para apoiar as linguas minoritarias, cando noutro contexto terían votado en contra dúas veces, se fora necesario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*No punto 1, da parte resolutiva da iniciativa onde di: «... dando prioridade á conexión interior diante da conexión coa meseta.», debe dicir: «... compatibilizando a conexión interior coa conexión coa meseta.»)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*



A parte resolutiva debe ser substituída polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1.- O mantemento da liña Avant Coruña-Ourense con saída ás 6:30 da mañá e chegada ás 7:38 e a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade entre Coruña, Santiago, Ourense e viceversa nos horarios laborais habituais permitindo o desprazamento e chegada nas primeiras e últimas horas da mañá e da tarde, tratando de favorecer e compatibilizar os horarios de tren coas novas conexións de AVE entre Ourense e Madrid”.

2.- O cumprimento do acordo unánime do Pleno do Parlamento Galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña, esixindo que se negocie con Galicia un calendario de cumprimento.

3.- A reposición inmediata das liñas de ferrocarril suprimidas baixo a desculpa da covid 19.

4.- Ampliar de xeito inmediato o cadro de persoal, principiando por cubrir as prazas vacantes, que permitan garantir o funcionamento axeitado de todos os servizos, especialmente no relativo á necesaria corrección do déficit de maquinistas, de especialistas de operacións comerciais de información e venda presencial, persoal de control de acceso e persoal de atención aos viaxeiros.)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Primeiro quería dar un aviso previo, porque vexo que a bancada do Partido Popular segue moi alporizada. Non se preocupen. Miren, eu son total e absolutamente arrítmica, (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), pero nesta bancada, comezando pola señora Ana Pontón, hai quen sabe tocar moi ben a pandeireta, como ela mesma, e temos moitos máis catálogos de música. É o que ten ser unha fronte; somos moi plurais tamén desde o sentido musical. (*Aplausos.*)

En todo caso, indo á cuestión desta iniciativa, vimos esta semana como trinta anos despois de que chegase a Sevilla, tras anos de incumprimentos, de mentiras e de manipulacións de gobernos do Estado, tanto do Partido Popular como do Partido Socialista, este luns chegaba o AVE case ata Ourense. Digo isto, fago esa nota a pé de páxina, porque en realidade, como saben as súas señorías, con plenas condicións técnicas de AVE, chega tecnicamente a Taboada, non aínda á cidade de Ourense. Xa sei que o mal estendido do provincialismo nos leva ás veces a usar o todo pola parte, pero sirva isto para recordar que queda aínda pendente de executar o compromiso da variante exterior de Ourense, para que realmente o AVE chegue á cidade e a partir de aí ao resto de Galiza. (*Aplausos.*) Que quede en acta, non vaia ser que dentro dun par de anos asistamos á cuarta presentación ou inauguración do AVE neste país.

Afortunadamente, a variante exterior, despois de moita presión social e política, foi xa adxudicada este mes, con atrasos, pero adxudicada por fin. Iso é unha boa nova, sobre todo





despois de que algún ministro do Partido Popular, como aquel señor, Íñigo de la Serna, quixese prescindir dela. En todo caso, confiamos en que sexa unha realidade máis pronto que tarde. E aproveito tamén —xa que hai neste pleno un certo espírito, na parte final, de consenso natalicio— para pedir, tanto á Xunta como ao partido que é responsable do Goberno do Estado, que senten a dialogar para conseguir que, ademais dunha variante exterior que sexa unha realidade, Ourense teña tamén unha intermodal digna de tal nome. (*Aplausos.*)

En todo caso, indo á cuestión, que por fin se aproximen os cumprimentos do AVE sen dúbida é unha boa noticia, pero pon de relevo un aspecto importante no que sempre insistimos e hoxe imos volver facelo desde o nacionalismo galego, que é en que o prezo da alta velocidade non pode ser a obriga a renunciar a ter unha conexión de proximidade digna que vertebre o noso país. Esa, desafortunadamente, vén sendo ata o momento a historia do noso país: anos de investimento en AVE que se acompañaban de desinvestimento na rede interior restante; décadas enteiras en que nin tivemos AVE nin tivemos un tren digno.

E non só Galiza non ten hoxe tren de proximidade ou tren de cercanías, como si teñen Cantabria, Cataluña ou Asturias, senón que temos unha deterioración evidente nesta liña interior; unhas porque non se fixeron, non se desenvolveron, e outras porque se foron abandonando progresivamente. E poderíamos poñer algúns exemplos. Por exemplo, Lugo, cidade illada que só ten servizos con Ourense e coa Coruña, nin sequera ten conexión coa capital do país; Ferrol, que no día de hoxe non ten unha conexión adecuada coa Coruña para poder aproveitar a liña ata Vigo; podemos falar, por exemplo, da liña entre Vigo e Ourense, da liña do Miño, que practicamente está en desuso —hoxe é imposible que unha persoa viva en Ribadavia e poida ir traballar en tren a Ourense ou a Vigo, por exemplo—; a mesma situación teñen os veciños e veciñas do Irixe ou do Carballiño, que, se van a Ourense ou a Santiago, seguramente non poidan volver no mesmo día. E poderíamos poñer moitos outros exemplos. A miña compañeira María Albert conseguiu vir un día, nesta lexislatura, en tren a Santiago, pero non foi o milagre dos pans e dos peixes. Foi conducindo unha hora e media ata Ourense, veu en tren e despois, á volta, veu comigo para a cidade de Ourense; se non, sería absolutamente imposible. E aínda que o Parlamento estivese en Ourense —non sei se aproveitar para facerlle aí unha suxestión ao señor Santalices (*Risos da oradora.*)—, aínda así, non o podería facer, porque é absolutamente imposible vivir na Rúa ou no Barco de Valdeorras e desprazarse en tren para traballar en Ourense por cuestións de horarios e de servizos. Podería botar toda a mañá poñendo exemplos dese desaxuste que temos ao longo do país.

E quero poñer o acento en que isto pasa por un motivo, por esa óptica absolutamente centralista no desenvolvemento da rede ferroviaria, que está pensada para conectarnos con Madrid, e parécenos estupendo conectarnos con Madrid —que quede en acta—, pero o problema é que non se pensa na outra parte, que é a conexión que necesitamos dentro do noso país.

E isto vese tamén ás claras nunha liña como a da Coruña- Santiago-Ourense, que existe porque, afortunadamente, estamos de camiño na saída a Madrid; se non, seguramente non existiría. E vaia por diante que é unha gran infraestrutura, que permite uns tempos que son magníficos e cun servizo moi cómodo. En circunstancias normais iso debería favorecer que as poboacións que viven na Coruña, en Santiago ou en Ourense poidan traballar en calquera





destas cidades ou vivir ou estudar noutra e conectarse cun medio que favorece a calidade de vida, que contamina menos, que evita a sinistralidade viaria e que, en resumidas contas, non só nos beneficia individualmente, senón tamén colectivamente como sociedade. ¿Cal é o problema? O problema é como se organizan as cousas.

Os tres problemas polos cales traeremos esta iniciativa aquí hoxe, a este pleno, poden resumirse en tres ámbitos:

O primeiro e o máis urxente é a modificación de horarios que acaba de sufrir esta liña, e tamén outras colateralmente, como a que conecta A Coruña con Vigo, que é a máis usada neste país, precisamente pola chegada do AVE. Non se organizaron os horarios acordes coas necesidades da maioría da poboación, senón pensando na conexión con Madrid.

En segundo lugar, pola cuestión do prezo —que temos debatido outras veces nesta Cámara—, que segue a ser un 60 % máis caro que o Eixo Atlántico, e iso converte ese billete de tren nun produto de luxo.

E, en terceiro lugar, porque aínda non se recuperaron as liñas suprimidas coa covid 19; por exemplo, o tren das 6.45, que conectaba Ourense en dirección á Coruña.

Insisto en que máis urxente é a cuestión das modificacións de horarios pola chegada do AVE. Numerosos usuarios e usuarias estiveron nestes días recollendo sinaturas, enviando comunicados á prensa, contactando coas organizacións políticas e mobilizándose para evitalo, pero, lamentablemente, desde o día de onte, os horarios alteráronse, e iso ten consecuencias negativas. Non é a primeira vez que pasa. Na anterior modificación tamén houbo moitos colectivos prexudicados, pero desta volta hai cuestións que son sangrantes. A máis chamativa e máis popular é que o atraso dun dos trens que máis cedo saía da Coruña, que viña chegar a Ourense ás 7.38, pois ten un adiamento que impide ou deixa tiradas a moitas persoas que van traballar ata esta cidade. É un exemplo, poderíamos poñer outros. Tamén os desaxustes que hai na conexión de volta entre A Coruña e Santiago a Ourense, etc., etc.

En todo caso, quero deixar aquí unha reflexión moi sinxela, que é que para as persoas que puntualmente van a Madrid, seguramente media hora ou 40 minutos non é un cambio significativo para quen vai por unha obriga laboral que seguramente se anticipa con tempo ou para quen vai por unha cuestión de turismo ou de lecer, e o mesmo en dirección inversa. Pero para as persoas que empregan este medio de transporte para a súa xornada laboral, para acudir ao seu centro de ensino, etc., é un trastorno moi importante. Polo tanto, o único que se pide é unha adaptación que dea prioridade a esta realidade, ás persoas que máis empregan este medio de transporte; que se prime esa conexión interior e ter uns horarios adecuados fronte a outras necesidades.

Somos conscientes de que nunca vai chober a gusto de todos e de que horarios vitais e laborais hai de todo tipo, pero cremos que é evidente que se favorece que á primeira hora da mañá, á última hora da mañá, á primeira da tarde e á última da tarde poida haber unhas conexións adecuadas, pois iso cobre unha parte importante da sociedade, os horarios máis habituais, máis frecuentes de traballo.



En segundo lugar, insistimos na cuestión do prezo. Este Parlamento xa acadou no ano 2018 un acordo impulsado por este grupo parlamentario para exixir do Goberno central a rebaixa destes prezos que son absolutamente abusivos, un 60 % máis caros nesta liña que, por exemplo, na franxa atlántica, cando, ademais, dá servizo a unha zona con moitas necesidades, como Ourense, e que, ademais, é obriga de servizo público; é dicir, que é financiada tamén cos nosos impostos e, polo tanto, debería estar protexida tamén neste ámbito.

Insistimos en que, canto mellor servizo haxa e máis competitivo, máis usuarios haberá. A historia demóstranos que ademais esta liña, desde que comezou a andar, non parou de medrar en viaxeiros; ningún ano parou de medrar en viaxeiros, coa excepción lóxica do ano 2020 por motivos evidentes, pola redución de liñas por mor da pandemia.

Polo tanto, entendemos que é unha cuestión que como país temos que seguir reivindicando, e confío en que hoxe por responsabilidade e tamén por unha querenza a este país sexamos capaces todas as forzas políticas de chegar a un acordo, como aconteceu no ano 2018, e que desta vez o Goberno central atenda estas demandas. En 2018 con Rajoy e posteriormente con Pedro Sánchez foron desatendidas, e esperemos que esta nova mostra de consenso do Parlamento galego faga rectificar.

E, por último, insistimos en que tamén, aínda que coa chegada do AVE vai haber máis frecuencias nesta liña, e iso é positivo, hai unha cuestión que continúa pendente desde o inicio da pandemia, que é recuperar ese tren das 6.45, que conectaba Ourense con Santiago e coa Coruña, que daba servizo tamén a moitos traballadores e traballadoras e que desde entón se están a organizar en coches ou en autobuses, ou algúns incluso tiveron que mudar o seu lugar de residencia e así poder favorecer que esta situación remate.

Conclúo. Esta semana, nese episodio de *Bienvenido, míster Marshall*, escoitabamos a unha ministra de Transportes que está abducida polo centralismo mesetario e que o que nos dicía era que xa deixabamos de estar illados e cunha bruma da que falaba Valle-Inclán. En fin, estábamos aquí os galegos e galegas metidos na cova, con taparrabos, sen civilizar, ata que chegou antonte o AVE, ¡menos mal!... En fin, é mellor rir, pero o conto é triste. En todo caso, eu quero aproveitar a ocasión para sacar a relucir unha vez máis a Valle-Inclán, porque recordaba aquel anaco de *Luces de Bohemia* no que Max dicía aquilo de «*la tragedia nuestra no es tragedia*», e don Latino contestáballe: «*Pues algo será*», e Max contesta que «*el esperpento*». Desde logo que a entrada en funcionamento dun servizo que debe darnos oportunidades e capacidade de competir traía este tipo de problemas é un absoluto esperpento. Polo tanto, eu espero que hoxe poidamos ter un acordo que contribúa a superalo. E AVE, si, pero un AVE digno, e tamén con horarios e con prezos dignos e xustos, e que tamén o poidamos ter...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...neste país, porque é o mínimo que temos que exixir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.



*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

O do Parlamento en Ourense chegouse a falar, ¡eh!, *(Risos.)* non é broma. Hai moito tempo, pero, bueno.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Nós tamén —¿non, Olalla?— imos reivindicar levar o Parlamento para a nosa provincia, levar o Parlamento para Lugo.

Bueno, fóra brincadeiras, para nós, os socialistas, a chegada do AVE á nosa comunidade autónoma dende logo que é un motivo de ledicia, e eu creo que para todos os galegos e para todas as galegas. Hoxe o Bloque Nacionalista Galego parece querer ter moi boas conexións interiores na nosa comunidade autónoma, pero tamén parece que non lle importa que estemos conectados co resto do Estado español. Eu creo que é unha boa nova que estemos conectados por primeira vez, cunha vía de alta capacidade, coa Meseta, pero isto, dende logo, non quere dicir que non haxa moito que mellorar nesta conexión interior. Incluso a señora Presas facía referencia a que o AVE non chegaba ata a Ourense, que chegaba só ata Taboadela, e obviaba que acaba de ser licitada esa variante exterior por 112 millóns de euros. Ao principio da súa intervención poñía o punto en Taboadela e dicía que faltaba moito por facer. Bueno, pois niso se está a traballar e foi algo no que non estiveron a traballar, dende logo, os gobernos anteriores do señor Rajoy. É unha chegada, a da alta velocidade á nosa comunidade autónoma, que é certo —e aí coincido coa señora Presas— que ten moitísimos retrasos, moitísimos atrancos, pero a verdade é que por fin é hoxe unha realidade, grazas —pese a quen lle pese— ao compromiso do Goberno de Pedro Sánchez con esta infraestrutura. *(Aplausos.)*

A chegada a Galicia do AVE constitúe unha oportunidade socioeconómica moi importante para Galicia, e entre todas as administracións débese traballar en común para optimizar o aproveitamento deste potencial e para abordar, dende logo, as tarefas pendentes para facer do AVE unha peza estratéxica no futuro de Galicia.

Dicía hoxe o presidente da Xunta aquí, nesta Cámara, que o AVE só chegaba ata Ourense e que non chegaba ao resto das cidades de Galicia. Certo, iso é certo, pero tamén é certo que chegou ata Ourense a pesar de todos os retrasos ocasionados por dous galegos en Madrid, a pesar de todos os retrasos do señor Mariano Rajoy e da señora Ana Pastor; e, por certo, coa venia do señor Feijóo con este abandono e cos retrasos nesta infraestrutura. *(Aplausos.)* E, claro, agora vén dicir aquí a esta Cámara o señor Feijóo que o AVE non chega ás outras cidades galegas. Pois ao mellor isto xa sería unha realidade ou estaría moi preto de selo se o señor Feijóo non permitira os retrasos de Rajoy e de Ana Pastor.

Dende logo que é preciso que o AVE conecte as cidades galegas, pero creo que é de xustiza recoñecer que o pasado día 21, coa posta en funcionamento da primeira viaxe, foi unha data histórica para Galicia a do AVE Ourense-Madrid. A pesar de que o presidente da Xunta poñía en dúbida o compromiso do Goberno central coa chegada do AVE a Galicia neste ano 2021, o



AVE chegou. O mesmo fixo tamén coas bonificacións da AP-9, tamén alertando de que o Goberno central non levaría a cabo esas bonificacións ao longo de mes de xullo deste ano, e chegaron esas bonificacións no mes de xuño. Polo tanto, como vidente, pouco futuro ten o señor Feijóo.

Hoxe o señor Feijóo criticaba —como dicía— que só chegara a Ourense, despois de ser culpable el mesmo dos retrasos nesa infraestrutura, primeiro, durante os anos de goberno de Rajoy, calando, non pedindo e non traballando por esta chegada; e, despois, coa chegada de Pedro Sánchez ao Goberno, poñendo en dúbida os compromisos deste goberno. Ese mesmo señor Feijóo que a veciñanza da provincia de Lugo ben recorda nun acto electoral aló polo ano 2009, cando el era candidato á Xunta de Galicia, que dicía que o AVE chegaría a Lugo e que incluso poñería fondos propios da Xunta de Galicia. Pois o AVE aínda non chegou a Lugo e o presidente da Xunta de Galicia non puxo cartos propios para esa chegada. (*Aplausos.*)

Pero, ben, se a chegada da alta velocidade a Galicia é unha moi boa nova, non é menos certo que a conexión interior coa Meseta tamén debe de ser unha prioridade. Neste senso, vai a nosa emenda á iniciativa que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego: que se compatibilice —non que se priorice— a conexión coa Meseta coa conexión interior da nosa comunidade. Neste senso, compartimos a necesidade de manter a liña de *Avant A Coruña-Ourense*, con saída ás 6.30 da mañá e chegada ás 7.38, así como a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade interior. No relativo ao *Avant A Coruña-Ourense*, cremos que debe de manterse ese horario, xa que este non tiña unha alta demanda, permitindo a moita xente —entre outros motivos— utilizar este medio de transporte por motivos laborais ou por motivos académicos.

Cremos tamén necesario que se debe de levar a cabo unha revisión de horarios de cara a favorecer esa mobilidade interior. Débese facer unha boa planificación de horarios tendo en conta as necesidades e tamén as demandas da veciñanza. E aquí, nesta reformulación e revisión de horarios, que compartimos co que contempla o Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa, e vendo tamén a emenda que presenta o Grupo Parlamentario Popular, queremos dicir que está moi ben pedirlle ao Goberno central —tamén por parte do Grupo Parlamentario Popular, coa emenda que presentan—, pero tamén sería moi razoable pedirlle á Xunta de Galicia a revisión de horarios adoptados agora en relación coas novas conexións do AVE en materia de autobuses. (*Murmurios.*) Porque estamos a ver que tamén hai queixas con esas reformulacións de horarios que fixo a Xunta de Galicia. ¿E por que digo isto? Porque a Xunta de Galicia de xeito unilateral modificou os horarios contemplados nos contratos de transporte en autobús para adaptalos á chegada do AVE; de xeito unilateral, sen planificación. Modificaron horarios sen ter en conta as necesidades e demandas dos usuarios e usuarias. Polo tanto, parécenos moi ben que se lle pida ao Goberno central que revise estes horarios e liñas para a conexión interior, pero tamén sería conveniente que o Goberno galego revisase as liñas e horarios para adaptalos á chegada do AVE e que esa revisión servise para ter uns horarios máis adaptados ás necesidades da xente, dos usuarios e das usuarias.

A señora Presas falaba e facía unha puntualización da liña Ourense-Lugo. Só quero dicir que tamén se acaban de licitar por parte do Goberno central tres contratos: dous por 76 millóns para o tratamento de elementos desta infraestrutura no corredor ferroviario Ourense-Mon-



forte-Lugo; e outro contrato de máis de trece millóns para a mellora das instalacións de sinalización e telecomunicacións. Con estes contratos búscase mellorar o estado da infraestrutura e aumentar a fiabilidade das liñas e calidade do servizo, optimizando as condicións de explotación comercial do traxecto en parámetros tales como a fiabilidade, o confort e os tempos da viaxe.

No tocante ao segundo punto, para dar cumprimento ao acordo unánime acadado neste Pleno en febreiro de 2018, tamén estamos de acordo. Este grupo mantense na mesma posición, en que son necesarias esas melloras no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago e A Coruña.

No tocante ao que falaba a señora Presas do relativo aos prezos, xa manifestamos tamén no ano 2018 que era inadmisíbel que existira esta diferenza de prezos, que era necesaria unha rebaixa deles. Naquel momento facía o posicionamento do Grupo Parlamentario Socialista o noso finado e querido compañeiro Raúl, que, dende logo, tamén tanto e tanto loitou por que se melloraran as infraestruturas da súa provincia.

E no tocante ao terceiro punto, da reposición das liñas de ferrocarril suprimidas pola covid-19, xa temos debatido nesta Cámara sobre o relativo a esta reposición. Xa temos aprobado tamén iniciativas por unanimidade neste senso, e nós temos presentado iniciativas deste calado. Pero tamén estaría ben que o Partido Popular aplique a súa propia menciña. Está moi ben pedir que se repoñan as liñas ferroviarias que se suprimiron durante a pandemia, pero estaría moi ben que non empregaran este argumento por parte da Xunta de Galicia para suprimir liñas no transporte por estrada, e estou a falar dalgunha que se suprimiu entre as cidades de Lugo e Ourense.

Polo tanto, nós compartimos o que o Bloque Nacionalista Galego hoxe pide na súa iniciativa e tamén compartimos moitas das cousas que o Partido Popular presenta na súa emenda. Pero parécenos moi hipócrata pedirle só ao Goberno central e non pedirle á Xunta de Galicia. A nosa emenda o único que quere é non priorizar unha conexión sobre a outra, senón compatibilizar a conexión interior de Galicia coa conexión de Galicia coa Meseta.

Pola miña parte, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

**A señora PÉREZ LÓPEZ:** Bo día —case boa tarde xa—, señorías.

Máis alá das viaxes de proba e das inauguracións coas que convivimos o último mes, onte culminouse unha boa nova co inicio das primeiras circulacións comerciais do AVE a Ourense. A través de Ourense, Galicia comunícase con España cun ferrocarril do século XXI, un triunfo de todos os galegos; acompañado, por suposto, do traballo dos gobernos de España e dos gobernos galegos de distinta cor política.





Señora Otero, vostede fala do Partido Popular. Pero o señor Caballero, alcalde de Vigo, do seu partido, sendo ministro de Transportes, anunciou que a alta velocidade chegaría a Galicia no ano 1993. Se falamos, hai que falar un pouco de todos. (*Aplausos.*) É un triunfo, señorías, de todos os galegos e que celebramos, como non podía ser doutro xeito. É unha gran noticia que abre un gran contexto de novas oportunidades para os ourensáns, pero tamén para Galicia, e que é relevante, ademais, nestes momentos nos que temos por diante o Ano Santo 2022.

Señorías, esa euforia que nos embarga hoxe e que nos permite seguir soñando e seguir traballando de cara ao futuro non pode impedirnos ver con claridade as necesidades pendentes no noso país en materia ferroviaria, que seguen a ser moitas.

Na alta velocidade —dicíao o presidente esta mañá— non imos renunciar á chegada dos trens AVRIL, de ancho desprazable, no calendario comprometido polo Goberno do Estado, para que a alta velocidade non quede nun proxecto inconcluso e chegue e siga estendéndose ao resto das cidades galegas.

Señorías, o Goberno galego leva insistindo desde hai moito tempo ante o Goberno de España na necesidade de que, do mesmo xeito que se impulsou a alta velocidade entre Ourense e Madrid, é preciso impulsala co resto das cidades galegas, e que se melloren os servizos de tren de proximidade.

Por iso vemos razoable, señora Presas, o debate de hoxe, que o Partido Popular completou cunha emenda construtiva co obxecto de acadar un acordo máis amplo e que recolla todas as reivindicacións no ámbito ferroviario no noso país.

Por descontado que todos entendemos que a entrada en servizo do AVE ten que traer consigo a reestruturación de liñas e frecuencias para facilitar a conexión con outros puntos da xeografía galega. Pero é inaceptable e non entendemos que esa reestruturación se empregue como escusa para desmantelar o tren convencional, que é utilizado a diario por milleiros de traballadores e de estudantes na nosa comunidade.

É certo —e hai que dicilo— que desde onte Renfe incrementou algunhas frecuencias en Galicia; unhas frecuencias que no día de hoxe, señorías, xa necesitan ser replantexadas, porque os novos horarios implantados veñen debuxar unha situación que causa prexuízos na mobilidade dos galegos, pero tamén na actividade económica do noso país, e supoñen un obstáculo importante para que as familias galegas poidan conciliar a súa vida laboral e a súa vida familiar.

Vaiamos a exemplos prácticos. Poderíamos poñelos do Eixo Atlántico, pero xa que falou a señora Presas da conexión interior Ourense-A Coruña, falemos desa conexión.

Señora Presas, vostede xa falou do sentido da nova frecuencia diaria das 6.55 horas A Coruña-Ourense e tamén do sentido da eliminación da frecuencia das 6.55 horas entre Ourense e A Coruña, pero os problemas non afectan só as frecuencias, señorías. A pasada semana esta deputada, en representación do Grupo do Partido Popular, viaxou de Ourense ata A Coruña cos afectados por estas alteracións. E, señorías, os usuarios non piden un tren





galego, señora Rodil. Iso é unha tema exclusivo do Bloque Nacionalista Galego, que, como teoría, está moi ben e ata pode haber alguén que lla compre, pero ao final está cheo de demagogia e de falta de realidade, como a súa posta en escena nesta Cámara esta mañá.

O que nos piden os afectados, señorías, son servizos; servizos de calidade e servizos que atendan as necesidades de todas as galegas e galegos. E tamén nos piden que quen tome as decisións o faga de acordo coa realidade das persoas e non para cadrar estatísticas ao final de ano. Esa é a nosa única preocupación, señorías, os problemas de todos e de cada un dos galegos.

E pensando nas persoas, por todas as desazóns que nos trasladaron, o Goberno de España tamén ten que revisar a flexibilidade e a duración dos bonos de transporte. A nove días de que finalice o ano e de que finalice a prórroga que se habilitou para consumir eses bonos por mor da pandemia, os usuarios están en terra de ninguén e non saben se van continuar coa validez anterior ou se se van modificar os prazos no día de hoxe. E isto que nos pode parecer banal aquí nesta Cámara, está a dificultar que moitos traballadores poidan organizarse.

E outra cuestión máis de última hora, señorías, que o Goberno do Estado non sabe como resolver, como está a acontecer ultimamente co IVE das máscaras ou coa subida do prezo da luz, por poñer un exemplo, é que reivindicamos tamén a necesidade de que os bonos poidan utilizarse en todos os trens. Teño un tempo limitado, pero vou tratar de poñerlles un exemplo rápido.

Miren, fálolles de Cristina, pero podía ser calquera outro viaxeiro. Mañá sairá da súa casa ás 5.25, collerá o tren das 5.55 na Coruña para vir traballar á cidade das Burgas. Rematado o seu traballo, terá que regresar á Coruña a partir das 17.00 da tarde. Ata onte, Cristina podía coller un *Avant* ás 17.05 e voltar ao seu domicilio. Hoxe xa non ten *Avant*, ten un *Alvia* ás 17.08, pero, se quere voltar á súa casa nel e non esperar ás 19.00 da tarde, Cristina ten que desembolsar 23,15 euros e pagar a viaxe a maiores, porque non é compatible co bono. E así un día e outro día, señorías. ¡é inasumible! Parece razoable que se os usuarios pagan un bono para un percorrido concreto, teñan dereito a utilizalo en calquera tren que circule por ese percorrido, sexa *Avant* ou sexa *Alvia*.

Coincidirán comigo en que os servizos ferroviarios e as prestacións relacionadas con eles non están a ser as idóneas nin para que os cidadáns aposten polos medios de transporte públicos, nin para as familias galegas, nin para esa vertebración territorial da que tanto falan o presidente do Goberno, a ministra ou mesmo a presidenta de Adif. E cremos que un acordo desta Cámara non pode deixar de incorporar unha referencia á situación do cadro de persoal de Renfe. Fan falta urxentemente maquinistas, pero tamén especialistas en venda presencial. Miren, en Ourense, dos 10 postos que existen na actualidade, só están cubertos 5. E iso tradúcese en que só vai haber un traballador por turno para atender un incremento de traballo do 35 %.

Falta persoal, as frecuencias non se adaptan, as tarifas e bonos non dan resposta aos viaxeiros, hai avarías continuas e retrasos continuados. É inadmisíbel a desorde existente e é inadmisíbel a redución de servizos.

Señorías, a conclusión é moi sinxela: os galegos necesitan conexións ferroviarias no interior do territorio competitivas, e para isto é preciso que o Goberno actúe, que actúe na mellora



das infraestruturas ferroviarias e que actúe na dotación de máis frecuencias e servizos e con mellores prezos que fagan do transporte por ferrocarril un medio de transporte útil.

Neste contexto poderían tomar exemplo do feito pola Xunta de Galicia ou polo Goberno galego, que restableceu xa hai máis de medio ano, señora Otero, o cen por cento dos autobuses interurbanos que son da súa competencia e que mantivo moitos en circulación durante a pandemia, pese aos baixos niveis de ocupación. Porque Galicia, señora Otero, antepuxo o mantemento dos servizos públicos para os cidadáns fronte á rendibilidade económica. (*Próncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Otero, chega tarde pedindo a reorganización das frecuencias do servizo de autobuses. Miren, a Xunta de Galicia xa ten reorganizadas dende onte as frecuencias para que todas as cidades galegas teñan un servizo adecuado co que poder enlazar co AVE en Ourense.

Distintas formas de traballar, señorías, as do Goberno do Estado e as do Goberno galego, e distintas formas de ocuparse e preocuparse do que realmente lles preocupa aos cidadáns, que non é máis que ter uns servizos dignos para o seu día a día.

E como para este grupo e para este goberno as comunicacións son un tema prioritario, seguiremos a traballar para mellorar o seu funcionamento e adaptalo ás necesidades reais da cidadanía. E seguiremos a demandar unha e as veces que faga falta ao Ministerio de Transportes, ao Adif ou a Renfe todas as eivas que detectemos; unha posición, señorías, acorde co sentir social das galegas e dos galegos, e unha posición que debe ser común e na que todos os grupos políticos, todas as institucións e toda a cidadanía debemos concentrar os nosos esforzos reivindicativos, como xa está a facer a Xunta de Galicia.

Señora Presas, aínda que discrepamos con algún dos apuntamentos que fixo na súa exposición de motivos, agradézolle a súa disposición para adoptar un acordo de consenso co que reclamar, ante ese goberno do Estado que presume de acabar coa Galicia «illada e brumosa», como vostede dicía —esa é a imaxe irreal que teñen do noso país—, un compromiso firme en materia ferroviaria tanto nas conexións interiores como nas conexións de toda Galicia co resto da Meseta.

Para rematar, quero desexarlles un feliz Nadal a todos, un feliz Nadal con sentidiño, e pedirilles que traballemos xuntos para que Galicia non perda o tren.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez López.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.



Eu, antes de máis, tamén quixera agradecer a vontade de consenso que hai entre os grupos respecto desta cuestión. Agora ben, aproveito tamén para contestar algunha das cuestións.

A primeira é que ás e aos nacionalistas galegos nos encanta conectarnos co mundo. Quen non debe querer conectar Galiza co mundo deben ser, cando menos, as sucursais en Madrid do Partido Popular e do Partido Socialista, que son os responsables de que o que se comezou a cumprir no día de onte leve trinta anos de atraso, mentres outras partes do Estado si que o tiñan. (*Aplausos.*) Quero dicir que nós encantadísimas de conectarnos co mundo. Agora, tamén non era tanto pedir que as principais vilas e cidades deste país se puideran conectar entre si mediante o ferrocarril.

En todo caso, sobre as cuestións que saíron aquí, quero dicir que eu, de verdade, pese as fastosas misas de celebración do Estatuto de autonomía, do seu 40º aniversario, igual estaba ben tamén que tiveramos que facer unha lectura e un exame neste Parlamento. Porque eu quero recordar que aquí, neste Parlamento, algúns xa eran deputados no ano 2009. Creo que o señor Santalices era deputado, creo que... (*Murmurios.*) —si, non só Ana Pontón leva moitos anos neste Parlamento—, e hai máis xente: Diego Calvo creo que estivo nesa votación, o señor Puy atreveríame a dicir que tamén... Aquí tanto se criminaliza a proposta do Bloque Nacionalista Galego da creación dun ente ferroviario da transferencia das competencias, e este Parlamento xa as pediu, jeh! E o Partido Popular votou a favor. (*Aplausos.*)

Agora se se volveron menos defensores do autogoberno deste país e xa lles parece que iso tamén é rozar a loita armada, pois, desde logo, é problema do Partido Popular, pero aquí este Parlamento xa se ten pronunciado a favor desa cuestión, e nós, desde logo, seguiremos insistindo niso, porque estamos convencidas de que é algo que ten unha gran aceptación na sociedade galega, unha gran demanda, e que ademais sería unha oportunidade para xestionar mellor o ferrocarril, acorde coas nosas necesidades. En todo caso, é máis realista esa proposta que aquilo que nos contaba o señor Feijóo de que ía facer con orzamentos da Xunta o AVE a Lugo desde Ourense, se o Estado non cumpría. Ao final, vemos que nin cumpriu iso nin cumpriu outras cuestións. (*Aplausos.*)

En todo caso, agradecemos achegas construtivas que si fai o Grupo Parlamentario Popular, e, singularmente, a cuestión da falta de persoal é algo que compartimos, que temos rexistrado noutras iniciativas. Do que estamos falando hoxe é de que hai unha cuestión que é clave, que é a falta de maquinistas. Serían necesarios, cando menos, 12 postos de maquinista máis na residencia entre Ourense e Monforte para, entre outras cuestións, recuperar ese *Avant* das 6.45. Os profesionais están convencidos de que a verdadeira razón de que non se recupere non é a demanda, que si hai demanda, senón a cuestión da organización do persoal.

E, sobre todo, agradecemos que os tres grupos esteamos de acordo na cuestión dos horarios, que ademais sería algo «gratis» —así entre comiñas—, xa que é unha cuestión de organización do servizo, que non é unha como outras das demandas que se fan nesta iniciativa e que continuamos a subscribir, pero que nos parece que sería o máis urxente.

Quería tamén comentar unha última cuestión. Efectivamente, señora Otero, non me debeu de escoitar, pero eu dixen que a variante exterior estaba adxudicada xa e que era unha boa



noticia. Outra cuestión é o atraso dese investimento, e que nos parece tamén que é necesario que vinculemos isto ao debate pendente sobre ter unha intermodal digna en Ourense. Porque estaba moi ben pedirla á Xunta canto se estaba facendo a parte da estación de autobuses, pero nós continuamos pedíndolles aos dous, á Xunta e ao Estado, que haxa unha intermodal digna. En todo caso, agradecemos a vontade construtiva da emenda e entendemos que mellora a redacción e o que se quería dicir.

Tamén quero aproveitar esta intervención para facer un recordo cariñoso do noso compañeiro Raúl Fernández, a quen tamén desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego lle tiñamos moito aprecio. Ademais, eu fun unha privilexiada porque puideron estar con el precisamente en Campobeceros, na súa terra natal, vendo o dano que deixaba nas estradas a obra do AVE, como non cumpría os compromisos de reparación e vendo, como me explicou el, que se danou o río e como practicaron, ademais, esas expropiacións, non sempre cun enfoque de xustiza. Para el todo o noso recoñecemento e agarimo tamén.

E, por último —e quería aproveitar, ademais de insistir, unha vez máis, para darlles un agradecemento por este consenso entre os grupos—, creo que no día 20, nesa visita, neses fastos de *Benvido, míster Marshall* que vimos, houbo unha ausencia que non debe haber neste debate, que é un recordo tamén e un compromiso agarimoso con todas as vítimas de Angrois e o noso compromiso por seguir traballando na xustiza, na reparación e na verdade. (*Aplausos.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Pablo Arangüena.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Teresa Egerique.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; votos en contra, 18.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Pérez López.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.



*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Pérez López e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 41; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Noa Presas.

Hai unha transacción que vou ler porque a xuízo desta presidencia parece que é unha transacción interesante e que di así:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno central:

1. O mantemento da liña Avant A Coruña-Ourense, con saída ás 6,30 da mañá e chegada as 7,38, e a revisión dos horarios de cara a favorecer a mobilidade entre A Coruña-Santiago-Ourense, e viceversa, nos horarios laborais habituais, permitindo o desprazamento e a chegada nas primeiras e últimas horas da mañá e da tarde, compatibilizando a conexión interior coa conexión coa Meseta e coas novas conexións de AVE entre Ourense e Madrid.

2. O cumprimento do Acordo unánime do Pleno do Parlamento galego do pasado 7 de febreiro de 2018 sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense e Santiago de Compostela e A Coruña, exixindo que no prazo de dous meses se negocie con Galicia un calendario do cumprimento.

3. A reposición inmediata das liñas de ferrocarril suprimidas baixo a desculpa da covid-19.





4. Ampliar de xeito inmediato o cadro de persoal, principiando por cubrir as prazas vacantes que permitan garantir o funcionamento axeitado de todos os servizos, especialmente no relativo á necesaria corrección do déficit de maquinistas, de especialistas de operacións comerciais de información e venda presencial, persoal de control de acceso e persoal de atención aos viaxeiros.»

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado por unanimidade este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa orde do día.

#### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Tal como comentei, agora substánciase unha alteración da orde do día e ten que intervir o conselleiro de Sanidade, quen ten en concreto unhas preguntas.

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a restitución do Servizo de Urgencias en Moaña e a reposición do persoal en situación de traslado**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de don Pablo Ríos Santomé.

Cando queira.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Bo día, conselleiro.

Dende o Grupo Parlamentario do BNG traemos aquí esta pregunta debido á situación de emerxencia que vive a veciñanza de Moaña no que respecta ao dereito a ter unha atención sanitaria de calidade.

Ao longo destes anos asistimos a un desmantelamento e empeoramento paulatino do sistema sanitario público. En todos os recunchos do país vemos como a mobilización cidadá actúa como dique de contención ante as políticas que teñen como obxectivo a drenaxe de recursos públicos e o fomento da iniciativa privada no sector da asistencia sanitaria. Estánlle dicindo



Moaña, no Baixo Miño, no Salnés, en Valdeorras, na Barbanza, na Mariña, e aínda así parece que vostede só fai aquí de comercial destas grandes entidades sanitarias privadas.

Pero no caso que nos ocupa, falamos de Moaña, unha vila de preto de vinte mil habitantes que leva máis de ano e medio co seu Servizo de Urgencias desprazado no concello de Cangas; unha medida que, aínda con reservas, foi asumida pola veciñanza debido á situación pandémica.

Máis de ano e medio despois, as medidas provisionais que parecen que fican como permanentes e non se puxo enriba da mesa ningunha alternativa que facilite o acceso a este servizo e a recuperación das Urgencias na Caso do Mar de Moaña. Isto constitúe un ataque cara ao dereito da veciñanza a ter unha asistencia sanitaria de calidade, pois son moitos os impedimentos que existen para quen precisa acudir ao Servizo de Urgencias poida facelo na localidade veciña.

As veciñas de Moaña levan meses exixindo que este servizo lles sexa devolto, mais só reciben ou ben silencio ou ben negativas sen concreción por parte da súa consellería.

Por se esta situación non fose suficientemente mala, asistimos a unha nova mostra da xestión caótica e nefasta da Consellería de Sanidade, xa que a Casa do Mar de Moaña leva un mes cunha falta moi acusada de persoal, debido á execución de traslados de persoal a outros destinos.

Hoxe, a veciñanza de Moaña está sen Servizo de Urgencias na súa vila e cunha falta de persoal que redunda directamente na sobrecarga de traballo dos profesionais que permanecen no centro, así como tamén do persoal administrativo, o que empeora a calidade do servizo de atención sanitaria.

Como vostede sabe, señor conselleiro, o pasado día 12 máis de cinco mil persoas percorreron Moaña exixindo unha atención sanitaria digna e que os Sergas non xogue coa súa saúde, e tamén foron aprobadas mocións no Pleno do Concello. A resposta da súa consellería foi o silencio. Estamos hoxe con máis de dúas mil cincocentas persoas sen médico na quenda de tarde, intentando facer modificacións para a quenda de mañá, para o que non hai ocos. Todos os ocos do persoal médico que está agora mesmo atendendo en Moaña están completamente saturados, con listas de espera de semanas, tensión e bastante angustia pola xente que non pode acceder a un servizo sanitario. E non é só que se atopen mal, senón que para renovar baixas ou para calquera outro tipo de xestións estamos completamente igual. Hoxe ten vostede a oportunidade de deixar de faltarlle ao respecto á veciñanza de Moaña e responder a unha pregunta clara...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** ¿cando van volver as Urgencias a Moaña e cando se vai repoñer o persoal trasladado? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señoría. Terminou o tempo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moi bo día, presidente.



Señor Ríos.

Ás veces é difícil entender o BNG. O 29 de novembro vostedes retiraron unha iniciativa que xa se rebateu nesta cámara, na que solicitaban o seguinte: estender o horario límite do peche público dos locais de hostalaría, restauración e ocio nocturno ata a hora de peche fixada nas súas licenzas de apertura. Semellaba que intentaban non entrar en contradición cunha nota de prensa que a señora Pontón ese mesmo día sinalaba que amosaba a preocupación polo incremento dos casos covid e a aparición das novas variantes.

Parece que aínda que repentinamente entendían que non era o momento da relaxación. Pero é que ese mesmo día, o día 29 de novembro, rexistraban esta pregunta que hoxe me formulan e que na exposición de motivos di o seguinte: «O que xa non se pode comprender é que nestes momentos, nos que se ten por practicamente superada a pandemia, a Casa do Mar de Moaña continúe sen Urgencias e sen recuperar os ratios de consultas presenciais anteriores á mesma».

Señores do BNG, ¿exactamente en que mundo viven vostedes? ¿Como poden no mesmo día dar por superada a pandemia, pedir estender o horario da hostalaría, desdicirse desta petición e amosar preocupación? (*Aplausos.*) Esa é a coherencia que podemos crear do BNG.

En todo caso, lendo con detemento a súa pregunta, sempre moi instrutiva, entendo que isto non pode ser máis que o seu mantra dos supostos recortes deste goberno. Sen embargo, vou insistir nun dato que repito permanentemente, pero que lles entra por un oído e lles sae polo outro: no ano 2022 investiremos 541 millóns de euros no persoal de primaria; nada máis e nada menos que 99,7 millóns de euros máis que no 2009. Para ser un comercial da sanidade privada, creo que é un dato bastante bo.

A pesar disto, o déficit de persoal de primaria, especialmente para poder realizar intersubstitucións, condiciona, dende logo, o desenvolvemento deste nivel asistencial, para o que é preciso tomar medidas extraordinarias, e a estámolas a tomar, como contratos de continuidade dende hai máis de tres anos, axendas de calidade, nova categoría de facultativo especialista de atención primaria, sesenta e catro novas prazas docentes para a medicina comunitaria. En fín, moitas medidas para poder traballar neste sentido.

No caso de Moaña, como moitos outros, non se escapa a esta realidade, e o centro conta, efectivamente, con sete profesionais que prestan os seus servizos pola mañá, e actualmente contamos con dous médicos que atenden durante a tarde. E tería que haber dous máis, que deixaron a praza por un concurso voluntario de traslados, ao que supoño que o Bloque non se oporá.

Pero, dende logo, faise todo o posible para poder cubrir esas vacantes. Primeiro, a través da busca activa de profesionais que as cubran. En segundo terno, a través de intersubstitucións e prolongación de xornada.

Por outra banda, efectivamente, tamén a pandemia condicionou, dadas as características dese centro de saúde e dadas as características da instalación do PAC, que estou seguro que vostede coñece, que no inicio da pandemia levamos as Urgencias de Moaña ao Centro de



Saúde de Cangas para dar unha mellor cobertura. E de momento, por desgraza, vai ter que seguir sendo así durante un tempo máis ata que esta pandemia se supere.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ríos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, coma sempre, as respostas non distan dunha nota de prensa que poida ler en calquera medio de comunicación na páxina da consellería. A realidade co Servizo de Urgencias é que non se pode escudar vostede nesta nova vaga, neste momento concreto, senón que levamos ano e medio sen ningún tipo de alternativa. Non se escude neste mes concreto ou no que desgraciadamente poida pasar aquí a pouco tempo.

Tampouco intente *tirar balóns á veigha* como se soe dicir, intentando enfrontar a cuestión dos traslados voluntarios. Loxicamente, os traballadores e as traballadoras da sanidade teñen ese dereito, pero tamén ten a obrigação o Sergas de planificar, de que cando eses profesionais se vaian do seu posto de traballo, voluntariamente e con todo o seu dereito, haxa outros profesionais, outras profesionais para substituílas. (*Aplausos.*) E non teñen que esperar dúas mil cincocentas persoas sen médico e listas da garda para unha cita de atención primaria de dúas ou tres semanas. Iso é o que non pode pasar.

Iso fala do que falabamos antes, dese proceso de desmantelamento da sanidade pública. Se empeoramos o público, a xente vai ao privado, e é que nos últimos dez anos subiron as pólizas de seguros en sanidades privadas en case cen mil persoas neste país, e xa non contabilizamos porque non se contabilizan as citas puntuais, as cuestións puntuais. Están engordando a sanidade privada a base de desmantelar a pública. Iso é así. E, sobre todo, están facendo un xogo de enfrontar as persoas usuarias, a veciñanza, cos propios traballadores, e iso é o que está pasando. Iso foi tamén o que levou os profesionais administrativos do centro de saúde a pedirlle a vostede, a pedirlle ao Sergas incluso un garda xurado, para que estivera alí na porta debido á tensión. E, sobre todo, á xente que necesita unha atención, e que o seu servizo sanitario non lla dá.

Polo tanto, déixese de excusas de mal pagador, póñanse a traballar, poñan os médicos que fan falta para atender a veciñanza de Moaña e recuperemos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** ...as Urgencias na nosa vila.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos.



Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas.

Ás veces, señor Ríos, non hai peor xordo que o que non quere oír. Xa lle contei en reiteradas ocasións, xa contamos moitas veces, que o problema é que non hai médicos. Non sei que parte non entende disto vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Agora vostedes dirán que os médicos marchan. Mire: os médicos en Galicia, o 90 % dos que se formaron nos dez últimos anos están traballando no Sergas. Teñen a maior parte deles un contrato estable, a maioría —o 64 %— con praza en propiedade, e unha retribución que está á altura das retribucións de calquera outra comunidade autónoma, se non por encima. O problema é que non os hai, de verdade.

E se a solución é impedir que eses traballadores que queren mudar de posto de traballo de Moaña non os deixemos marchar, iso é o que faría vostede, seguramente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois como nós non queremos facer iso, tampouco lles permitimos marchar. E non temos substitutos, non os temos. Esa é a realidade que vostedes non queren afrontar.

Nós, en todo caso, máis que dicir estas cousas de sempre, de falar de privatización —¡Dios mío, vaia argumentos! ¡Se iso é todo o que teñen!—, nós o que estamos a facer é traballando co ministerio, buscando ter máis profesionais. Xa reiteramos a necesidade de dotar de sesenta e catro prazas docentes máis; temos postas en marcha os contratos de continuidade; temos feito todas as medidas posibles, incluso tamén —unha liña importante— traballar con outros profesionais de atención primaria para que unha parte dese traballo a poidan facer. E o máis importante, e quero poñelo en valor: os profesionais do centro de saúde están atendendo cos mecanismos que temos establecidos, ou sexa, a prolongación e intersubstitucións, esa demanda deses dous cupos, que, por suposto, estamos buscando alternativas para cubrilos. Pero mentres non os temos, eses pacientes están atendidos polo resto dos traballadores do centro de saúde, utilizando regulamentos e fórmulas que están contempladas e aprobadas na mesa sectorial.

Unha cuestión importante que non quero deixar de dicir neste momento, e falando de Moaña, porque vostede disto se olvida, é que seguimos a esperar polos terreos para poder facer o centro de saúde de Moaña, que xa temos o proxecto básico pendente do proxecto de execución ata que non teñamos os terreos. Levamos desde febreiro de 2020 esperando polos terreos. Se eses terreos estiveran, ao mellor, poderíamos ter unha alternativa diferente á que temos no actual Centro de Saúde de Moaña. Quero pedirilles ás forzas políticas de Moaña que dunha vez dean o paso definitivo, nos poñan os terreos, que —repito— xa temos o proxecto básico esperando eses terreos. Iso é un elemento non fundamental; estamos falando doutro problema máis importante, que é o de recursos humanos. Pero —repito— non quero deixar de destacar esa aposta importante por un novo centro de saúde, que vai triplicar a superficie e vai ter, mentres non estea resolto o centro de saúde, no CIS de Cangas a posibilidade de poder ter en Moaña esas instalacións.

Pero, evidentemente, neste contexto, se me pregunta hoxe, teño que dicirillo con toda rotundidade. Se me preguntara hai dous meses, diríalle que por precaución os circuitos covid





os seguimos mantendo, e as medidas que se tomaron en pandemia seguen, de momento, en vigor, porque —como xa dicíamos naquel momento e, por desgraza, temos que dicilo agora— o virus está aí e había que seguir tomando estas medidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a folga anunciada polos facultativos do Baixo Miño**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra don Manuel Antonio Lorenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Moi bo día, señor Comesaña.

Pídlle que vexa esta imaxe. (*O señor Lourenzo Sobral amosa cara ao escano do señor conselleiro de Sanidade unha fotografía.*) Non son nin radicais incoherentes, nin veciñanza abducida, nin perigosos antisistema. Son, señor conselleiro, veciñas e veciños do Baixo Miño, toda unha comarca en pé, dando un exercicio de dignidade histórica e defendendo a súa sanidade pública dos recortes do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Unha comarca, señor Comesaña, que onte saíu á rúa ao berro de «Máis médicos e menos propaganda». «Máis médicos e menos propaganda», señor Comesaña, demandaban onte os veciños do Baixo Miño. «Máis médicos e menos propaganda» vén hoxe demandar aquí o BNG.

Porque cando vostede, como acaba de facer, señor Comesaña, di que non hai ningún problema coas condicións laborais dos médicos de primaria do noso país —acaba de dicilo agora mesmo, revise o que acaba de dicir—, co que se atopa unha nai da Guarda que quere levar a súa filla de 16 anos enferma ao médico é que de oito médicos que teñen no cupo, levan un mes con só dous médicos de mañá e con sorte un pola tarde. (*Aplausos.*) E, por iso, señor Comesaña, berran: «Máis médicos e menos propaganda». Co que se atopa unha veciña do Rosal, de 70 anos, que tivo que agardar doce días por unha cita. Tamén coa realidade que estaba a demandar a súa alcaldesa, que fíxese onte o que dicía: non podemos nin cumprir cos servizos mínimos dunha folga porque non hai médicos. Debe ser a única folga do mundo na que nos gustaría cumprir con servizos mínimos abusivos. Tres médicos no cupo do Rosal, cero médicos para seis mil habitantes, señor conselleiro; cóbrese cunha prolongación de xornada de Tui. Como vergoña é o que acontece exactamente en todos os concellos do Baixo Miño, e en Oia sen pediatra.

E onte, señor conselleiro, por iso os médicos tiveron que levar adiante un exercicio de dignidade, o que tamén queremos agradecerlles. Queremos agradecerlles dende o BNG os compromisos dos médicos, que non son o BNG, por máis que vostedes se empeñen; son profesionais que están en primeira liña contra esta pandemia (*Aplausos.*) aos que vostede despreza. Todo o noso apoio, estamos con vós na defensa da sanidade pública.



E por iso, señor Comesaña, vostede hoxe ten aquí dúas opcións. A primeira opción é vir aquí coas excusas e propaganda, como acaba de facer, ou ten outra opción, que é implementar medidas que vostede pode levar adiante.

Propostas, señor Comesaña: contraten novas categorías profesionais para descolapsar a atención primaria, como nutricionistas, psicólogos clínicos. Proposta, señor Comesaña: remate coa precariedade na atención primaria. Proposta, señor Comesaña: incentiven as prazas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...de destinos periféricos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Proposta, señor Comesaña: defenda a sanidade pública. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo. Grazas.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Con todo o respecto, señor Lourenzo, e, sobre todo con todos os respectos aos nutricionistas. A solución da atención primaria é contratar nutricionistas. ¡Isto é a bomba! (*Aplausos.*)

Mire: imos falar primeiro con propiedade. O Baixo Miño é un territorio que coñezo ben —supoño que vostede tamén—, que abrangue varias áreas: os servizos sobre Tui e os servizos sobre A Guarda. A folga que a CIG convocou, non os profesionais, a CIG (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*), chámalle do Baixo Miño, pero é unha folga nos concellos da Guarda, O Rosal e Oia.

E, efectivamente, señor Lourenzo, teñen un problema gravísimo, e é que de trece prazas, catro baixas de longa duración. Agora vostede dirame que, claro, as baixas son por estrés dos médicos. Mire: eu non dubido das baixas, en absoluto; son baixas de longa duración e, polo tanto, faltan catro profesionais. Na Guarda, de oito hai cinco, un de baixa e dúas vacantes, porque, ademais de ter baixas de longa duración, temos catro vacantes, prazas que se ofertan á OPE. Teño que dicir que A Guarda é o único destino, algún ano quedou sen cubrir na OPE, non se cobre a praza da Guarda. Será porque damos malas condicións ou porque non hai nutricionista. ¡Ao mellor, vai ser por iso! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como que é mentira? ¿Incentivos económicos? Cobran o mesmo que en calquera sitio.

En todo caso, digo que ese é o problema importante que hai na Guarda. E tamén teño que dicir —igual que dicía antes— que ante eses problemas hai dúas alternativas: falar de privatización, falar dos nutricionistas —e repítoo con todo o respecto para os nutricionistas—, ou buscar solucións.



Nós levamos tempo buscando solucións, con contrato de continuidade, 62.000 euros ao ano, contrato de tres anos que tivemos ofrecido; prazas, esa nova categoría que acabamos de aprobar onte nos presupostos, de facultativo especialista de área, que ademais leva gardas no PAC; todo o papel da enfermería; toda a xestión da demanda; as axendas de calidade. En fin, un conxunto de medidas amplo. Tamén a negociación, sobre todo, cos profesionais; estamos traballando con eles, houbo dúas reunións para buscar unha alternativa para toda a zona.

A zona é complicada, efectivamente, e teño que dicirlle que se non hai xente para facer os mínimos é porque nese centro de saúde temos dúas baixas e unha vacante no centro do Rosal. Pero non teño unha variña máxica para facer que aparezan os profesionais. E, dende logo, como queda demostrado, o problema da falta de médicos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non son do BNG. ¡Xa lles gustaría a vostedes que foran do BNG! Ao mellor, así aparecían máis...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!, ¡silencio! Por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Pero, en todo caso, se vostede ten un médico do BNG, contratámolo mañá, sen ningún problema.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O dito: é un problema importante, que está agora mesmo en todo o territorio, como queda visto en distintas actuacións e no que a Xunta de Galicia segue traballando en buscar solucións. Repito: non deixaremos de buscalas.

E remato agradecendo o traballo que fan eses profesionais, que ademais de estaren coa falta de médicos na Guarda, son capaces de ir cubrir O Rosal. E dende aquí o noso máximo respecto e agradecemento para eles.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Grazas, presidente.

Señor Comesaña, vese que polo que sinalou onte á veciñanza do Rosal vostede non lle ten moito respecto, pero polo que acaba dicir agora, tampouco lles ten respecto aos nutricionistas, aos psicólogos clínicos... *(Aplausos.)*. Lémbrolle, señor Comesaña: o 30 % das consultas en atención primaria teñen que ver coa psicoloxía clínica. Incorpore eses profesionais e verá como se desconxestiona a atención primaria. *(Aplausos.)*

Señor Comesaña, onte mesmo que saibades que fun activado polo 061 para asistir a unha emerxencia no Centro de Saúde do Rosal, onde non había médico. Outra compañeira tivo que levar outra emerxencia da Guarda. Boa parte da mañá estivemos sen dotación todo o



Baixo Miño, toda a poboación do Baixo Miño; un médico na Guarda, un médico en Oia, cero médicos no Rosal. Pode estar vostede ben orgulloso, señor conselleiro, do papelón que están a facer.

E o que agarda esta veciñanza —e dicímosllo en plan absolutamente construtivo— é que vostede dea solucións, que deixe de vir aquí coa ladaíña de sempre, co mantra de sempre, con que non hai médicos, con que a culpa é doutros. Se non hai médicos, algo terá que dicir un Goberno que leva gobernando trinta dos últimos trinta e tres anos neste país. *(Aplausos.)* ¡Algo terá que dicir! Porque se o único que veñen dicir aquí, señor conselleiro, é que a culpa é do Goberno do Estado... Como fixo vostede, señor conselleiro, nunha das declaracións máis vergoñentas que eu lle recordo, e que, de verdade, non son propias, cando dicía que a situación sanitaria no Baixo Miño era responsabilidade do Goberno do Estado para as prazas MIR. En todo caso, seguindo o seu argumento, collendo o seu guante, farían falta catro anos; se vostedes, o Partido Popular, non fixeron os deberes en catro anos, asuman a súa responsabilidade. Pero deixen de culpar e de botar balóns fóra culpando á veciñanza, culpando aos médicos e culpando a todo aquel que lle pon as súas incoherencias enriba da mesa.

A sanidade no Baixo Miño vai defender a súa dignidade o tempo que sexa necesario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...e o día de hoxe foi só o principio. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

*(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señor Lourenzo.

Ben, volvo insistir: eu creo que nunca dixen que o problema da Guarda era do ministerio. Eu o que digo é que fronte a acusar aos outros —que é o que lles vai moi ben a vostedes, botarlles a culpa aos demais—, eu si que digo que hai que buscar solucións. E repito: collo ese guante do Bloque; se o Bloque nos atopa unha proposta, algo para mellorar a situación que hai; que non sexa contratar nutricionistas, por favor, que sexa outra cousa. E vólvo dicir —porque vostede non me escoitou— con todo o respecto para os nutricionistas. *(Aplausos.)*

Mire: o problema é grave, e non é grave na Guarda, é menos grave en Tui. Porque vostede fala do Baixo Miño, e repito que non me pode dicir ningún problema de Tui porque non os hai, nin en Tomiño. Pero ben, Baixo Miño, todo o que vostede queira. Pero nin sequera é de



Vigo nin de Galicia, o problema é polo menos a nivel estatal. Hai un problema gravísimo de falta de médicos e hai que buscar solucións.

Unha solución número un é que nos deixen dunha vez sacar a especialidade de Urxencias, e que os médicos que rematan este mesmo ano a especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, e que o ano pasado foron case a metade a Urxencias, non teñan que irse. Mire: unha medida. ¿Por que non apoia esta medida vostede? Esta medida non lle gusta. *(Aplausos.)* Ben, pois esta é unha medida importante que temos que traballar con ela para mellorar o número de especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria.

Outra medida, que seguimos traballando nela, que a enfermería poida asumir un papel máis amplo, dentro do marco das súas competencias, para botar unha man ao médico, que cremos que aí si que é unha especialidade que ten que poder axudar.

A xestión da demanda: traballar de maneira que toda a demanda que teñen os veciños do Baixo Miño e de todos os veciños de calquera centro de Galicia, poidan ir ao profesional que mellor lles vai resolver o seu problema, e non teñan que pasar todos polo médico. Outra medida que está posta encima da mesa.

Elementos cos PSX, con ferramentas de axuda para que todas as persoas que chamen ao centro de saúde reciban nas vinte e catro horas seguintes á súa chamada a devolución da mesma, que estamos probando agora mesmo e funcionando en todos os centros que está en marcha, respondendo en menos de dúas horas.

E esas prazas que acabamos de demandar ao ministerio —que cremos que si que é el quen ten capacidade para acreditarlas e nós, por suposto, para financiarlas— para o ano que vén xa formar sesenta e catro especialistas. Ao mellor, un podería estar na Guarda formándose. Pois esa é unha vía que temos posta encima da mesa, e non digo que sexa culpa do ministerio, é o ministerio quen ten que resolver esa petición.

E así podería seguir falando horas e horas de cousas que dende esta consellería se está a traballar para intentar resolver un problema que —repite— é endémico. Pero vostede non, vostede siga botándolles a culpa ao Sergas, a Feijóo, á privatización, e esa é a solución, e sigan poñendo carpas diante dos centros de saúde con este mesmo mantra. Pois, evidentemente, así imos ter unha sanidade á altura do que necesitamos e non imos resolver os problemas porque seguiremos dicindo sempre que a culpa é do Sergas e da consellería.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as catro e media.

*Suspéndese a sesión ás tres e dezoito minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos da tarde.*





**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión con outra alteración da orde do día, que neste caso é unha pregunta ao Goberno.

### *Alteración da orde do día*

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta ao Goberno de D. Iago Tabarés.

**Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e tres deputados/as máis do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego na cidade de Ourense para paliar a inactividade e o pechamento de espazos de creación e exhibición artística e cultural derivados das decisións do Concello**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Boa tarde, señor presidente.

Señor conselleiro, realmente a nosa pregunta o que pretende saber —porque existen dúbidas, mesmo no Partido Popular— é se vostedes saben o que está a pasar en Ourense ou se realmente é que si o saben, pero lles dá absolutamente igual. (*Aplausos.*)

Esta, máis que unha pregunta, é unha denuncia polo abandono, cando non persecución, que están a sufrir as expresións culturais e o tecido cultural na cidade de Ourense; creacións culturais que non debemos de confundir con espectáculos, porque espectáculos do grupo de goberno, xa sexa por termalismo, por urbanismo ou por calquera motivo, son os que nos están dando día tras día, pero de escaso nivel cultural. (*Aplausos.*)

Esta denuncia vén sendo unha reprodución do que xa fixeron milleiros de cidadáns e cidadás de Ourense queixándose na rúa —a única posibilidade que teñen entre procesos electorais— para manifestar esa necesidade de cultura, esa emerxencia cultural que se está a vivir na cidade de Ourense.

Estamos a vivir dende os últimos anos —non dende os últimos tres anos, senón algo máis— o peche de espazos de exhibición da actividade cultural. O Museo Municipal pechado, o Museo Arqueolóxico, vinte anos sen actividade, ou mesmo un auditorio privatizado, que unicamente se emprega e se destina ao alugueiro por parte de promotores privados. Polo tanto, os espazos culturais en Ourense son practicamente inexistentes.

Nos últimos anos vimos a supresión do apoio ao Outono Fotográfico, un festival de fotografía decano en toda a Península e que mesmo tiña ramificacións en Barcelona, en Chaves ou noutras partes de Galiza; a supresión do apoio institucional a toda a actividade teatral, xa sexa a Fito, a Mito ou a Miteu, é dicir, o Festival internacional de teatro, a Mostra internacional de teatro universitario ou a Mostra de teatro infantil. Igualmente, suprimiuse a colaboración municipal no Festival Internacional de Música Clásica, o Pórtico do Paraíso; o Festival Corpo (a) Terra, de danza; de danza tamén As Artes do Corpo, A Danza no Claustro...; é dicir, todo tipo de expresión cultural en materia de danza.



Tamén, en materia de música de cámara, o Ciclo Musical en Clave de Cámara, a programación de verán do Ciclo Padre Feixoo, o peche da Universidade Cultural...; algo que só conseguiu este goberno e o de Francisco Franco, durante vinte e cinco anos. (*Aplausos.*) Foron promotores, na Xeración Nós, Risco e Otero Pedrayo, e cento once anos ininterrompidos de actividade, de ensino directo....

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tabarés...

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...agás ese pequeno espazo de vinte e cinco anos... (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Xa terminou o tempo. Grazas, xa está entendido. (*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, a verdade é que esta iniciativa, esta pregunta, a min sorprendeume, e é tremendamente reveladora da forma de entender a política que ten cada formación. Digo que me sorprende porque están vostedes moi preocupados pola actividade cultural na cidade de Ourense —nós tamén, por suposto—, pero non están tanto noutras cidades, por exemplo, en Lugo. (*Murmurios.*) É curioso que un auditorio de 23 millóns de euros non sexa recepcionado polas administracións que están apoiadas por vostedes. ¡É curioso! Moita preocupación por Ourense e moi pouca por Lugo.

¡Home!, eu pediríalle —sei que non vai facer vostede caso, e tampouco lle van facer caso a vostede— que esa forza que transmite no apoio á cultura a diga tamén en Lugo, na Deputación e no Concello. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede non me vai facer caso, e tampouco lle farán caso a vostede, pero creo que sería interesante que compartise esa preocupación.

A verdade é que a Xunta en Ourense temos unha gran rede de servizos públicos, dos principais servizos públicos nos espazos culturais. Acabamos de inaugurar a Biblioteca Nós. Hai moi pouco tamén puxemos en funcionamento o Arquivo Provincial. ¡Fantástica biblioteca e fantástico arquivo!, financiados cuns tres millóns de euros pola Xunta de Galicia —anualmente, o custo de xestión—.

Temos o Museo Arqueolóxico en obras, como vostede sabe moi ben. Despois de moitos anos, afortunadamente, o Museo Arqueolóxico está en obras, ¿verdade? Hai grandes iniciativas culturais financiadas, cofinanciadas, pola Xunta —algunhas xa as citou vostede—. O Festival de Cine, a Mostra de Teatro Universitario, o Festival Pórtico da Gloria, o Festival Internacional de Teatro son cofinanciadas pola Xunta de Galicia.



Levamos contidos culturais; sen ir máis lonxe, a gran exposición De nós a nós; Símbolos xacobeos. Hai uns días inaugurouse Tigres como cabalos, de Xela Arias; Néboas de luz, do propio CGAC. Apoiamos e incrementamos o financiamento e a programación no Teatro Principal, cun incremento do 28 %. Hai dous domingos tivemos unha actuación na propia catedral dun relevante persoeiro da cultura, como é Budiño. Creo que a Xunta cumpre absolutamente; a Xunta cumpre co apoio e coa forza cultural que sempre tivo Ourense cos principais equipamentos culturais: biblioteca, arquivo e museo, e apoiando as programacións tanto públicas como privadas, algunhas de xeito individual e outras con outros colectivos.

Por iso digo que é sorprendente que se cuestione o apoio da Xunta á cultura local da cidade de Ourense.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** E tamén é reveladora...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...porque parece que lle preocupa máis unha cidade... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, xa está. Xa terminou. *(Aplausos.)*

Para a réplica, o señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Señor conselleiro, paréceme unha falta de respecto a este Parlamento, aos milleiros de cidadáns e cidadás de Ourense que se manifestaron a prol da cultura e, por suposto, a este grupo parlamentario, que lle preguntemos por Ourense e nos conteste con Lugo. *(Aplausos.)*

Se lle preguntamos por Ourense e non só polas implicacións, vostede podería contar, sendo honesto, que mesmo hai escasos días algunha actividade, co gallo do Xacobeo, proposta para o concello de Ourense, o Concello de Ourense a rexeitou. Por tanto, a cooperación, ao mellor, ten que substituírse por unha actuación directa.

E pedímosllo á Xunta de Galiza porque, consonte o noso Estatuto, son competentes en materia de fomento e de cultura. E, segundo, porque moitas das cousas ás que estamos facendo referencia que se suprimiron e que podíamos, lamentablemente, con moita dor de corazón, seguir enumerando, son responsabilidade súa, non só por ese goberno —como lle gusta chamalo— Frankenstein que están sustentando, senón porque directamente se cargaron vostedes algunhas desas iniciativas culturais.

Mire, señor conselleiro, para o Bloque Nacionalista Galego e para don Miguel de Unamuno a liberdade é cultura. E o que hai que dar ao pobo para que sexa libre non é escoller entre



cerveza El Águila, Estrella Galicia ou algunha tradicional, senón que é fomentar esa liberdade, fomentar eses valores culturais. E por iso lle pedimos á Xunta de Galiza que se implique radicalmente, porque non só é educación, non só é exhibición, senón que tamén, polo que a vostede lle pode importar, é unha parte moi importante do PIB. E neste momento o tecido cultural de Ourense está sendo moitas veces sacrificado, moitas veces represaliado, e, en todo caso, están deixándoo sen actividade.

Na súa man está reverter esta situación. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tabarés.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, presidente.

Fala vostede de respecto. Verá vostede. Vostedes presentaron en abril deste ano unha iniciativa neste ámbito, e non lle acordou ata agora presentala. Desde abril ata agora non lle acordou. Obviamente, houbo no medio unha manifestación, e vostedes intentan subirse ao carro. Por iso digo que é reveladora, que é reveladora da súa forma de facer política.

Pero mire, que intente dicir que a Xunta de Galicia non cumpre coa actividade cultural na cidade de Ourense é absolutamente un desiderato de pouco valor ou de nulo valor. Acabo de facerlle un relatorio das accións culturais financiadas ou cofinanciadas pola Xunta. A Xunta, obviamente, responde da súa acción, e creo que é tremendamente revelador. E vostede, como xa lle dixen antes, como forza política, tamén podería. Se vostede intenta trasladar ao Goberno da Xunta unha responsabilidade que non é directa, coa mesma lóxica, eu dígolle a vostede: preocúpese de Lugo. ¿Por que lle parece mal que lle cite a Lugo? ¿Por que lle parece mal que vostede, como formación política, non teña algo que dicir respecto de ter un equipamento cultural pechado, onde non se pode programar nada, de 23 millóns de euros? *(Murmurios.)* Vostede dirá: ¿e que ten que ver comigo iso? Vostede é dunha formación política, e coa mesma lóxica que vostede mo aplica a min, eu aplícollo a vostede. *(Murmurios.)* Non intente xogar con outras cartas, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non intente xogar con outras cartas.

E mire, desde a perspectiva da Xunta de Galicia, levamos feito un traballo creo que moi intenso nos últimos anos a prol e a favor da cultura. De feito, é a administración mellor valorada polo sector cultural. O sector cultural en Galicia está rearmándose despois da situación de pandemia, está creando máis empresas e máis emprego. Está aos niveis previos, está a niveis prepandémicos e incrementándose. Son datos non deste conselleiro nin deste pérfido partido político; son datos do Consello da Cultura de Galicia, que entendo que vostede non cuestionará.

En todo caso, nós estamos investindo en programación cultural de xeito directo, en coordinación coa Deputación e en coordinación con institucións privadas, con asociacións e con colectivos na cidade de Ourense. Estamos investindo, como xa dixen, todos os anos en man-



ter os principais contedores culturais: a gran Biblioteca Nós, o gran Arquivo Provincial, o Museo Arqueolóxico, que é de xestión autonómica; estamos tamén no Plan catedrais, rehabilitando o patrimonio deste complexo catedralicio. Temos programados máis de sete millóns a curto prazo. En definitiva, estamos facendo o que temos que facer.

E —insisto— é revelador dunha forma particular de preocuparse da cultura de Ourense, cando a principios de ano vostedes introducen unha iniciativa e non a activan ata hoxe a rebufo dunha manifestación, que non vou cuestionar, obviamente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Grazas,

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...pero dunha manifestación cultural neste caso.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas de protección desenvolvidas conforme a resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide, na Coruña**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Queixas Zas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizón, señor presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Hai algo máis dun ano, o 17 de novembro de 2020, este Parlamento aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei a instancias do BNG instando a Xunta de Galiza a incoar expediente para declarar BIC a Casa Cornide da Coruña. Este acordo foi posteriormente recollido no DOG do 14 de maio de 2021, ao publicar a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide.

O articulado desta resolución recolle a obrigatoriedade de aplicar de forma inmediata e provisoria, con eficacia —leo literalmente—, o réxime de protección que establece a Lei de patrimonio cultural de Galiza para os BIC, para os monumentos en particular e para os bens mobles.

A mesma resolución advirte dunha eiva que pode converterse nun perigo para consolidar a protección integral da Casa Cornide da Coruña. A documentación elaborada para o estudo de valor cultural do inmovible non está completa nin actualizada —así se recolle—, pois non conta con información recente dos bens mobles do interior que poden ser susceptibles tamén de catalogación BIC; unha información que, con todo, apunta á permanencia de elementos relevantes no interior deste edificio.



A resolución publicada no DOG describe que o réxime de protección para o conxunto monumental da Casa Cornide implica, entre outros aspectos, o deber de conservación, o acceso e a visita pública. Transcorridos sete meses da publicación no DOG, no Grupo Parlamentario do BNG preocupámonos non ter constancia de que se teña avanzado na elaboración do inventario completo de bens mobles susceptíbeis de ser BIC para asegurar a súa conservación como ben patrimonial público e colectivo. E, asemade, verificamos que hai aspectos regulados nesta resolución que se están a incumprir, como é a normativa referida á súa visita pública, gratuíta, un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente. Sabe vostede que tamén estou a dar lectura literal da resolución.

De momento, o réxime de [...] públicas non existe e descoñecemos que estratexias, que accións están a desenvolver dende o Goberno da Xunta de Galiza para que se resolva de inmediato este incumprimento da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por parte da familia Franco, a actual propietaria; unha propiedade á que, como outras, hoxe sabemos que accederon de forma fraudulenta.

Por todo iso é polo que lle preguntamos, señor conselleiro, que medidas de protección están a desenvolver dende o Goberno da Xunta conforme o disposto na Resolución pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide da Coruña. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, eu quixera, primeiro, deixar patente que nin este goberno nin este grupo parlamentario ten ningunha débeda nin moral nin política co franquismo nin con calquera forma de goberno, sexa de dereitas ou de esquerdas, que sexa intolerante, que se basee no totalitarismo ou que atente contra a liberdade. Dígoo para que non se cree ningún tipo de dúbidas porque ás veces se lanzan esas sospeitas.

O segundo é que tamén, dende o primeiro momento, e neste caso concreto, vimos traballando para garantir a máxima protección na Casa Cornide, e estámolo facendo coa solvencia técnica precisa, acurtando os tempos necesarios para a incoación do expediente, e sobre todo cunha gran lealdade institucional. Nós iniciamos este expediente a instancias do Concello da Coruña, que nolo solicitou formalmente, e así o fixemos. Obviamente, despois o BNG sumouse ao carro cunha iniciativa. E o que se fixo foi declarar en tempo récord a incoación do expediente, unha vez que recibimos a información necesaria para poder soportar tecnicamente e con solvencia xurídica tal declaración. Unha vez que se incoa un expediente, pois ten o máximo nivel de protección, e todas as cuestións vencelladas á autorización, conservación, comunicacións, transmisión, etc., están vinculadas a esta figura de máxima protección. Tamén, por suposto, o traslado dos mobles. De feito, este goberno na Casa Cornide fixo





algo que non se fixo noutros gobernos, por exemplo nas Torres de Meirás, que foi declarar o continente e o contido. Se nas Torres de Meirás se declarase continente e contido, non estaríamos tendo os problemas que agora temos, co cal hai que facer as cousas ben e hai que facer as cousas con sentido.

Tamén quero dicirlle que a propia incoación do expediente, ao declarar contido e continente, xa lle frea á Administración a posibilidade de sacar, sen ningún tipo de comunicación, calquera ben do seu interior. É dicir, se quere haber algún traslado dalgún ben moble, ten que haber unha comunicación, neste caso, da Administración autonómica. E como xa dixen, se iso se fixera ben ou se fixera así tamén nas Torres de Meirás, non estaríamos tendo os problemas que hai.

Respecto das visitas, obviamente, o mandato xurídico é o que é. Tamén é certo que houbo unhas alegacións e que hai que resolvelas antes de tomar as decisións concretas, porque, se non se resolven as alegacións presentadas, obviamente, entrariamos nunha situación xurídica de debilidade.

En todo caso, eu o que lle podo dicir é que neste momento a única administración —ja única!—que fixo algo no ámbito da Casa Cornide, máis alá de declaracións, é a Xunta de Galicia. Anunciouse no seu momento un proceso xudicial, ata onde sabemos non está iniciado, e a Xunta cumpriu co seu cometido, que era declara BIC este inmovible, tanto o continente como o contido, protexendo, desde a perspectiva patrimonial, os bens de interese cultural que poida haber no seu interior. E creo que, como xa dixen, ata o momento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...non coñecemos se o Concello da Coruña iniciou a tramitación administrativa necesaria para levar a cabo o proceso xudicial para recuperar, desde o punto de vista do espazo público...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas. Xa está aclarada a cuestión... (*O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Obrigada, presidente.

Señor Román Rodríguez, *excusatio non petita, accusatio manifesta*. (Aplausos.).

Grazas, con todo, por centrarse na Casa Cornide da Coruña —porque non hai outra, por iso é singular, senlleira e única— e grazas por non responderme, como fixo o compañeiro que me precedeu no uso da palabra, de calquera outro lugar ou de calquera outro patrimonio do país.

Ben, vostede e eu sabemos que o obxectivo principal e prioritario dun expediente BIC é, precisamente, blindar a protección do patrimonio. ¿Vostede pode asegurar aquí que está blindada a protección total e integral do patrimonio que garda a Casa Cornide da Coruña? ¿Pode,



por favor, responderme a esa pregunta? ¿Teñen visitado os técnicos da Consellería a Casa Cornide, como así se recolle na resolución, para poder agora ter un expediente completo, un inventario completo dos bens susceptibles de catalogación BIC que están dentro da Casa Cornide? ¿Cantas visitas fixo o persoal técnico da Consellería ao interior da Casa Cornide para termos ese informe que verdadeiramente blinde e asegure a protección monumental dos bens mobles da Casa Cornide? ¿Que resultado temos definitivamente, sete meses despois? ¿Cal é ese inventario? ¿Cando imos dispoñer dese inventario completo e exhaustivo?

Fágolle todas estas preguntas porque vostede sabe coma min que os antecedentes non son nada tranquilizadores. O espolio acompaña, acompañou —agora xa está por fin verificado e esclarecido— a familia do ditador. Para nada teñen demostrado que lles importe o patrimonio cultural, que, por outra parte, é colectivo; en absoluto. As súas ansias son doutro tipo.

Vostede sabe que antes desta resolución mesmo esta casa, a Casa Cornide, apareceu en venda. Ese é o interese real que ten a familia Franco pola Casa Cornide (*Aplausos.*); non, desde logo, como protección cultural. Vostede sabe que, moi pouquiño antes de publicarse esta resolución, houbo denuncias veciñais —que, por suposto...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...recollemos nós— de furgonetas que estaban sacando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. A cuestión xa está zanjada.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...o seu patrimonio. Polo tanto, por favor... (*A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o seu tempo. Señora Queixas, xa a entendemos todos.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Bueno, señora Queixas, vostede sabe, ou debería saber, que dende o momento da incoación dun ben BIC está garantida a preservación dos valores culturais do ben incoado. Non entra na propiedade. Un BIC nunca entra na propiedade, non nos confundamos, pero si na protección dos valores culturais. E, dende o primeiro momento que se incoou, esa protección chegou aos bens mobles e inmoables, ao continente e ao contido.

Insisto, se nas Torres de Meirás se fixese así, moitos dos problemas que agora temos non os teríamos. Pero naquel ano fixéronse as cousas mal. E aquí o importante é: primeiro, facer as cousas no seu tempo —moi importante—, pero facelas ben, desde a perspectiva xurídica, e creo que se están facendo perfectamente ben. E o que vostede deixa caer da posibilidade dun traslado ou dunha desprotección dos bens non é certo, porque para calquera traslado é necesario que haxa unha petición expresa á Consellería de Cultura e que sexa autorizado, non entrando —insisto— na propiedade do ben, que aí é o Concello quen ten que mover peza. A



Xunta de Galicia moveu peza e fixo a incoación do expediente, e ten que ser o Concello quen vaia pola vía xudicial para declarar a propiedade do ben, como así ten declarado, e entendo que vostedes están a favor.

Mire, nós fixémolo e levamos colaborando, traballando e protexendo os valores culturais dos bens. Fixémolo nas Torres de Meirás, fixémolo nas estatuas do Mestre Mateo e estámolo facendo aquí, colaborando lealmente, sen intentar sacar réditos políticos e sen intentar demostrar nada. E aquí parece, polo que podemos saber dos conflitos políticos no Pleno da cidade da Coruña, que hai como unha especie de lea entre vostedes como formación política e o PSOE como formación política a ver quen leva o mérito. E aquí non é cuestión de levar o mérito, aquí é cuestión de levar, digamos, o resultado final dun xeito positivo. *(Murmurios.)*

Nese sentido, e para que non haxa ningún tipo de dúbida, eu direille que, dende finais do ano 2020, preséntanos o Concello da Coruña a solicitude do inicio do trámite. Nós fixémolo en maio; en maio incoamos o expediente BIC, continente e contido. Non hai ningunha administración que fixera nada —¡ningunha!—. Declaracións, moitas; facer, nada, ¡nada! E a única administración que fixo algo polos valores culturais da Casa Cornide, ata o momento, foi a Xunta de Galicia. A min gustárame que mañá o Concello da Coruña dixera que comeza os trámites xurídicos para poder reclamar a propiedade, igual que se fixo coas Torres de Meirás ou igual que fixo no seu momento o Concello, perdendo xudicialmente... *(O señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro. Xa quedou claro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...pero, en todo caso, nós imos seguir traballando con lealdade e sempre co máximo respecto aos valores culturais que hai nestes bens.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor conselleiro. Entendido.

Punto sexto da orde do día, retomámolo, interpelacións.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Fernández Gómez.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Moi boa tarde a todos e todas.

Señora conselleira, vostede sabe que Galicia ten un problema coa vivenda baleira e que vostedes, de momento, non están facendo absolutamente nada por resolvelo. O 18 % das vivendas en Galiza están baleiras e non teñen uso. Case unha de cada cinco vivendas están baleiras no noso país. É a maior porcentaxe de todo o Estado, e seguramente cando falamos de vivendas baleiras e con estes datos tan espeluznantes moitos pensaredes: ¿e onde está



esta vivenda baleira para chegar ao 18 %? Pois a primeira imaxe que se nos vén a todos, evidentemente, son todas esas miles de vivendas baleiras que hai nas aldeas que se foron despoboando. Efectivamente, hai unha parte importante desa bolsa de vivenda baleira que está ligada á emigración masiva cara a contornos urbanos, sobre todo hai tres zonas no país onde iso se reflicte de forma máis clara: practicamente o que é toda a zona da provincia de Ourense e Lugo, a Costa da Morte e A Mariña, que teñen concellos onde se chega incluso a que o 30 % e ata o 40 % da vivenda, do total da vivenda, estea baleira e sen uso. ¡Unhas cifras brutais!

Pero para chegar a ese 18 % global a nivel galego, non se explica só coas vivendas deshabitadas de zonas rurais, senón que tamén hai unha cara B da vivenda baleira, que son as vivendas que se construíron en zonas urbanas. Sobre todo a partir dos anos noventa deixou de construírse en función dunha necesidade real e pasou a construírse baixo unha lóxica puramente especulativa. Tanto é así, que nos últimos trinta anos baixou o censo de poboación 100.000 persoas e construíronse medio millón de vivendas. É un desequilibrio brutal e de aí que 100.000 das 300.000 vivendas baleiras fosen construídas entre o ano 1991 e o ano 2011.

E as características desta segunda bolsa de vivenda baleira urbana, sobre todo, fan que sexa aínda máis sangrante que non teñan uso estas vivendas. Primeiro, porque é vivenda de recente construción e, polo tanto, está en boas condicións para ser ocupada. E, segundo, porque esta vivenda está localizada nos mesmos lugares onde se concentran os problemas para acceder á vivenda, os mesmos lugares onde aumentan os desafiuzamentos, onde aumentan os prezos dos alugueiros e onde miles de persoas agardan por unha vivenda protexida inscrita no Rexistro de Demandantes de Vivenda. É un auténtico disparate como país que un 30 % da vivenda baleira estea concentrada nas sete grandes cidades. E a crise de 2007 obrigounos a reflexionar sobre este feito, sobre un modelo que está absolutamente tensionado, por un lado, por un incremento excesivo da vivenda e, por outro, por un aumento das dificultades de acceso á vivenda. Nese sentido, a crise de 2007 foi un punto de inflexión, de inflexión social e política, e de aí tamén que a partir, sobre todo, do ano 2013 se comezaran a desenvolver novos marcos regulatorios para corrixir este problema, tanto no contexto europeo como dentro do propio Estado por parte das distintas comunidades autónomas, que son as que teñen as competencias en materia de vivenda. E un exemplo disto son as leis desenvolvidas en Cataluña, en Euskadi, en Valencia... Cada unha delas ten un enfoque propio, pero hai unha serie de eixos coincidentes en todas estas leis, nesta, digamos, política avanzada de vivenda baleira.

O primeiro deles é que entenden que a vivenda ten unha función social, e iso significa que o propietario, por tanto, ten tamén unha serie de obrigas respecto da sociedade.

Tamén coinciden en implementar medidas de presión fiscal para fomentar que esas vivendas se poñan no mercado libre e disuadir os propietarios de deixalas baleiras.

O terceiro que comparten todas estas leis é que tamén dirixen unha parte desta vivenda baleira para programas de mellora do acceso á vivenda; programas públicos que fomentan que o propietario poña esa vivenda a prezos accesibles.

E o cuarto que comparten todas estas normativas é que son políticas que distinguen tipos de propietarios, porque non é o mesmo —creo que todos podemos estar de acordo— un pe-



queno propietario que non pon a súa vivenda en alugueiro porque non ten cartos para arraxala, por exemplo, que un gran propietario que simplemente a ten pechada porque só ten unha lóxica puramente especulativa. Por tanto, poñen políticas que sexan equitativas e que teñan en conta unha lóxica redistributiva e os tipos de propietarios.

Levamos xa unha década con todos estes cambios legislativos noutras comunidades autónomas, e o Goberno de Galiza segue sen tomar medidas, como se non pasase nada. Non houbo unha reflexión poscrise 2007. E este tempo de desenvolvemento do marco regulatorio dános unha perspectiva sobre os beneficios que teñen este tipo de medidas. Eu creo que manda unha mensaxe moi importante de cambio de paradigma; manda unha mensaxe dicindo que a vivenda é antes para vivir que para especular e que xera un efecto de disuasión para aqueles investidores que teñen unha estratexia de acumulación de activos inmobiliarios, porque esa vivenda ten que estar no mercado antes que baleira, e iso implica tamén, a nivel económico, como modelo económico, ter unha economía menos dependente das flutuacións do mercado inmobiliario da construción. Tamén ten o beneficio de que fai aflorar toda esa vivenda no mercado libre, tanto en alugueiro como en venda, o que xera tamén un aumento da oferta que repercute no arrefriamento dos prezos do mercado libre. Tamén ten outros beneficios, como a capacidade de crear vivendas a prezos accesibles con eses programas para que xente con poucos recursos, como pode ser xente moza ou mulleres vítimas de violencia de xénero, se acollan a eses programas, e isto permite tapar de forma transitoria a eiva que temos de déficit de parque público que hai no conxunto do Estado. Tamén provoca un interese por parte do propietario de sacala ao mercado, que dinamiza un maior investimento en rehabilitación e en conservación e evita o consumo de solo. Por tanto, é unha aposta tamén de futuro en canto ao modelo territorial máis sostible.

Polo tanto, os beneficios son directos para as persoas que se acollen aos programas de alugueiro a prezos reducidos, son positivos para o conxunto da poboación, porque reducen os prezos incluso do mercado libre, son positivos porque nos fan menos vulnerables ante as crises dos ciclos inmobiliarios, dinamizan a rehabilitación e apostan por un modelo territorialmente máis sostible.

¿E que fixo o Partido Popular?, ¿que fixo vostede, señora conselleira en todo este tempo —ademais, quero recordar que vostedes gobernaron ao longo de todo este tempo con maioría absoluta e plena competencia en materia de vivenda—? Ben, puxeron en marcha un programa de vivendas baleiras que ten o dubidoso éxito de conseguir sacar 30 vivendas en catro anos. Conseguiron mobilizar 30 vivendas en todo o país en catro anos. É un fracaso que está incluso recoñecido polo propio director do Instituto Galego de Vivenda e Solo. (*Aplausos.*)

O segundo que fixeron foi poñer unha serie de axudas que consistían en axudas á rehabilitación para os propietarios por un importe de 8.000 euros, a cambio de mobilizar esa vivenda; 8.000 euros para cada vivenda. Pois ben, a execución desa partida no ano 2020 foi de 6.907 euros, polo que cabe deducir, señora conselleira, que deberon financiar a rehabilitación dunha soa vivenda en todo o país. Eu non sei se xestionan vostedes un concello ou se xestionan vostedes a política de vivenda dun país. (*Aplausos.*)





Agora sacou unha nova medida hai uns meses, que era supostamente para abordar o estado de abandono dos núcleos rurais mediante a creación dunha especie de páxina de anuncios de aldeas en venda; un gran esforzo por parte da súa consellería que se salda tamén con cifras exitosas: lograron anunciar dúas vivendas en toda Galiza (*Aplausos.*), as dúas en Sober, que, por certo, foi a onde foi a sacar a foto o día que inauguraron o programa, e nunca máis se soubo.

Hai máis de cinco anos lanzaron un programa de censo de vivenda baleira, no que é obrigatorio que se rexistren todas as propiedades que están en mans de entidades financeiras, de actividades inmobiliarias e incluso de entidades de xestión de activos. Cinco anos despois de que creasen ese censo que supostamente tiña que servir para algo máis que para ter un censo, a realidade é que non tivo ningún impacto real, porque o que fixeron foi anunciar que creaban ese censo nun contexto onde había moito descontento social, pero inmediatamente o meteron nun caixón; e, ademais, metérono nun caixón baixo chave, porque se negan a darnos información concello a concello dese censo, (*Aplausos.*) como xa lle pedimos con preguntas orais e incluso mediante o artigo 9.

O seu, definitivamente, é un fracaso planificado, señora conselleira, porque eu creo que estes datos que lle estou sacando avergoñarían a calquera persoa que teña a responsabilidade que vostede ten, pero eu creo que vostede, en realidade, non tivo ningún tipo de interese en conseguir éxito nesta materia, se non tería, polo menos, asumido algunha responsabilidade, cambiado algo, pero parece que non pasa nada na Consellería.

É momento, señora conselleira, de que acaben con esa política de brazos cruzados, de que Galiza tome as súas competencias e faga política de vivenda que nos coloque na vangarda e non na posición de cola de todo o Estado; é momento de que Galiza faga a súa propia política en materia de vivenda atendendo as singularidades do parque inmobiliario de Galiza, do modelo territorial que temos e da estrutura da propiedade. E iso significa elaborar unha estratexia múltiple que teña en conta eses dous grandes sectores de vivenda baleira que mencionaba ao principio: por un lado, a que ten que ver cos procesos migratorios rural e urbano, e a outra que ten que ver coa especulación. E tamén unha proposta que teña en conta esa diferenciación entre o tipo de propietario, porque non é o mesmo o propietario que opta por ter unha vivenda baleira porque a súa única función é puramente especulativa, que o que non ten cartos, por exemplo, para arranxala. Hai que combinar políticas de fomento con políticas disuasorias e políticas impositivas.

É momento dunha política pensada para responder a esa realidade urbana galega na que se concentra a maior demanda de vivenda en Galiza. Galiza ten que ter, unha vez por todas, unha regulación, como se está desenvolvendo noutras comunidades autónomas. Eu, sinceramente, nunha lles escoitei nin tan sequera unha reflexión. Non sei se vostedes teñen algún tipo de estratexia a este respecto, pero é un tema que non está claro nas súas prioridades e ao que non se refiren.

En definitiva, é momento da política de vivenda baleira de vangarda, para que a vivenda parada dun banco sexa a vivenda a prezos accesibles dese mozo que se pode emancipar, e para que as ducias, os centos de vivendas en mans de entidades financeiras pasen a ser vivendas accesibles...





**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...para as rendas máis baixas.

Tamén é o momento de axudar os pequenos propietarios a rehabilitar esa vivenda, pero tamén a que a reformen e a poñan a prezos accesibles.

Isto é o que ten que decidir, señora conselleira: se Galiza sobe a esas novas políticas de vivenda baleira de vangarda, ou se se queren converter vostedes dende a Xunta de Galicia nun bastión no que a vivenda baleira, no que a vivenda en xeral, siga estando condicionada por unha lóxica puramente especulativa. Teñen que decidir vostedes que modelo queren. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Gómez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

Señora Fernández, escoitala, con moita atención; contribuír con propostas serias a mobilizar a vivenda baleira, por suposto; leccións, ningunha. Lección debería dárllela vostede, despois de todo o que dixo, a certos alcaldes, como pode ser ao alcalde de Pontevedra, ao que se lle cede por parte da Xunta de Galicia un solar residencial para construír vivenda pública e destínoa a aparcadoiro. Unha cousa é falar aquí e outra cousa é cando gobernan vostedes.

Polo tanto, que saiba que hai unha serie de competencias que ten que exercer a Xunta de Galiza e que hai certas competencias que han de ser compartidas, tamén cos concellos.

Polo tanto, un día máis volvemos tratar neste Parlamento todo o relativo a vivendas baleiras; unha preocupación que, por suposto, compartimos. Eu comparto a preocupación de ter vivenda baleira en Galicia con vostede. Distinto é o que fan; vostedes simplemente predican e os demais o que facemos é actuar.

Creo que todos coincidimos en que é necesario mobilizar as vivendas sen uso para que saian ao mercado, para que saian ao mercado en alugueiro, e para iso os propietarios han de ter seguridade xurídica, e, dende logo, co que vostedes pretenden facer dificilmente van ter seguridade xurídica estes propietarios.

E a mobilización pasa por outorgar esas garantías; garantías nas cales debemos falar cos propietarios. Cada administración ten unha serie de responsabilidades, e aquí toca dar datos. Cando vostede fala de que o 18 % das vivendas que hai en Galicia están baleiras, partimos dunha base, e esa base é o IGE; 1,6 millóns de vivendas en Galicia, das cales din vostedes



que 300.000 son vivendas baleiras. O que non di vostede é a verdade, porque sabe que dentro desas 300.000 vivendas baleiras gran parte delas se atopan en ruínas. Entendo que vostede non pretende que esas vivendas en ruínas saian para alugueiro, porque todo o mundo precisa ter un fogar onde vivir e que ese fogar sexa decente.

Polo tanto, se a alguén lle compete a definición de vivenda baleira non é á Xunta de Galicia, non é ás comunidades autónomas, é ao Goberno central, e aí estamos esperando e aínda non obtivemos resposta. O único que temos enriba da mesa, señora Fernández, é un anteproxecto de lei que, por suposto, é inconstitucional a todas luces, e onde a definición de vivenda baleira, en principio, é aquela vivenda que leva dous anos sen actividade, é dicir, sen ese uso social pretendido.

Dito isto, toca avanzar, despois de poñer as cousas claras enriba da mesa, porque parece que tan só uns teñen competencias e os demais simplemente dan leccións. Hai que facer algo máis que dar leccións.

Polo tanto, dende o Goberno galego traballamos e avanzamos, e ademais tomamos medidas e reformulamos un programa no cal tiñamos que traballar todos da man e no que os que menos traballaron foron aqueles concellos onde hai máis demanda, que son os das cidades, que non se adheriron ao Programa de vivendas baleiras, e que tiñan que xestionar, señora Fernández, pero que non quixeron facelo. Polo tanto, dende a Xunta de Galicia, como non imos deixar a ninguén atrás, e xa que nesas cidades nas cales hai esa demanda certos alcaldes decidiron dar un paso atrás e non á fronte, poñemos en marcha un novo programa, un novo programa que reformulamos e que, ademais, recollemos no Pacto social pola vivenda do ano 2011-2015. Un punto que precisamente fai referencia á posta en marcha, que permite mobilizar o maior número de vivendas posibles, para poñelas en alugueiro a un prezo accesible. Sabemos que o Goberno central, ademais, está traballando no Plan de vivenda; Plan de vivenda que xa deberíamos ter en marcha e que supoño que vostedes, que teñen conformidade para certas cousas, o deberían saber, pero que o están demorando no tempo. Entón, séguese alongando o Plan de vivenda que procedía do Partido Popular.

Agora mesmo, o Goberno central, nese plan de vivenda, pretende un programa moi parecido ao que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia, pero cunhas pretensións moi inferiores para arrendatarios e tamén para propietarios. E dentro desas pretensións é que a axuda para adementamento ou rehabilitación é de 4.000 euros, en vez dos 8.000 euros que pon enriba da mesa a Xunta de Galicia. Pero non prevé, señora Fernández, nin axudas complementarias nin tampouco inclúe ningún tipo de seguros. E, polo tanto, dificilmente se lles pode dar seguridade xurídica a eses pequenos propietarios porque en Galicia están vostedes fartos de repetir e de falar unha e mil veces de grandes tenedores, cando case non existen os grandes tenedores en Galicia, existen os pequenos propietarios.

Estamos falando aínda, por suposto, dun borrador que non sabemos cando chegará a ser unha realidade. Dende a Xunta decidimos non seguir esperando, a pesar de que teñen que ser eles os que definan o concepto de vivenda baleira. E temos en marcha —e, ademais, témolo pechado—, para empezar a principios de xaneiro, a nova reformulación, a nova fórmula para facernos cargo dende a Xunta de Galicia e mobilizar o parque de vivendas baleiras, que en ningún caso son as 300.000 das que vostedes falan reiteradamente.



¿Principal novidade que introducimos? A Xunta xestionará directamente este programa, no que, co obxectivo de mobilizar o maior número posible de vivendas, contaremos coa colaboración dalgúns concellos, dos administradores de fincas e dos axentes da propiedade inmobiliaria. Estamos ante un novo programa que ofrece seguridade xurídica aos propietarios das vivendas, con seguros de pago de alugueiro, seguros de multirrisco do fogar, así como acceso ás axudas para rehabilitación e adaptación de vivendas. Da mesma maneira, os inquilinos poderán acollerse ás axudas ao alugueiro que se convoquen cada ano, e fomentará o arrendamento das vivendas con axudas de ata 8.000 euros para os propietarios que se sumen a este programa. Unha axuda destinada exclusivamente a facer melloras na vivenda para garantir a súa habitabilidade, porque sabe vostede que hai pensionistas que teñen un piso para alugar, pero que, se teñen que facer un investimento, seguramente lles compense máis telo baleiro. Pois aí é onde imos estar, ao seu carón.

Finalmente, os propietarios das vivendas acollidas ao programa poderán beneficiarse de bonificacións fiscais, por suposto, se así o dispoñen os concellos onde se sitúen. Pero o que necesitamos é a colaboración, esa colaboración entre entidades locais, sobre todo das grandes cidades, que é aí onde hai a demanda. É algo necesario tamén para achegar información aos posibles beneficiarios deste programa, que son os propietarios dos inmobles baleiros, para que poidamos habilitar fogares para as persoas ou para as familias que máis o precisan, sobre todo en cidades, como pode ser o caso de Vigo, en primeiro lugar, o caso da Coruña, en segundo lugar, ou o caso de Pontevedra, en terceiro lugar. E diso vostedes deberían saber.

Pero non só iso é no que nos centramos. O Pacto de vivenda supón un investimento de 1.600 millóns de euros ao longo destes catro anos e supón outros ámbitos de actuación, como pode ser o aval principal, para que os xoves poidan adquirir unha vivenda. E todo isto non o sacamos nós porque queremos, o Goberno porque quere, senón que falamos coa sociedade, señora Fernández. Nós non estamos en posesión da verdade, o que facemos é falar con todos; e falar con todos é ter un observatorio da vivenda, e ter un observatorio da vivenda supón ter representantes dos distintos eidos. Polo tanto, en función diso, vanse sacando as distintas estratexias.

Entón, elaborado neste marco, no marco do Observatorio, sacaremos para adiante esta acción, como vimos sacando outras. E aí, ¿quen está contribuíndo? Pois está contribuíndo o IGVS, cos seus técnicos, por suposto; está contribuíndo a Fegamp, que ten distintos representantes; e está o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas, o Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria, o Colexio Galego de Consumidores e Usuarios, o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, a Federación Galega da Construción, a Federación de Promotores e Edificacións de Solo en Galicia, así como a Unión Galega de Cooperativas de Vivendas. Eles todos son os que cuantifican e son os que mes a mes van dando as súas ideas; ideas que trasladamos á sociedade para mobilizar o maior número de vivendas posibles. Ás veces ponse en cuestión, supoño que porque estes representantes son menosprezados por parte de todos vostedes, pero son eles os que o fan, e nós estamos ao seu carón. ¡En absoluto, señora Fernández! Eu veño aquí e expóñoalles en que consiste o Pacto social pola vivenda.

Dito isto, avanzamos. A Xunta está traballando para garantir o acceso á vivenda, e faino dende distintos eidos. Direille que no camiño nos atopamos con trabas e, dentro desas trabas



está o Anteproxecto de lei de vivenda, co que supoño que vostedes non estarán de acordo; ou talvez si, non o sei. ¡Totalmente inconstitucional! Aí vólvolle repetir: ¿como define a vivenda baleira? Pois aquela desocupada durante dous anos. ¿E cal é a solución que pon enriba da mesa...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...o Goberno central? Pois a posibilidade de establecer unha recarga de ata o 150 % de IBI a aquelas vivendas que leven máis de dous anos desocupadas. Pero ponlles o traballo. ¿A quen? Aos concellos, que son quen teñen que executalo, señora Fernández. E rapidamente saíron os alcaldes a dicir que de ningunha desas maneiras. Pois eles son os que teñen a competencia, son os que cobran o IBI...;

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...non cobra o IBI a Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica, a señora Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** Señora conselleira, pobres técnicos do IGVS con vostede, porque vostede di que non hai 300.000 vivendas baleiras. Vostede ten unha consellería e un Observatorio da Vivenda de Galiza que emitiu un informe sobre a vivenda baleira en Galiza. Eu non sei se leu o informe. Se le ese informe, ese informe di que en Galiza hai 300.000 vivendas baleiras. *(Aplausos.)* Supoño que foi feito por técnicos do Instituto Galego de Vivenda e Solo. *(Aplausos.)* Pero, claro, é que eses técnicos fan ben o seu traballo, porque o que fan é basearse en datos estatísticos oficiais. ¿E de onde sacan eses datos? Do único censo de vivenda que temos fiable neste momento, que é o último censo elaborado por parte do INE. É que non hai outro. ¿Vostede ten outro dato? Porque vostede, para dicir que esa cifra non é certa, igual ten feito un censo de vivenda en Galiza. Se o ten, debería sacalo; e, se non, vostede non pode dicir que esas cifras non son reais se vostede non ten ningún tipo de información e se o seu propio Observatorio de Vivenda emite un informe dicindo que esa é a situación. Vostede non ten ningún dato para avalar as cousas que di. Quen si traballa con datos é o Instituto Galego da Vivenda e Solo, por parte do Observatorio, emitindo os informes, que o fan con rigor e sacando os datos. E neses datos baseámonos nós. *(Aplausos.)* ¡Oxalá vostede tomase en serio os seus propios funcionarios! *(Aplausos.)*

Unha das cousas que dixó —que tamén me preocupou bastante— foi que non sabemos que a maioría desas vivendas están en ruínas. Unha das cousas que di ese Informe do Observa-



torio da Vivenda de Galiza é que o parque da vivenda baleira en Galiza ten unha singularidade, e é que a vivenda baleira se concentra no ano de construción, sobre todo nos extremos, na que foi vivenda construída antes de 1900, pero tamén na vivenda construída de forma recente. De feito, se imos ao ano de construción desa vivenda baleira, a maior ratio está na vivenda construída na última década; e só entre a década dos noventa e o 2011 suman unha terceira parte de toda a vivenda baleira.

Por tanto, esa idea que lanza vostede de que a vivenda baleira é unha cuestión de que está en ruínas, de que iso custaría moito traballo e que está nos ámbitos rurais é falso. Hai unha parte moi importante desa vivenda que está en contornos urbanos, que se construíu de forma recente, que está para entrar a habitar e que non se pon no mercado porque está feita única e exclusivamente para especular. *(Aplausos.)* Aí é onde vostedes teñen que entrar; *(Aplausos.)* é o que están entrando todas as comunidades autónomas a regular e é unha competencia autonómica.

¿Como pode ser que vostede veña aquí dicir que é inconstitucional a Lei estatal de vivenda do Estado? Nós estamos de acordo en que invade competencias, ¡pero despois vostede non as exerce! ¡É que son súas as competencias para regular en materia de vivenda!, *(Aplausos.)* como o fan o resto de comunidades autónomas. *(Aplausos.)* E non teñen que ser os concellos os que apliquen os programas, poden aplicalos vostedes directamente, como o fai, por exemplo, Cataluña, ou como o fai, por exemplo, Valencia. Se vostedes quixeran, podían; o que pasa é que vostedes legislan para o fracaso. E deille os datos. Os datos da súa consellería en materia de vivenda son un fracaso: 30 vivendas mobilizadas en catro anos. Eu supoño que non sabería que lle ía vir cos datos reais de execución das axudas que vostede veu aquí relatar, porque vostede me acaba de vender o programa de axudas de 8.000 euros para rehabilitación e eu acabo de darlle os datos de execución de 2020, que había unha partida de 150.000 euros e executaron 6.907 euros, cando as axudas eran de 8.000 euros por vivenda. *(Aplausos.)* ¡E se non deberon rehabilitar unha vivenda case! ¿Como pode vostede vir aquí venderme ese programa? Vostedes teñen que cambiar a política porque as políticas que están implementando están fracasadas. Teñen que facer políticas.

E o futuro, as políticas de vangarda en materia de vivenda, pasan por medidas impositivas fiscais, porque ten que haber unha lóxica redistributiva e non o que pretenden facer vostedes. Porque unha das cousas que nos preocupa moito do novo Pacto de vivenda é que vostedes por primeira vez pretenden facer algo co Censo de vivenda baleira. Recordemos que no Censo de vivenda baleira están as vivendas das entidades financeiras da Sareb e as de filiais inmobiliarias. Pois o que pretenden vostedes facer con esas vivendas é poñelas en alugueiro con opción a compra para menores de 35 anos, que consiste en —¡atención!—: vivenda da Sareb. A Xunta vaille dar 8.000 euros directamente só por poñela en alugueiro. ¿Ten algún tipo de contraprestación...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. ¿Ten algún tipo de contraprestación de redución de prezos? Non. Obríganlle ademais... Imaxínade un mozo de 28 anos que entra a coller esa vivenda. Resulta que ten que pagar de entrada unha fianza de ata o 5 % do prezo da vivenda. Nunha vivenda de 150.000 euros, supón que ese rapaz que entra vai pór, así de primeiras, unha fianza de 7.500 euros. A Sareb estará moi contenta porque nada máis facer o contrato de alugueiro xa terá 8.000 euros da Xunta e 7.500 do rapaz novo. Se en cinco anos decide non comprala, se non acaba comprando esa vivenda, a entidade





queda coa fianza que puxo ese rapaz mozo e nin sequera vai pagar unha renda máis baixa polo alugueiro, vai pagar o prezo de mercado libre. É dicir, ¡un chollazo! Cinco anos sen que, ao final, compre a vivenda, e esa entidade cobra as rendas a prezo de mercado libre e a suma dos 8.000 euros máis os 7.500 do rapaz. *(Aplausos.)*

Iso é o que están vostedes facendo, políticas para beneficiar as entidades financeiras. Temos que ir no sentido contrario, cara a onde está indo todo o mundo, que é que precisamente esas entidades son as que teñen unha obriga porque a vivenda ten unha función social; e, por tanto, como propietarios diso, teñen unha obriga para coa sociedade. Iso significa que esas vivendas teñen que poñerse...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ:** ...con prezos accesibles para cubrir as carencias en materia de vivenda que hai neste momento. Corrixa as políticas en materia de vivenda dunha vez por todas, señora conselleira, porque o seu é un auténtico fracaso. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Fernández Gómez.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para o peche da interpelación, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

En algo imos avanzando, señora Fernández. ¡Noraboa por recoñecerlles aos técnicos do IGVS o seu traballo! ¡Vai sendo horas! *(Aplausos.)* ¡Vai sendo horas! *(Aplausos.)*

En segundo lugar, cando vostede lea os informes, léaos íntegros porque ¡menudo *revolutum* deu vostede aquí sobre a Sareb e sobre as fianzas! Mire, fianzas si que poñemos, e poñemos avais, e somos a segunda comunidade autónoma que os imos poñer en marcha, xunto con Murcia. Ata un 15 % poñerá de aval a Xunta de Galicia para aqueles xoves que queiran comprar unha vivenda. Esas son políticas de vivenda.

Dito isto, direilles, señora Fernández, que o único que pretendemos con este programa é dinamizar as vivendas baleiras; vivendas baleiras que están sen definir, que as ten que definir o Goberno central. As trescentas mil vivendas que hai son todo tipo de vivendas, e sabe que moitas delas están en ruína e, como non están definidas, hai que contabilizalas. Pero diga a verdade e non faga aquí demagogia.

A partir de aí, o Programa de mobilización de vivendas baleiras vai ser xestionado directamente pola Xunta de Galicia e ofrecerá vantaxes: entre outras, para os propietarios, a seguridade xurídica —a través de diferentes coberturas— e axudas para arranxos ou prioridade no acceso a préstamos para a rehabilitación sen xuros; por outro lado, vantaxes para os arrendatarios con rendas limitadas e axudas a inquilinos con dificultades; e, en terceiro





lugar, vantaxes tamén para os concellos, que poderán mobilizar o seu parque de vivendas sen uso.

A maiores, a Xunta vai proporcionar, efectivamente, axudas directas aos propietarios para que realicen obras de reparación e mellora das vivendas, de tal xeito que poidan aflorar ao mercado eses inmobles. E, ademais, estas vivendas estarán destinadas a fogares con ingresos baixos, equivalentes aos necesarios para o acceso a unha vivenda protexida en réxime xeral. Estarán situadas —porque aí nos imos centrar, señora Fernández, e por iso o temos que rexer nós, porque non quixeron facelo os concellos— alí onde hai maior demanda de vivenda en alugueiro.

Pero esta non é a única fórmula que temos para mobilizar este tipo de inmobles, xa que contamos con outras iniciativas. E como agora vostede está falando de 30, ou fala de 1 —e eu aquí durante o ano pasado escoitei que tan só 3 vivendas de promoción pública nos últimos cinco anos—, ben, pois nada, voulle falar tan só de tres liñas, tres liñas, que lles facilitaron o acceso á vivenda durante este último ano —que aínda non rematou— a 217 persoas a través de distintos programas. Dentro deses programas, temos, por un lado, a concesión de 65 axudas para adquisición de vivenda en 21 centros históricos, das que o 41 % foron dirixidas a menores. Esgotouse a partida, ampliarémola no vindeiro ano, no ano 2022. Tamén se concederon 112 axudas, señora Fernández, en 70 concellos para a adquisición de vivenda en municipios de menos de 5.000 habitantes. Foi un programa que tamén esgotou o seu crédito e que, polo tanto, o ampliaremos no ano 2022. E igualmente, noutro dos programas —e tan só lle estou falando de 3 dos 19 que ten en marcha a Xunta de Galicia— concedemos 40 axudas para facilitar a adquisición dunha vivenda de promoción autonómica nova ou rehabilitada, no que tamén se esgotou o orzamento.

Lémbrolle, para que así o saiba —e ademais despois da votación dos orzamentos e aprobación dos mesmos—, que por parte da Consellería para o ano 2022 se inclúen preto de 60 millóns de euros destinados a facilitar o acceso á vivenda aos cidadáns de Galicia. Hai actuacións directas por parte da Xunta, por suposto, para incrementar o número de vivendas de promoción pública, adxudicadas en réxime de alugueiro; para fomentar a vivenda protexida; para bonificar os alugueiros das vivendas de promoción pública ou para facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda en réxime de alugueiro a través das axudas para o pago dos mesmos —como pode ser o bono social de alugueiro—; e hai 14,5 millóns de euros no ano 2022 destinados exclusivamente a axudas para o pago en alugueiro.

En definitiva —e para pechar o que pretendemos—, é facilitarlles aos galegos e ás galegas, das distintas maneiras posibles, que accedan a unha vivenda, a unha vivenda digna, e, sobre todo, centrándonos naqueles colectivos especialmente vulnerables.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



## **Interpelación de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre baiteiros e percebeiros**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, moi boa tarde.

As persoas que estaban na sesión da mañá van saber perfectamente a que me vou referir agora antes de comezar a miña intervención.

Hai persoas que van ao banquillo porque queren. Hai outras persoas que as expulsan do campo de xogo e non lles queda máis remedio que ir ao banquillo. E hai outras persoas que se ven obrigadas a ir ao banquillo, entre outras cousas porque, como o 99 % das mulleres deste país son coidadoras de persoas dependentes, despois de cinco anos seguen agardando por unha praza nunha residencia pública. (*Aplausos.*) Desde logo, do que estou verdadeiramente satisfeita é de que as portas da miña casa sempre estiveron abertas para poder volver.

Señorías, señora conselleira, nos últimos dez anos o sector pesqueiro galego perdeu máis de cincocentas embarcacións. A afiliación á Seguridade Social no réxime da pesca e acuicultura caeu preto dun 20 % dende o ano 2009. E no marisqueo tiñamos 4.755 permisos de marisqueo a pé e hoxe temos 3.700.

Os datos do Plan de control de vertidos de Augas de Galiza veñen de constatar que no ano 2020 —por non írmonos máis atrás— se detectaron 249 vertidos contaminantes ás rías galegas —só os contaminantes, porque en xeral houbo máis de 600—. Os datos do 2021 —tamén de Augas de Galiza— só ata setembro foron 265 vertidos contaminantes ás rías galegas, superando xa en setembro todo o 2020.

Os datos gritan a voces o que a Xunta cala e oculta: que as actuacións do Goberno galego en saneamento e depuración son totalmente insuficientes e que, polo tanto, a produción pesqueira, marisqueira e mexilloeira está a sufrir cada vez maiores consecuencias.

Señorías, os mozos —e moito menos as mozas— non atopan ningún, absolutamente ningún, aliciente, ningún incentivo, para incorporarse á actividade pesqueira e marisqueira dende hai máis dunha década. Hoxe, 22 de decembro de 2021, hai barcos galegos que se ven na obriga de permanecer amarrados a porto porque non teñen tripulantes cos que navegar nin faenar. Hoxe, diante dun problema verdadeiramente acuciante para o noso sector pesqueiro, a Xunta e o Partido Popular veñen de aprobar —onte mesmo— uns orzamentos para o 2022 nos que só aparece unha partida de 300.000 euros para a incorporación de xoves ás actividades marítimo-pesqueiras, o mesmo, 300.000 euros, que no 2021 e que no 2020, cando á Consellería aínda lle parecían moitos e reduciu en 100.000 euros respecto dos do 2019.



Podería, señorías, seguir dando datos nesta liña que ilustran con claridade ano tras ano a auténtica desfeita que supoñen as políticas que se veñen aplicando a un sector que está desanimado, farto e desesperado, e que só pensa nestes momentos en saber se pode pedir unha subvención polo despece do seu barco.

Pois ben, neste contexto que acabo de describir, a Consellería do Mar permítese aínda o luxo de levar ata as últimas consecuencias aquela máxima de «eme punto» Rajoy de que ás veces a mellor decisión é non tomar ningunha decisión —que tamén é unha decisión—. E esa decisión, como digo, tómaa unicamente a Consellería do Mar, que se supón que é a que está aquí para defender o sector do mar. Tómaa a Xunta de Galiza. Neste caso non hai, señora conselleira, a quen botarlle a culpa nin onde mandar a pelota. Non son políticas que veñan impostas da Unión Europea —de momento— co aval ou sen el do Partido Popular, nin son un ataque do Estado español —ao que, efectivamente, agora e antes lle importou moi pouco a nosa pesca—, nin tampouco, señorías, temos nada que ver os grupos da oposición, nomeadamente o BNG.

A decisión de non facer nada no asunto da extracción da mexilla, o paripé de decisión de convidar o sector mexilloeiro no último pleno —da súa propia boca, señora conselleira— arredor, non sei, de 10 ou 12 veces a sentarse a dialogar, a asistir á reunión que vostede convocou para o mércores pasado; a decisión de dar literalmente un golpe na mesa e levantarse da reunión que vostede mesma convocou —sen o máis mínimo xesto nin a máis mínima vontade de mediar, de negociar, de dialogar, non de impoñer—, señora conselleira, esa responsabilidade é exclusivamente súa. Todas estas decisións son exclusiva e unicamente da Consellería do Mar. A extracción da mexilla é da súa competencia —das poucas, por certo, que ten a Consellería do Mar—. E agora, precisamente a raíz de todo este conflito, quédanos máis claro por que levan vostedes doce anos sen solicitar nin unha soa competencia: porque, cando a teñen, señora conselleira, non saben ou non queren xestionala nin teñen a quen botarlle as culpas da súa mala xestión. (*Aplausos.*)

Vostede, señora conselleira, leva doce anos na mesma responsabilidade. Neses doce anos houbo conflitos entre os bateiros e os percebeiros —na maioría dos casos puntuais, aínda que non menores—. Neses doce anos vostede rexeuse por unha normativa que xa existía: a orde do 26 de outubro do ano 2000 —insisto, do ano 2000—. E cando a vostedes se lles ocorreu, dez anos despois —dez anos nos que os sectores foron capeando como puideron e cada vez que tiñan problemas entre eles a Consellería nin estaba nin se agardaba—, cando se lles ocorreu —como digo, dez anos despois— aprobar unha normativa, fano por medio dun decreto, o do 21 de novembro do 2019, que non está falado con ninguén e que deixa a todo o mundo máis descontento do que estaba.

Repiten, señora conselleira, mal que lle pese, sempre os mesmos erros. O *modus operandi* é sempre o mesmo. Acaba de pasar, ¿verdade?, coa resolución de Portos de Galiza do mes de agosto respecto da pesca recreativa, que levaba case cincuenta anos prohibida. A vostedes ocrreselles sacar unha resolución en pleno mes de agosto con mapas, planos e demais que non acordaron con ninguén, e que finalmente acabou descontentando e cabreando absolutamente a todo o mundo.

Coa extracción da mexilla vén de pasar exactamente o mesmo. Hai un ano a directora xeral de Acuicultura respostaba ao BNG na Comisión de Pesca, a unha serie de preguntas que lle



faciamos en relación precisamente cos conflitos entre bateiros e percebeiros na campaña do 2019-2020; conflitos que se produciron xusto despois de que vostedes aprobaran o decreto do 2019 co Regulamento de conservación e explotación de recursos marisqueiros. E nós estamos convencidas de que eses conflitos viñeron precisamente a raíz dese decreto.

Daquela, hai un ano, preguntabamos polo funcionamento e polas conclusións dunha mesa de traballo anunciada pola propia Consellería en xuño do 2020, na que se pretendía analizar con ambos sectores distintos aspectos para que os conflitos non volvesen ter lugar. A directora xeral respostou que o grupo de traballo estaba funcionando, que xa se realizaran varias reunións e que estaba analizando a normativa e as distintas propostas porque querían facer unha regulación que non fose só para unha campaña, senón que perdurase no tempo. É dicir, xa cando supostamente se estaban a levar a cabo as reunións da mesa de traballo, a Consellería aprobou o decreto —non acordado, dende logo, cos sectores que formaban parte desa mesa—. Como ven, é unha técnica negociadora digna de estudo. É dicir, estamos cos sectores sentados á mesa e de repente sacamos un decreto e esperamos que non pase nada.

Ben, nese regulamento, señora conselleira, recóllese o punto que incomoda —especialmente neste caso ao sector mexilloeiro—, que é o punto 13.2 e que é o que queren precisamente que se elimine. O punto 13.2 di: «Os plans de xestión do percebe poderán reservar zonas para a extracción de semente de mexillón». É unha liña e media. Nós, señora conselleira, estamos convencidas, de verdade, de que, se houberse vontade política, nin sequera sería imprescindible que este punto figurase deste xeito, de verdade que estamos convencidas.

Despois de meses, señora conselleira, sen acordos, sen máis miramentos —igual que fixo co da pesca deportiva— e apremada polas tensións que estaban tendo entre os sectores, a Consellería dita unha resolución o día 29 de novembro, é dicir, a véspera, porque o 1 de decembro comeza a campaña de extracción da mexilla.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Vou rematando, señor presidente.

Dita unha resolución o 29 de novembro que, evidentemente, non estaba acordada con ningún. E saca da manga uns planos, como fixo coa pesca deportiva, uns mapas, unha zonificación, que di onde poden extraer mexilla e onde non. Evidentemente, entendemos perfectamente que neste caso o sector mexilloeiro se levantase da mesa.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Porque despois de semanas sen convocalos a falar, sen mostrarlle e propoñerlle esa zonificación, vostede sácaa da manga e di: *Esta es la lei*.

Así, señora conselleira, cremos que non se pode actuar. Continúo na segunda intervención.

(Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

Perdoe o comentario que estamos facendo aquí, pero é que a nosa ignorancia é tan grande que non sabemos —a maioría dos de aquí— o que é a mexilla. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa sei, nós somos do interior, pero, bueno, aquí non sabemos tampouco. Se preguntamos por Ourense ou por aí, ao mellor a sorpresa tamén é grande. *(Murmurios.)* Por iso que hai para todos aquí. Por aquí vexo que rían moito, pero non sei eu quen o sabería. *(Murmurios.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Resposta da conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Boas tardes.

Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, antes de entrar a darlle resposta á interpelación que me presenta sobre o sector bateiro e o sector percebeiro, soamente darei un dato para dicirlle que eu non sei se está confundindo vostede a lexislación que vai dende o ano 2009 ata a actualidade coa que foi de 2005 a 2009, porque os datos que nos trouxo aquí dan para algunha reflexión. Do 2005 ao 2009 gobernaba o Bipartito en Galicia, gobernaba o PSOE en Madrid, e perdemos o 45 % de posibilidades de pesca. Dende o ano 2009 ata o ano 2018 fomos incrementando as posibilidades de pesca.

A clasificación das zonas de produción como zonas C —onde non se podía sacar o marisco para o mercado— quedoulle nun informe á que foi conselleira de Pesca entre o ano 2005 e 2009 para que tomara coidado con esas zonas, que había que sanealas porque, se non, non poderían comercializar o marisco producido nesas zonas. E o único que fixeron foi pagarlle á xente por non ir traballar, pero non sanearon ningunha zona. As zonas de produción e clasificación de Galicia se melloraron dende o ano 2009 ata a actualidade moitísimo máis do que vostede está a dicir aquí. *(Aplausos.)*

Pero, en definitiva, ao que viñamos hoxe, creo eu, era a falar dos problemas existentes entre o sector bateiro e o sector percebeiro. Como vostede pode imaxinar, tanto todo o equipo da Consellería do Mar como eu mesma estivemos, estamos e estaremos en contacto permanente coas dúas partes implicadas para mellorar a regulación da extracción de mexilla nos bancos naturais, por canto se trata dun asunto importante, complexo e no que, por suposto, leva tempo avanzar, pois require buscar un punto de encontro entre os intereses dos dous colectivos que comparten zonas de traballo.

O labor que se está a facer ten como obxectivo analizar toda a normativa e as distintas propostas de cara a fixar unha regulación a longo prazo, xa que o obxectivo fundamental é con-





sensuar unha norma que perdure no tempo. Creouse unha mesa de traballo con representantes de ambos colectivos, as asociacións de bateiros e as confrarías de pescadores, para tratar de chegar ao consenso sobre o futuro da ordenación da actividade. Polo tanto, entendemos que esa valoración debe facerse ao final, xa que ata o momento ese consenso non foi posible. En todo caso, os traballos sempre son positivos e entendemos que todas as aportacións son lícitas e tratan de defender os intereses de cada colectivo.

Amáis disto, temos que ter en conta que todas as partes deben manter unha premisa básica: a consecución dunha explotación responsable, racional e sostible dos recursos mariños e o desenvolvemento dunha actividade sostible nos termos biolóxicos pero tamén económicos e ambientais. Sinaleino, como vostede ben di, hai dez días, e volvo sinalalo agora: temos claro que esta máxima é de aplicación para todos os sectores, para os da pesca, para os do marisqueo e tamén para os da acuicultura, e traballamos para que todos os sectores saian a adiante cumprindo esa premisa. Xa que logo, quero entender que tanto o sector mitilicultor como o extractor de recursos específicos tratan de facer ben as cousas, e na súa práctica totalidade cumpre con rigorosidade as normas que teñen escritas. Se alguén non cumpre as normas, deberá e poderá ser perseguido e sancionado, porque eses comportamentos non caben nunha explotación sostible dos recursos.

En todo caso, engadida ao traballo de ambas partes, debemos sumar unha parte máis, a da Xunta. ¿Que viñemos facendo ata o de agora? Pois, mire, varias cuestións. Por un lado, realizar estudos sobre a presenza de cada recurso nas rochas, tanto da mexilla como do percebe, e acoutar aquelas zonas de especial sensibilidade para o percebe como zonas exentas de extracción de mexilla que poida poñer en perigo aquel recurso de cara ao futuro. Por outro lado, procedemos a delimitar de forma rigorosa as zonas de extracción dentro de cada plan de percebe atendendo á proporcionalidade delas e á necesaria cobertura da extracción de mexilla.

Con estas medidas, só se acouta hoxe o 16 % das zonas totais dos litorais da Coruña e Pontevedra, estando nesta contabilización xa excluídas tanto as praias como as partes dos espazos do Parque Nacional das Illas Atlánticas que xa estaban restrinxidos para a extracción da mexilla dende hai moitos anos, sen ser incorporadas novas medidas nestas zonas. Estas zonas son case as mesmas que tivemos que reducir no ano 2021 e cabe dicir que esa reserva de zonas non limitou, nin moito menos, a capacidade de abastecerse de mexilla, xa que a cifra desta semente extraída se multiplicou por tres no último trienio pese a esta medida.

Amáis, procedemos á redacción dun borrador de orde para a regulación da obtención de semente de mexillón, para regular tanto a extracción en bancos naturais como a súa consecución de forma directa nas bateas. Esta iniciativa foi coñecida por todas as partes, que sinalaron todas as pretensións, moitas delas opostas entre si mesmo dentro do mesmo sector, o que motivou unha dificultade de avance na definición. Este traballo veu acompañado sempre de información aos dous sectores, xa que durante o 2020 e ata que a principios de decembro unha parte se levantou da mesa foron convocados representantes dos bateiros para negociar coas federacións de confrarías.

Entre as cuestións que se estimaba negociar nese momento, hai máis dun ano, estaban a delimitación de zonas, as posibles medidas de flexibilización e algunhas outras, como a im-





posibilidade de que os percebeiros tampouco poidan extraer mexilla nas áreas delimitadas —cuestión introducida por petición das propias confrarías—. Amais, celebráronse seis sesións da Comisión do Mexillón durante o ano 2021 e déronse xuntanzas a maiores a bateeiros e entidades representativas, así como tamén existiron non menos doutras oito xuntanzas coas confrarías e as federacións. Cabe lembrar que nunha desas xuntanzas da Mesa do Mexillón, na data do 27 de outubro, foi comunicada a posibilidade de reservar zonas para o percebe, sempre conforme a rigorosa xustificación das peticións e da comprobación da súa pertinencia por parte da Administración.

En todo caso, sabemos que é importante seguir avanzado cara ao futuro nesa liña de sostibilidade. E para iso segue sendo importante o diálogo. Debemos falar para avanzar un enfoque aberto, e iso é o que pido e tamén é o que ofrezco. Isto é o que fixemos e mantivemos na última xuntanza mantida na semana pasada cos representantes das principais asociacións de bateeiros, na que mostramos a nosa disposición ao diálogo facendo propostas. Nesa xuntanza ofrecemos cinco propostas para avanzar. A primeira delas e a máis inmediata céntrase en analizar as alegacións presentadas á orde que delimita as zonas de extracción de semente de mexillón e ver a posibilidade de flexibilizar as zonas acoutadas —cuestión na que estamos nestes momentos—. Certo é que, das seis alegacións recibidas, unha sinala discrepancias en asuntos alleos a esta problemática, catro versan sobre o espírito xurídico e de fondo da norma e unha soa sobre pretensións de flexibilización das zonas. Polo que estamos nesa análise. As outras catro propostas realizadas para a atención das necesidades do sector milticultor feitas pola Administración son: primeiro, flexibilizar o número de cordas colectoras e a época de despregamento; segundo, manter a extracción de mexilla aberta durante todo o ano; terceiro, a instalación de *hatcheries* para cría de semente; e, cuarto, a creación de polígonos específicos para cordas colectoras.

Certamente, só tivemos unha contraproposta a modo de exixencia previa para negociar, e que se baseaba na retirada do artigo que permite delimitar as zonas de extracción, unha limitación de zonas da que levamos falando cos bateeiros máis dun ano. Cabe lembrar que esa retirada chocaría, por unha parte, coa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que di que os plans de xestión do percebe son o marco no que se deben valorar as medidas para protexer este crustáceo cando coexista coa mexilla, e tamén cos rigorosos informes técnicos que apuntan á necesidade de modificar as zonas de traballo para unha explotación sustentable da mexilla e do percebe.

Seguimos abertos ao diálogo, lembramos que as medidas adoptadas buscan garantir a convivencia equilibrada e unha axeitada protección dos intereses que concorren na explotación da mexilla e do percebe. Xa que logo, repito unha vez máis que temos a man tendida ao diálogo e que nos ofrecemos a seguir traballando para avanzar no debate de propostas xa ofrecidas para o futuro do sector tanto bateeiro coma percebeiro.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Réplica da señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Señora conselleira, ¿por que ofrece outra vez, por enésima vez, vostede aquí, en sede parlamentaria, algo que logo non dá? ¿Por que ofrece un diálogo, un chamamento a sentarse, a dialogar, a negociar, cando, señora conselleira, as persoas que máis ou menos estamos con este tema, que temos contactos con uns e con outros, sabemos que na reunión da semana pasada foi vostede, foi a Consellería, quen non quixo chegar a ningún tipo de acordo, señora conselleira? Entón, non veña aquí agora a ofrecer o que non vai dar. *(Aplausos.)* Ofrezá ata onde está disposta a chegar.

E eu fágolle unha pregunta moi concreta, señora conselleira. Vostede fala de que esa zonificación, eses mapas, eses planos —que vostede lle presentan ao sector o día antes de comezar unha nova campaña, a do 2021-2022—, obedecen a rigorosos informes técnicos. Claro, entón nós preguntámonos o seguinte —e supoño que os sectores, os dous, tamén se preguntan isto ou algo parecido—: ¿onde estaban os rigorosos informes técnicos e, é máis, onde estaban os técnicos ata o de agora para que o problema siga sen resolverse e para que a situación de tensión que temos neste momento a fomentara precisamente a propia Consellería coa súa inacción, señora conselleira? *(Aplausos.)* ¿Onde estaban os técnicos? *(Aplausos.)* Agora os técnicos —como acostuma pasar co Partido Popular— utilízanse para xustificar unha imposición da Consellería do Mar aos sectores.

Mire, señora conselleira, nós somos capaces de recoñecerlle aquí publicamente que a tarefa que teñen non é fácil. Somos capaces de recoñecerllo aquí, recoñecemosllo diante de quen faga falta. Agora ben, é moito máis difícil cando a persoa e as persoas que son da Consellería do Mar, que teñen unhas determinadas responsabilidades, non as asumen e queren ir marcando o rego *y, de ahí, ¡que non se salga nadie!* E así, señora conselleira, non se pode funcionar. *(Aplausos.)*

Mire, levamos anos, señora conselleira, décadas, ¿verdade? —o sector mexilloeiro cincuenta anos, sesenta, non o sei—, nas que os dous sectores, máis ou menos, efectivamente, teñen conflitos nalgúns momentos. Sobre todo, cando hai problemas, da índole que sexa —biolóxicos etc.—, que efectivamente non permiten que haxa moita mexilla, ou cando os bateiros teñen problemas para encordar etc. Ben, levamos anos. E, claro, durante eses anos —é coma todo—, cando non pasa nada, pois a conselleira do Mar séntase no seu despacho a esperar a que pase. E agora está pasando, señora conselleira, e a súa actitude non está sendo de mediación. Non, non, a súa actitude —vólvollo repetir— é de marcar liña e de aí que non se mova ninguén. *(Aplausos.)*

Pero, mire, temos dous sectores —o sector mexilloeiro e o sector percebeiro—, nos que, dende logo, non nos podemos permitir o luxo —outro luxo máis— de perder nin un só posto de traballo, en ningún dos dous sectores, ¡en ningún! Polo tanto, teñen que entenderse. E vostede ten que facer ese labor de que se entendan. Temos dous sectores que en todos estes anos recibiron —por un lado, as confrarías, e, por outro lado, as organizacións de mexilloeiros— centos —ía dicir ducias, pero non—, centos, ¡centos de millóns!, da propia Consellería do Mar —normalmente procedentes de fondos europeos— para investigar precisamente modos de cultivo, fose da mexilla ou fose do medio natural. A nós gustaríanos



saber onde están os resultados de todos eses estudos ou que se fixo, en todo caso, con eses cartos, e soamente para concluír o seguinte: estamos no século XXI, e un sector absolutamente punteiro e pioneiro en toda Europa, como é o sector mexilloeiro, non pode estar a expensas nestas circunstancias, despois de toda a vida, de que haxa mexilla ou non a haxa nas pedras e de que a señora conselleira do Mar lla permita ir coller —que é absolutamente necesario— para o seu traballo. *(Aplausos.)*

Remato, señora conselleira.

O Partido Popular neste Parlamento, no ano 2019, escribía, entre outras moitas cousas —porque o papel aguanta de todo, efectivamente—, o seguinte texto: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a continuar traballando...» —continuar traballando é a típica perífrase que utiliza o Partido Popular sempre que non traballa nada e di «continuar traballando» *(Aplausos.)* ...«O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a continuar traballando na revisión da actividade da extracción da mexilla...» —ano 2019, ¡eh!— «...xunto cos dous sectores implicados de cara a adecuar a súa compatibilidade e asegurar o seu histórico...» —efectivamente— «...entendemento, en beneficio mutuo e salvagarda dos intereses do sector percebeiro e ba-teeiro». Señora conselleira...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...todas esas opcións que vostede dixo que lles ofreceu...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...aos mexilloeiros na última reunión —ata o 10, 15 ou o día de decembro que era—, ¿onde estiveron todos estes anos? Para ser máis exactos, ¿onde estivo vostede, señora conselleira?

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da interpelación pola conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pérez, eu non sei quen lle deu información da reunión da semana pasada pero, dende logo, dígalle que faga unha boa reflexión sobre o que aconteceu naquela xuntanza. Naquela xuntanza a Consellería, unha vez máis, chegou con ánimo de dialogar e de construír. E había algún dentro da reunión que veu cun único obxectivo: «O derogas la norma o nos levantamos, o derogas la norma o nos levantamos...». Así é moi difícil falar. Pero dende aquela eu sigo en



contacto con representantes das asociacións e seguimos falando. E eles seguen buscando datos que aportarnos para poder chegar a un acordo.

Mire, a miña liña de diálogo estivo sempre ben clariña dende o día primeiro en que cheguei á Consellería. E pode vostede falar cos representantes do sector bateiro, que, se lle din a verdade, diranlle que xa no ano 2009 lles propuxen facer un plan estratéxico para o sector bateiro en Galicia. Dixéronme que non o precisaban. E é absurdo que faga a Administración un plan estratéxico sen ter en conta as necesidades que ten o propio sector. A miña man segue tendida para facer ese plan estratéxico.

Eu levo preocupada pola necesidade de garantir a subministración de semilla para o desenvolvemento do sector bateiro, e así llo levo plantexando ao sector ano tras ano. Teñen división de opinións entre eles, non son capaces de chegar a un acordo. Eu non son de *yo rompo y rasgo*, como vostede está pretendendo dicir aquí que teño que facer. Son do diálogo aberto. Dende o meu punto de vista, como bióloga, entendo que o máis lóxico sería ter aberta durante todo ano a posibilidade de recoller mexilla. Iso permitiría que cada produtor puidese ir acomodando a súa produción ás necesidades do mercado para o que el está traballando. Hai uns grupos a favor e outros grupos en contra. Cando se poñan de acordo, tomaremos esa decisión.

Necesitei a posibilidade de ampliar o número de cordas colectoras antes de que mo pedira o propio sector. Tamén neste sentido hai división de opinións no propio sector. Hai quen quere cordas colectoras e hai quen non quere cordas colectoras. Propúxenlles este mesmo ano, nas cuadrículas que temos vacantes en determinados polígonos que poidan ser susceptibles de que se peguen esas cordas colectoras á semilla do mexillón, colocar un polígono de cordas colectoras de mexillón para poder subministrar mexilla a todos aqueles produtores que, por ter as bateas ubicadas nunha zona interna das rías, non poidan ter acceso a esa semilla. Téñoo encargado. E hai un proxecto financiado tamén para o desenvolvemento dunha *hatchery* para a produción de mexilla. Hai tamén parte do sector que a quere e hai parte do sector que non a quere.

Eu sigo dando todos os pasos. E sempre estiven na liña, primeiro, de que non era necesario regular se chegaban a entendemento os percebeiros e os bateiros; e que, se tiñamos que regular, tiñamos que ter ben claros os informes técnicos que nos permitisen tomar as decisións oportunas que permitan garantir o futuro do sector bateiro e tamén o futuro do sector percebeiro. E por iso se aplicaron, a partir da publicación do decreto, os informes dos técnicos, que levan dende o ano 2009 facendo un seguimento continuo tanto da mexilla como da evolución do percebe nos diferentes plans de explotación que se fan. E así temos a costa estudada cada 100 metros dende cabo Ortegal ata a punta dos Picos, na enseada da Guarda.

Vostede poderá poñer en dúbida todo o traballo que nós estamos a facer. Eu o que lle podó garantir é que o único obxectivo noso é conseguir unha explotación sustentable tanto do percebe como do mexillón. Xa conseguimos —non porque o digamos nós, senón porque así o acredita un estudo da Universidade de Vigo, que levou un premio dende a Unión Europea— que a mellor explotación que se fai en toda a Unión Europea dun recurso natural é o do percebe en Galicia, e iso está acreditado. (*Aplausos.*) E esa sustentabilidade coa que esta-



mos facendo a explotación do percebe conseguirémola tamén coa explotación da mexilla. E nós —como lle digo eu— seguimos na mesma liña.

Vostede facía unha lectura dunha moción que se aprobou aquí no Parlamento de Galicia, que dicía cal era a postura do Partido Popular. Non mudou esa postura, nós seguimos facendo os estudos e dialogando cos dous sectores. A única postura que cambiou dentro deste Parlamento foi a postura do Bloque Nacionalista Galego. A postura do Bloque Nacionalista Galego era no ano 2008 que debíamos vedar as zonas de extracción do percebe para que non puidesen entrar alí os bateiros. ¿Recórdao ou non o recorda? Porque, se non, téñoa aquí escrita e pódolla ler.

Vostedes son dos que nun porto contan unha película e noutro porto contan outra película, en función de se alí temos máis presenza dun sector ou doutro sector. Iso non é bo para o sector pesqueiro, aquí o importante é traballar na liña de defender os intereses dos dous sectores, que —como vostede ben dixo— son os dous moi necesarios para Galicia, tanto o sector do percebe como o sector do mexillón.

Eu estou convencida de que seremos capaces de chegar a acordo. Hoxe o que temos, de acordo cos datos que nos facilitou o propio sector bateiro daquelas zonas que lles son de maior impacto para eles, é que temos acoutado o 16 % de toda a costa, dende Ortegá ata a punta dos Picos —o 16 % vedado para a extracción única e exclusivamente do percebe—. Nesas zonas nin os percebeiros nin os bateiros poden ir recoller mexilla, porque é difícil compatibilizar a forma de traballar para ter unha boa fixación de mexilla para o ano seguinte coa forma de traballar para obter unha boa fixación de percebe para o ano seguinte. Porque para ter unha boa fixación de mexilla necesitamos limpar a rocha totalmente porque o primeiro organismo que se fixa nesa rocha é o mexillón; pero para ter un bo percebe ao ano seguinte o que necesitamos é deixar peñas de percebe nas rochas para que se poidan fixar a eles a seguinte xeración de individuos na campaña seguinte. Polo tanto, se queremos ter unhas boas zonas de explotación de percebe, temos que facer unha explotación responsable nesas zonas que non permita que se poidan limpar as rochas totalmente para que non sexa colonizada única e exclusivamente por mexilla e perdamos a poboación de percebe.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Non é un caso nada fácil, non é un caso sinxelo —xa o sei—, pero pódolle garantir que levamos traballando dende o minuto un en que cheguei a esta consellería para defender os intereses dos dous sectores. Non me veña poñer a min aquí nin de árbitro dun nin de árbitro doutro...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** ...son a persoa que ten que mediar entre os dous e así o estou a facer. E non vou consentir que me digan que me poño de parte dun ou de parte doutro, nin que defendo máis os intereses duns...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.





**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** ...que os intereses dos outros.

Perdón, presidente.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D. Pablo Arangüena Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer a cidadanía fronte ao aumento da ciberdelincuencia**

**O señor PRESIDENTE:** Neste caso empezamos coa pregunta de dona Paloma Castro Rey, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

O fiscal superior de Galicia deu conta na súa recente intervención no Parlamento galego do aumento da criminalidade informática en Galicia ata acadar datos moi preocupantes, cun aumento do 135 % dos procedementos xudiciais abertos en 2020. Isto supón a apertura de 1.085 procedementos por delitos informáticos, dos que 953 —é dicir, o 99,1 %— corresponden a estafas electrónicas. A Fiscalía destaca tamén neste informe o impacto das novas tecnoloxías no eido delictivo; por unha banda, como medio para executar os delitos clásicos de estafa, ameazas ou injurias, e, por outra, por propiciar novas figuras delictivas, como o ataque a estes sistemas informáticos ou a interceptación de datos en transmisión.

A pandemia do coronavirus e as restricións sociais ou da mobilidade contribuíron ao aumento desta nova tendencia delictiva, pero non podemos esquecer que a dixitalización veu para quedar e que irremediamente a delincuencia tradicional está a mudar pola informática. Catro son os ciberdelitos coñecidos. Os máis comúns son as estafas informáticas, que consisten en realizar unha actividade enganosa producindo un desprazamento patrimonial en prexuízo da vítima para obter así un lucro patrimonial; os delitos informáticos de danos, que este é o caso dos virus informáticos comúns, como o *WannaCry*, que son delitos informáticos que consisten en borrar, danar ou facer inaccesibles datos informáticos sen autorización; as defraudacións das telecomunicacións, que en linguaxe común é aproveitarse da wifi do veciño pero sempre que o beneficio sexa superior a 400 euros; ou os ciberdelitos contra a intimidade ou o ciberacoso nas diferentes modalidades, que é acceder á información persoal doutra persoa sen autorización ou utilizar a tecnoloxía para ameazar, avergoñar, intimidar ou acosar un terceiro.





Emerxen, polo tanto, estas novas formas delictivas ante as que a cidadanía se atopa indefensa xa que carece de información e ferramentas para poder protexerse. E tamén se atopa nunha clara desvantaxe fronte a estas mafias que operan a nivel internacional e cunhas condutas enganosas cada vez máis depuradas e precisas.

O Goberno galego ten a obriga de articular medidas que contribúan á prevención destes riscos e á protección da cidadanía. E unha forma é mellorar o coñecemento da cidadanía sobre esas novas modalidades delictivas e concienciar dos riscos de determinadas actuacións no eido dixital. É por iso polo que no Grupo Socialista entendemos que cómpre tomar medidas que contribúan a esta prevención e protección. E non me diga, señor conselleiro, que isto non é posible ou non lles compete, porque para facer política como fan cando alertan a poboación sobre o risco da «ocupación» non dubidan en encargarse informes á universidade —un deles, por certo, a unha exdeputada do Partido Popular— ou en ofrecer un servizo de asesoramento especializado e gratuíto a persoas ou entidades que sofren esta situación.

Co delito de usurpación tramitáronse 17 procedementos no ano 2020; fronte a estes, foron 1.085 os iniciados por delitos informáticos. Isto ¿que evidencia? Que é cuestión de vontade. Por iso lle pregunto se teñen previsto levar a cabo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** ...algún tipo de medida. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede polas medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia contra o aumento dos delitos informáticos, e xustifica a súa pregunta afirmando que a Xunta ten a obriga de protexer a todos os galegos e galegas. Pois ben, sobre esta cuestión gustaríame indicar tres cousas.

A primeira é que —como non pode ser doutra maneira— dende o Goberno galego compartimos a súa preocupación polo incremento de calquera delito, en especial, deste tipo de delitos que afectan os sectores máis febles da sociedade, en especial os maiores. Quixera engadir que o aumento dos delitos informáticos é un problema global ao que unha comunidade como Galicia, que experimenta unha aceleración da transformación dixital superior á do resto da súa contorna, non é inmune. Por tanto, dende o Goberno galego consideramos que a loita contra o fenómeno global da delincuencia require unha resposta global e coordinada. Neste senso, concordamos co fiscal xeral de Galicia en que a delincuencia informática asociada ás novas tecnoloxías constitúe neste momento a ameaza máis grave ao dereito á intimidade das persoas, ademais de ser un instrumento para accións delituosas sofisticadas.



A segunda cousa que quería indicar ten que ver coas competencias nesta materia á que fixo referencia. Vexo que as coñece ben e quizais non encaixa na súa pregunta, pero, bueno... Como seguro que a súa señoría coñece, as competencias para a prevención de delitos e protección da cidadanía e das empresas non son da Xunta de Galicia senón da Administración xeral do Estado. É máis, é o Goberno central o que dispón non só das competencias nestas materias senón tamén dos recursos económicos e dos medios para levalas a cabo. Lembra-reille o marco legal, señoría. A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, regula o funcionamento das forzas e corpos de seguridade en España e establece que a seguridade pública é competencia exclusiva do Estado e o seu mantemento corresponde ao Goberno da nación. Tamén recolle que o mantemento da seguridade pública se exercerá polas distintas administracións públicas a través das forzas e corpos de seguridade. En concreto, no seu artigo 11 sinala que «as forzas e corpos de seguridade do Estado teñen como misión principal protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá mediante o desempeño das seguintes funcións...». E, entre elas, no apartado f) sinálase a de prever a comisión de actos delictivos. Na mesma lei, pero nun segundo punto, clarifícase quen ten que exercer estas competencias nos diferentes territorios: o Corpo Nacional de Policía e a Garda Civil.

En terceiro lugar, quixera subliñar que tanto a Policía Nacional como a Garda Civil contan con grupos especializados para estes efectos, para prever e loitar contra os cibercriminos. En concreto, a Policía dispón da Brigada Central de Investigación Tecnolóxica, que é unha unidade destinada a responder aos retos que formulan as novas formas de delincuencia, como os ataques cibernéticos. Pola súa banda, a Garda Civil dispón dun grupo de delitos telemáticos creado para investigar, dentro da UCO —a Unidade Central Operativa—, todos aqueles delitos que se cometen a través da internet. Por maior abastanza, en España a resposta a este tipo de delitos, así como a súa coordinación interior e exterior, corresponde ao Centro Nacional de Intelixencia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** ...a través do Centro Criptolóxico Nacional e o instituto de ciberseguridade Incibe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Por favor, un pouco de tranquilidade, que aínda non saben o que lles vou dicir!

É a primeira vez que está no turno de preguntas e ao mellor non sabe que no turno de preguntas o tempo é radical.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Bueno, ¡como que como os demais! *(Fortes murmurios.)*

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** ¡Tranquilos! Remato xa. Non se poñan nerviosos. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Non pasa nada, ¡home! ¡Por favor, é a primeira vez! ¡Un pouco de calma, home! ¡Por favor!

Agora xa o sabe. Pero a todo o mundo hai que dicirlllo a primeira vez. É o único que lle estaba transmitindo. Un pouco de... ¡home, non sei!, ¡vostedes verán!

En fin, tampouco pasou nada.

Réplica da señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

É a primeira vez e, ademais, ten que contestar sobre unha área que non lle corresponde á súa consellería, que tamén é un hándicap comerse ese marrón. *(Aplausos.)*

Entón, non lle pido, señor conselleiro, que loiten contra a ciberdelincuencia nin que se dediquen a deter ou perseguir os infractores, senón que o que nós propoñemos é articular campañas divulgativas, en colaboración con sectores mediáticos, que teñan como obxectivo informar, promover ou difundir, ou un servizo de asesoramento para as persoas ou entidades que sofren esta situación. Outras comunidades autónomas estano a facer, como A Rioxa —a través de campañas publicitarias de información e prevención—; Aragón —mediante trípticos, carteis e documentos audiovisuais que recollen consellos e explican conceptos para previr a ciberdelincuencia—; ou Andalucía e Cataluña, entre outras.

Vostedes, dende o Goberno, sempre aplican a política de botar balóns fóra, sempre e continuamente de forma transversal. A culpa, a competencia, é sempre doutras administracións ou de terceiros. Se a atención primaria está colapsada, pois a culpa é do Estado, que non anula a taxa de reposición, ou dos profesionais que emigran a outras comunidades autónomas —non chegan vostedes ao nivel de difamación aos profesionais de Ayuso, pero case—; se as rías teñen altos índices de contaminación, pois a culpa é dos concellos, que non invisten en saneamento; se hai falla de desenvolvemento industrial, é o Estado; se hai peches dos servizos financeiros do rural, as entidades financeiras; se hai crise demográfica, a cidadanía galega, que non ten fillos. E así podería seguir se tivese máis tempo.

Non dubidan en aplicar a política do medo para crear unha sensación de inseguridade —que é falsa— cando falan dos delitos de ocupación. Pero ante este incremento da ciberdelincuencia, que é real, non entenden necesario ou prioritario, ou entenden que non é da súa competencia, tomar ningún tipo de medida. E por iso dende aquí o que lles pedimos é que sexan responsables e protexan a cidadanía que se atopa indefensa ante estas novas condutas delictivas que atacan a súa intimidade e tamén o seu patrimonio. Polo tanto, tomen medidas e fomenten a cultura da ciberseguridade. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro.

Peche da pregunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública.



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):**  
Grazas, presidente.

Bueno, penso que quedou ben claro na miña primeira intervención —como acaba de atestiguar— que a competencia exclusiva, os medios económicos, os medios e as ferramentas, e as unidades especializadas obran en mans da Administración xeral do Estado e que, polo tanto, non é competencia autonómica. Pero, a pesar dixo, de lembrar que a prevención e persecución destes delitos corresponde ás forzas e corpos de seguridade do Estado, quería tamén facer unha referencia concreta ao que está a facer o Goberno autonómico nesta materia.

No caso do Goberno galego, o que nos corresponde neste eido é colaborar coa Administración xeral do Estado, tal e como estamos a facer, cunha postura de leal cooperación institucional para reforzar os mecanismos de defensa ante a cibercriminalidade no eido da nosa comunidade autónoma, como facemos nas restantes materias nas que temos competencia.

Temos encomendada a ciberseguridade das institucións autonómicas e exercémola a través da Amtega —como ben saben—, a Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica. Xa no período 2015-2021 executamos o Plan director de seguridade TIC, que se reforzou nos últimos anos con medidas extraordinarias enfocadas a facer fronte ao incremento das ciberameazas e a cibercriminalidade. Esta aposta pola colaboración reflíctese no nodo galego de ciberseguridade, Cibergal, promovido pola Xunta de Galicia, e do que forman parte o Centro Criptolóxico Nacional, o Incibe, as deputacións provinciais e a mesma Fegamp. Dende a súa fundación adheríronse unha trintena de entidades, e converteuse nunha estrutura de colaboración público-privada pioneira en España, na que se agrupan todos os axentes implicados na materia.

Este ano aprobamos tamén o novo Marco galego de competencias dixitais para a cidadanía, a administración e as empresas. A capacitación dixital neste marco inclúe os coñecementos básicos e avanzados para un uso seguro e responsable da contorna dixital. E estamos convencidos de que esta será unha ferramenta moi importante para abordar os retos nesta materia de forma áxil. Igualmente, xa está acordada a construción dun edificio para albergar o Centro de Ciberseguridade de Galicia, que prestará servizo á Administración xeral, ao sector público autonómico, ás universidades e ás corporacións locais de Galicia. E tamén quixera anunciar que estamos traballando na elaboración da nova Estratexia galega de ciberseguridade para o período 2022-2027, que incorporará medidas específicas para a protección dos servizos dixitais prestados pola Xunta de Galicia.

En definitiva, remato xa —para non pasar do tempo desta vez— reiterando que a protección contra este tipo de delitos lle corresponde á Administración xeral do Estado, que é quen ten que garantir a protección da cidadanía, e tamén reafirmando o compromiso da Xunta de Galicia de manter a nosa cooperación institucional para reforzar os mecanismos de defensa ante a cibercriminalidade no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moi ben. Perfecto.



Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a execución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural para garantir obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de don Diego Calvo Pouso, do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor CALVO POUZO:** Boa tarde, presidente.

Conselleira, a Xunta leva anos asumindo competencias municipais en todo o relacionado coa xestión da auga —abastecemento, saneamento, depuración...—. Coa Lei de mellora do ciclo integral da auga a Xunta vai seguir asumindo esas competencias, que son municipais, co obxectivo de seguir apoiando os concellos nos graves problemas que teñen en saneamento e depuración, unha axuda para evitar verteduras incontroladas ás redes de saneamento ou directamente ao mar ou aos ríos.

A xestión da auga é moi complexa. As obras que hai que realizar neste campo son moi custosas. O funcionamento da metade das depuradoras de Galicia que están xestionadas polos concellos —que xa o temos estudado— é deficiente. E nas redes de abastecemento hai unhas perdas que se sitúan en torno ao 30 %. É ineficiente xestionar unha depuradora se non se xestiona ben a rede de saneamento. Se non se xestiona ben a depuración, aparecen os vertidos. E esa mala xestión do ciclo integral da auga prexudica o medio ambiente, a saúde pública e a actividade económica —xa sexa a pesca, o marisqueo, a acuicultura ou o turismo—.

Con esta nova lei que vostede vai traer a este Parlamento tratará de seguir apoiando os concellos para solucionar estes problemas, pero as competencias en moitas ocasións son do Goberno central —en concreto, da Dirección Xeral de Costas—. E moitas veces, señora conselleira, vemos que hai retrasos na tramitación ou tamén non sei se falta de interese en apoiar determinados proxectos, o que pon en perigo esas obras.

É verdade que se utilizan os fondos europeos —fundamentalmente fondos Feder— e que é a Xunta de Galicia a que asume a construción da depuradora en moitas destas ocasións, de principio a fin —o concello ten que facer os trámites administrativos—. Pero a Administración estatal ten que autorizar a actuación. Nos casos destes fondos europeos, tanto os Feder coma os de Feader, teñen que cumprir unha serie de condicións, como xustificar o investimento en prazo. Para este período de planificación, do 2014 ao 2020, teñen que estar rematadas as obras no 2023. E sabemos que a Administración central está incumprindo os seus prazos. Sabemos que hai un risco real de perder fondos europeos moi importantes para estas obras.

Os concellos, na maior parte dos casos, intentan facer o que poden, pola conta que lles trae. Porque son obras que terían que facer eles e é a Xunta quen lles fai. Pero quen falla unha vez máis é a dilixencia dos departamentos do Goberno central para dar os permisos. A verdade é que temos moitos exemplos e gustaríame saber, conselleira, que é o que está pasando e se verdadeiramente están en perigo estes proxectos pendentes; e tamén o que pode facer





a Xunta para garantir a execución dos fondos Feder que ten asignados a actuacións de obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes a este período operativo 2014 ao 2020.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Éthel María Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Pois, señoría, sempre dicimos que a execución de infraestruturas hidráulicas é moi complexa, complexa tecnicamente, con investimentos avultados e tamén complexa administrativamente. O certo é que a execución desas infraestruturas precisa do beneplácito de moitísimas administracións, dende o punto de vista administrativo, para desenvolve-la.

Dise aquí en moitas ocasións —xa o dixo vostede— que a competencia de saneamento, depuración e abastecemento de auga —polo tanto, a xestión da auga— é competencia municipal. Aínda así, a Xunta de Galicia está a facer un esforzo realmente importante para axudar os concellos nesta materia e nestas responsabilidades. E cando construímos unha depuradora, como dicía, estamos axudando en todo o proceso, dende o primeiro estudo previo, dende o proxecto construtivo, á execución dos fondos, á execución da obra, á consignación orzamentaria. E o concello, bueno, pois ten que aprobar en pleno o proxecto, poñer á dispoñibilidade os terreos e asumir a explotación e o mantemento.

Pero, cando estamos a falar do saneamento das rías galegas, en concreto o que precisamos é actuar en dominio público marítimo-terrestre e, polo tanto, conseguir esa autorización da Dirección Xeral de Costas dos servizos centrais de Madrid. É unha tramitación complexa, á que se engade que a executamos con fondos europeos do período 2014-2020; polo tanto, dato concreto e prazo concreto, que teñen que estar financiadas integramente no ano 2023, e, polo tanto, estamos traballando intensamente para cumprir eses prazos, porque para nós, para a Xunta de Galicia, é de importancia capital o que é o saneamento das rías galegas, porque o sabemos: hai actividades que se sustentan nesa calidade das augas; a pesca, o marisqueo, a acuicultura, mesmo o turismo dependen das nosas rías e, polo tanto, é perentorio controlar esas verteduras contaminantes.

En definitiva, é tan complexo como importante sanear as rías galegas. Sabémolo e actuamos e estamos profundamente comprometidos con esa lei, esa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. O noso obxectivo é afondar no bo traballo que estamos a facer, axudando os concellos, un traballo responsable, concienciado, para mellorar a calidade das augas. É unha lei que afrontamos con valentía, por moito que outros queiran dende logo obviar e esquivar esta problemática e esta solución.

Pero o certo é que apremia; os prazos están aí, os fondos europeos están aí, e o que precisamos é que se actúe con dilixencia por parte de todas as administracións. E tamén por parte



da Dirección Xeral de Costas dos servizos centrais de Madrid, que non demore, porque son anos e anos: trinta e seis meses para conseguir autorización de Costas para o saneamento de Foz, tres anos para o emisario de Pontevedra.

E o que precisamos, sobre todo, tamén é sentido común. Hai que entender a realidade territorial de Galicia, hai que entender a natureza das infraestruturas hidráulicas, e por iso pedimos tamén sentido común, ademais de axilidade, á Dirección Xeral de Costas dos servizos centrais de Madrid. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señor Calvo.

**O señor CALVO POUZO:** Moitas grazas, conselleira.

A verdade é que con prazos de ata trinta e seis meses é imposible non só planificar unha obra, é imposible planificar calquera tipo de actuación por parte dun goberno, é moi fácil perder de vista o inicio das obras e incluso perder os fondos, ¿non?, que é o que pode dende logo preocupar. E moitas veces despois temos que escoitar os grupos da oposición neste parlamento pedir explicacións, cando o que deberían de facer era dirixirse neste caso ao seu Goberno, a Madrid, para intentar que nos servizos centrais non cambiasen o criterio, que en moitas ocasións nos ten ocorrido. Porque a Demarcación de Costas si que é máis colaborativa e, dende logo, é moito máis áxil, pero en moitas ocasións vemos que eses permisos, cando teñen que pasar por servizos centrais, se paralizan.

E, dende logo, é unha irresponsabilidade que unha administración, sexa quen sexa — neste caso é a Administración central —, tarde trinta e seis meses en enviar un informe, sexa positivo ou negativo. Se é negativo, pois o que ten que facer é enviálo canto antes para que dea tempo a cambialo, a cambiar todos aqueles aspectos que se considera que non son oportunos e poder sacar adiante a obra, en interese de todos. O que non ten ningún sentido é que tarden trinta e seis meses e despois aínda encima se poida utilizar politicamente.

Así que, conselleira, eu prégole que, se ten algún outro caso destes, nolo faga saber, e nós tamén, na medida do posible, como grupo político aquí e tamén no Congreso dos Deputados, intentaremos que os servizos centrais, sobre todo Demarcación de Costas, cambien esta forma de actuar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Pois o certo é que o que pedimos é moi sinxelo; non pedimos cartos, pedimos sentido común.



Para o saneamento das rías galegas —vou explicar o asunto—, obviamente para sanear e eliminar verteduras, hai que facer as infraestruturas onde está a xente, porque é onde están as verteduras, non noutra parte, e, polo tanto, precisamos desas autorizacións do ministerio, en concreto da Dirección Xeral de Costas dos servizos centrais en Madrid. Pedimos dilixencia, axilidade e sentido común.

Porque o certo é que cando a Dirección Xeral de Costas, como sempre, avoga no silencio, os técnicos de Augas de Galicia o que fan é chegar a acordos coas xefaturas provinciais de Costas en Galicia —sobre os que nada temos que dicir máis que agradecer o seu traballo—, e, cando chegan a Madrid os expedientes, invalidan todos os acordos acordados en Galicia entre técnicos de Augas e xefaturas provinciais de Costas. A Dirección Xeral de Costas nos servizos centrais de Madrid invalida todo o traballo feito de moitísimos anos, e o que pedimos é solucións racionais e axilidade administrativa, porque, dende logo, non procede que non se entenda a realidade territorial de Galicia e non se entenda a natureza das infraestruturas hidráulicas.

Eu insisto: a rede de colectores hai que instalala onde hai verteduras, e as verteduras están onde está a xente, e en Galicia a xente aséntase nas rías galegas e estamos aí. É a nosa realidade territorial. Parece que non o entenden en Madrid.

Pedimos un procedemento simplificado, sinxelo, de sentido común, dende logo que urxe resolver.

Eu trasladei en moitísimas ocasións ao secretario de Estado este asunto. Hai un problema e, polo tanto, o primeiro que hai que facer ao afrontar un problema é recoñecer ese problema, e ao que está a proceder a Dirección Xeral de Costas dos servizos centrais de Madrid é a demorar, adiar e, dende logo, imposibilitar a execución de moitas obras de saneamento das rías, que impiden non soamente xa sanear as rías senón tamén executar eses fondos europeos que conseguimos entre todos para o seu financiamento.

Recalco: a calidade das augas ten unha repercusión económica, ambiental e social en Galicia tremenda, importantísima. É competencia da Administración local. Nós estamos axudando as administracións locais, pero hai unha falta de proporcionalidade.

Eu vou poñer un exemplo: para o saneamento de Celeiro, en Viveiro, é que foron sete anos, sete anos para conseguir esa concesión; cando estabamos a piques de conseguir a concesión, informe de que non procedía, rosario de informes; sete anos para o saneamento de Viveiro.

Máis sangrante: Vilanova e Cabanas, vinte e dous meses para que nos chegara o outro día un comunicado que invalidaba todos os acordos alcanzados coas xefaturas provinciais de Costas; vinte e dous meses para esperar a que nos digan: non, non se poden facer as obras. E, polo tanto, dende logo, en Vilanova que nos pidan que cambiemos un colector onde hai xa un colector existente con concesión e onde está a xente e as verteduras, dende logo non procede.

Pedimos axilidade e, sobre todo, sentido común á Dirección Xeral de Costas dos servizos centrais de Madrid.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Martín Seco García e D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as acusacións que fai o Goberno galego ao exsubdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural do Agader e director do Banco de Terras**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas.

Boas tardes, presidente.

Conselleiro, segundo informacións periódicas, a Xustiza investiga un presunto caso de corrupción no Agader por parte dun exsubdirector deste organismo. Segundo estas informacións, foi a propia Xunta a que denunciou ante a Fiscalía posibles irregularidades na tramitación de dúas subvencións ao Concello da Pobra do Brollón, aínda que tamén paralizou unha terceira polo mesmo motivo. As tres axudas suman case 290.000 euros de fondos públicos.

A Avogacía da Xunta considera presuntos delitos de prevaricación administrativa e falsidade de documentación oficial por parte de Javier Blanco Carballal, exsubdirector de Relacións cos GDR do Agader. Blanco tamén foi director do Banco de Terras, posteriormente foi voceiro do Partido Popular en Lalín, case fichado como asesor polo alcalde Crespo, e agora ten en propiedade unha consultora privada.

O caso vai ser investigado polo Xulgado de Instrución número 2 de Santiago, que incoou dilixencias previas para determinar se existe motivo para abrir un procedemento.

Este caso nace en outubro do ano 2017. Agader e o Concello da Pobra de Brollón asinaron un acordo para que este recibise unha subvención máxima de 35.274 euros. O concello xustificou actuacións en xaneiro do ano 2018. Esa cantidade era para o proxecto arqueolóxico do castro de San Lourenzo, pero os fondos non chegaron ao concello, que decidiu presentar un recurso contencioso-administrativo nun xulgado de Santiago para reclamálos, pois sen eles un municipio tan pequeno apenas pode actuar.

Ao denunciar o caso, Agader freou o expediente, e o mesmo sucedeu con outra axuda, neste caso un convenio para a mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias.

O acordo asinouse en xullo do ano 2016, por unha axuda de case 55.000 euros, contía que logo se elevou a case 71.000. Agader só pagou ao concello a primeira parte e quedan pendentes case 16.000 euros.

O outro caso está en cuestión. Trátase do acordo entre A Pobra do Brollón, Agader e a Axencia Galega de Turismo de Galicia, para construír un albergue no Camiño de Inverno. A contía ascendía a 132.137 euros, divididos en dous pagos. O municipio xustificaba a primeira anualidade, solicitaba en outubro de 2020 un anticipo de preto de 146.000 euros para proseguir



coas obras tras adquirir unha casa para esa función. Pero Agader freou o proxecto ao detectar tamén irregularidades.

A cidadanía galega merece transparencia e información, señor conselleiro, polo que lle preguntamos cales son as actuacións que vostedes fan ao exsubdirector de Relacións cos GDR do Agader e director do Banco de Terras. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Resposta do conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Presidente, señorías, boa tarde a todos e a todas.

Tentarei dar resposta a esta pregunta que formula o Grupo Parlamentario Socialista coa máxima claridade posible, tendo en conta que o tema que imos tratar hoxe aquí se atopa en fase de instrución en sede xudicial, polo que debemos ter un coidado máximo co fin de non interferir en ningún procedemento xudicial. Por iso quero trasladar xa dende o inicio da miña intervención que estamos á total disposición da Xustiza —non podería ser doutro xeito— de cara a esclarecer o acontecido na tramitación destes expedientes.

Miren, entre os cambios que se realizaron no equipo directivo da Consellería do Medio Rural o pasado setembro nomeouse unha nova directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así mesmo, e case un mes máis tarde, foi substituído o subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural. Ademais deste relevo, tamén se levaron a cabo cambios dentro da propia axencia, que permitiron potenciar a súa xestión, pola importancia que ten na estratexia da propia consellería.

De maneira paulatina e dentro do marco da tramitación administrativa ordinaria de Agader, detectáronse varias incidencias vinculadas a unha serie de expedientes —vostede o mencionou—. Por iso, e desde a mesma claridade e transparencia coa que sempre actúa a Xunta de Galicia, o primeiro paso que se deu ao detectar esas irregularidades foi abrir un procedemento de actuacións previas, de carácter reservado, coa finalidade de clarificar a xestión administrativa na tramitación dos ditos expedientes.

É dicir, señorías, este procedemento foi iniciado pola propia Consellería de Medio Rural, e da análise detallada das tramitacións concluíuse que parecían existir supostas irregularidades na tramitación dalgúns expedientes, polo que, ante o posible alcance penal dos feitos analizados, a información recadada foi trasladada á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, para que procedese, de ser o caso, á oportuna comunicación ao Ministerio Fiscal para o exercicio das accións xudiciais que considerasen procedentes ou para o que corresponda conforme a dereito.

Tras a análise da información do expediente, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta puxo as actuacións en coñecemento da Fiscalía de Área de Santiago de Compostela. Esta fiscalía de área acordou presentar a correspondente denuncia ante o Xulgado Decano de Santiago, o que deu lugar á incoación de dilixencias previas no Xulgado de Instrución número 2 desta mesma cidade.





Tendo en conta as ditas actuacións e de acordo, como non pode ser doutro xeito, coa Lei de procedemento administrativo, acordouse suspender a execución dos actos incluídos no procedemento.

Polo tanto, señorías, estando nestes momentos a practicarse as dilixencias previas, debemos manternos á espera da resolución do procedemento co fin de non interferir en ningún procedemento xudicial, mantendo evidentemente un absoluto respecto ás decisións dos órganos xudiciais.

E tal e como mostra o feito de que é a propia Xunta a que pon en coñecemento da Fiscalía o acontecido, reiteramos que estamos á total disposición da Xustiza de cara a esclarecer este asunto e mantémonos á espera do que se dirima no xulgado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Señor conselleiro, ante as informacións coñecidas e a falla de transparencia da súa consellería, a cidadanía necesita certezas. Necesita saber se a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural traballa contra a grave situación de abandono que ten o noso rural e a dramática situación de avellentamento e despoboamento que sofre ou é un mero chiringuito de repartición de fondos con criterios partidistas para os seus amigos.

Hai poucas datas, e con información do sindicato do CSIF, o noso grupo parlamentario, nomeadamente Martín Seco, o meu compañeiro, denunciaba como o Goberno galego preparaba a mesma praza de subdirector do Agader para que fora o deputado nesta cámara e dirixente do Partido Popular no Barco de Valdeorras Moisés Blanco, e como fichaban tamén o exalcalde do Partido Popular en Fisterra.

A forma de facer política da Consellería do Medio Rural está en cuestión, porque temos a sensación de que, nun momento tan importante para facilitar a mobilidade da terra agraria e para ver o destino dos fondos do novo PDR, dende o Goberno están máis pendentes de seguir coa súa opacidade e falla de criterios obxectivos para repartir os fondos de toda a cidadanía galega.

Deberá de informarnos, conselleiro, de se a Xunta iniciaba un expediente administrativo por este caso tan grave e cal é o seu contido e de se hai máis casos como o denunciado na Pobra do Brollón e máis concellos ou empresas afogando economicamente por estas irregularidades? ¿Cal é a solución que lle van dar ao Concello da Pobra do Brollón? ¿O antigo exsubdirector denunciado por vostedes segue a traballar para a Xunta de Galicia de xeito directo ou indirecto coa súa nova consultora, que ofrece servizos elaborando plans directores e axudas europeas? ¿Traballa esa consultora para o seu departamento ou para o de Ángeles Vázquez, que era a responsable de Medio Rural no ano 2017? ¿Ten que ver este caso na destitución do señor Dubois á fronte do Agader? Demasiadas fronteas abertas que vostede debe aclarar ao noso grupo parlamentario. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.



Peche da pregunta, conselleiro do Medio Rural.

**O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez):** Presidente, señorías.

Como comentaba na miña intervención anterior, o meu obxectivo aquí é dar resposta a esta pregunta coa máxima claridade posible, tendo en conta que o tema tratado hoxe aquí se atopa en fase de instrución en sede xudicial, polo que debemos actuar co coidado máximo co fin de non interferir en ningún procedemento. Insisto en todo momento en que estamos á total disposición da Xustiza, de cara a esclarecer o acontecido na tramitación destes expedientes.

Como xa lle dixen na miña anterior resposta, cando se detectaron certas irregularidades neses expedientes da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, o primeiro paso foi abrir un procedemento de actuacións previas de carácter reservado, coa finalidade de clarificar a xestión administrativa dos referidos expedientes, actuando co máximo rigor e cumprindo a normativa vixente. Procedeuse coa maior dilixencia, sempre tratando de buscar a maior información posible que permitise determinar as circunstancias concretas nas que se tramitaba cada un dos expedientes analizados. É dicir, este procedemento interno foi iniciado pola propia Consellería do Medio Rural, pola propia Xunta de Galicia. E da análise detallada das tramitacións concluíuse que parecían existir supostas irregularidades na tramitación dalgúns expedientes, polo que, ante o posible alcance penal dos feitos analizados, a información recadada foi trasladada á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, para que procedese, de ser o caso, ou ben á oportuna comunicación ao Ministerio Fiscal e ao exercicio das accións xudiciais que considerase procedentes ou o que correspondese conforme a dereito. O certo é que a Asesoría Xurídica Xeral puxo en coñecemento da Fiscalía de Área de Santiago de Compostela as actuacións administrativas tramitadas en relación cos expedientes analizados. E esta Fiscalía de Área acordou presentar a correspondente denuncia ante o Xulgado Decano de Santiago de Compostela, e de aí derivou a incoación de dilixencias previas no Xulgado de Instrución número 2 desta mesma cidade.

Tendo en conta, como dixen xa, as ditas actuacións e de acordo coa Lei de procedemento administrativo, acordouse por parte da consellería suspender a execución dos actos incluídos no procedemento de actuacións previas, e posteriormente foron incluídos na comunicación remitida á Fiscalía de Área, ata que se teña constancia, como non pode ser doutro xeito, como marca a lei, do correspondente pronunciamento do órgano xurisdiccional.

Polo tanto, estando nestes momentos, señorías, a practicarse as dilixencias previas no correspondente órgano xudicial, debemos manternos á espera da resolución do procedemento, co fin de non interferir en ningún procedemento xudicial, mantendo evidentemente un absoluto respecto ás decisións dos órganos xudiciais.

E tal e como mostra o feito de que é a propia Xunta de Galicia a que pon en coñecemento da Fiscalía o acontecido, reitero a nosa total posta á disposición da Xustiza de cara a esclarecer este asunto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as consecuencias para o sector marítimo-pesqueiro da aprobación da prohibición de outorgamento de subsidios aos combustibles da frota pesqueira**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Benvida, señora Quintana.

A frota alerta que gravar os combustibles pon en risco a competitividade da pesca e a soberanía alimentaria. O sector reclama á Unión Europea que teña en conta a redución da actividade nos últimos anos nos seus obxectivos de redución de emisións. Esta é unha información da revista *Industrias Pesqueras*. É unha revista que a verdade é unha fonte fiable. A revista *Industrias Pesqueras (Murmurios.)* foi fundada en 1927 por José Barreras Massó, despois estivo á fronte Valentín Paz Andrade, ata hai pouco tempo tamén Alfonso Paz-Andrade, unha revista que defendeu sempre os intereses da pesca e, ademais, con rigor.

Nesta información, no corpo da noticia, xustifícase cun informe estas conclusións, e a verdade é que nós sabemos que a Xunta de Galicia sempre estivo nese lado, rexeitando a eliminación do combustible bonificado, e hoxe queremos afondar algo máis no tema.

No Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea celebrado o 26 de maio de 2021 en Bruxelas o Ministerio de Pesca puxo de manifesto o seu rexeitamento tamén, pero agora parece que cambia de opinión. Estamos nos debates ultimamente nas medidas que pon enriba da mesa o Partido Socialista en Galicia, que cambian continuamente no ministerio e nas que o ministerio cambia continuamente con referencia a Europa.

A Organización Mundial do Comercio tentou o 15 de xullo sentar as bases dun acordo para poñer fin a unha medida fiscal que ao seu xuízo di que contribúe á sobrepesca. E á OMC súmaselle agora a Comisión Europea, que defende que os armadores paguen o litro de combustible con impostos, posicionamento en contra das bonificacións que agora ten tamén o Goberno de España, señora conselleira, porque o ministro delegou todo, pois a negociación en Bruxelas e a súa posición, polo tanto, vai nesa liña.

Nós non entendemos, señora Quintana, este cambio na Comisión Europea, e lamentamos unha vez máis —dígoo de verdade— que o Goberno central se pregue a esa posición e faga seguidismo dunha posición tan negativa para a frota galega. Eu non sei se é que non escoitan aos deputados do Partido Socialista de Galicia no ministerio ou realmente non teñen ningunha vontade tampouco dende o Partido Socialista de Galicia de axudar neste caso a frota.

Nós xa estamos comprobando que din unha cousa, que votan unha cousa, que din outra; comprobámolo tamén nos debates. Hoxe tamén falabamos da importancia do regulamento do control da Unión Europea e da posición e da forza que ten que facer o ministerio; insistimos e queremos que faga esa forza.



E, polo tanto, nós hoxe, afondando neste tema da bonificación dos combustibles, queremos preguntarlle, señora Quintana, que consecuencias pode ter para o sector marítimo-pesqueiro galego a aprobación desta prohibición de outorgamento de subsidios aos combustibles da frota pesqueira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Egerique, como vostede ben sabe, xa hai días que nós vimos advertindo da posible finalización dos subsidios ou bonificacións aos combustibles, que poden traer graves consecuencias para a nosa frota. Este sería xa o limiar da rendibilidade por baixo dos custos, facendo por tanto que a quebra económica arrastre a actividade pesqueira a perdas.

A mellor forma para definir o problema é utilizar as palabras de Gonzalo Rodríguez, do Grupo de Investigación de Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais da USC, cando di: acabar co diésel bonificado sería o peor golpe para a frota que se recorda. É dicir, temos un grave problema ante as nosas portas.

Por iso, dende Galicia empezamos a traballar xa hai moitos meses neste asunto e formulamos un triplo informe que analiza a situación dende o punto de vista económico, tamén dende o administrativo e, por suposto, dende o punto de vista ambiental. Esta análise ten como obxectivo contrarrestar as propostas tanto da Organización Mundial do Comercio como da propia Unión Europea e pretende mostrar o impacto que as medidas fiscais da eliminación de bonificacións ao combustible pode ter para o sector pesqueiro galego.

Dentro do ámbito económico, o informe sinala tres escenarios en función da menor ou maior suba da presión fiscal. En relación co peor dos escenarios, destaca que incluso no segmento da frota que menor impacto tería, que sería o de artes menores, o beneficio actual pasaría a ser duns 15.700 euros; é dicir, estaría por baixo do salario medio bruto de Galicia, que é de preto de 22.200 euros.

No ámbito xurídico, o informe incide na importancia do *level playing field* e da coordinación deste tipo de normativas, co fin de que non haxa un solapamento entre as medidas da OMC e da Unión Europea ou doutras organizacións internacionais como pode ser o caso da OMI.

En canto ao eido ambiental, o documento recolle un estudo do grupo Biogroup, da Universidade de Santiago de Compostela, que salienta que o peixe ten a mellor relación entre a proteína que aporta en función da súa pegada de carbono. Estas análises, como vostedes saben, foron trasladadas en pasados días á directora xeral da DG MARE, ás representantes das direccións xerais de Fiscalidade e da Unidade Aduaneira, á Dirección Xeral da Compe-



tencia e ao director xeral de Comercio da Comisión Europea, don Ignacio García Becerro. Ademais, tamén lle foi remitido ao representante da Unión Europea ante a Organización Mundial do Comercio e ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Con isto, queremos advertir do posible impacto das propostas da OMC pero tamén das propostas que está a facer a Unión Europea para gravar máis o combustible profesional na pesca, o que por suposto poría en risco a rendibilidade e o futuro do sector pesqueiro galego, e buscamos que estas aportacións sexan tidas en conta polas distintas institucións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Moitas grazas, conselleira, pola súa defensa, pola súa información, polo traballo feito.

A verdade é que cando dicimos continuar traballando é realmente porque se está traballando dende sempre. Vostede xa dixo que dende tempo anterior, cando hai rumores de diferentes medidas, cando se sabe das intencións neste caso de Europa e da lexislación, pois está claro que a Xunta de Galicia e vostede sobre todo co seu equipo está aí traballando.

Estamos ante un problema grave; é evidente. Sabemos que vostedes están traballando nesa vía, sabemos que noutras vías tamén; vímolos nunha recente xornada sobre a transición enerxética cara á neutralidade de carbono no sector do mar. Temos tamén moito traballo e vemos que temos que avanzar.

A gran diferenza está na visión dese avance, porque hai grupos políticos, como digo moitas veces tamén eu nos debates, que parecen esquecer que as propostas neste eido poden acabar coa frota. Eu sempre digo que, ademais, as políticas medioambientais radicais non son as máis favorables para a pesca e que é verdade que tamén hai unha pesca que non xoga en igualdade de condicións que a galega, e temos que defendela, incluso a frota española no seu conxunto, pero neste caso especialmente a galega.

Hai quen quere acelerar máis que a propia Comisión Europea e a propia OMC, que parece que esquece que a quen se pode cargar de forma íntegra é ao sector que di defender e que é a pesca costeira artesanal.

Tivemos un debate esta mañá sobre a pesca costeira artesanal, falamos agora e vostede deu cifras ademais e datos de como lle pode afectar esta medida, e por iso é importante saber que defende cada un e en que termos e, como digo, que vota cada un, en que termos, cos representantes que ten en cada institución e despois que é o que se fai e que medidas se toman.

Para rematar xa, preguntarlle, señora conselleira: ¿como ve este tránsito e cal vai ser a liña a seguir neste proceso dentro das súas competencias e as súas posibilidades?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Peche da pregunta, conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Egerique, é evidente que a transición se vai producir e tamén é evidente que nós dende Galicia queremos loitar contra o cambio climático. Polo tanto, temos abertas todas as liñas de traballo necesarias para acompañar o sector pesqueiro neste paso ante o uso de novas enerxías.

O que lles pedimos, tanto á OMC como á Unión Europea, é que as normas, que hai que facelas, que se vaian facendo dunha maneira planificada para que se poida seguir desenvolvendo unha actividade pesqueira sostible, tendo en conta que soamente a subministración de proteína pesqueira de alimento que ten pouca pegada de carbono representa menos do 2 %, e que non pode ser o sector pesqueiro o que asuma as consecuencias desa loita contra o cambio climático sen ter antes estudadas todas as decisións que hai que tomar.

Refírome a que, se imos ter que cambiar os motores para as embarcacións que teñan a menor pegada de carbono aínda da que xa teñen a día de hoxe, temos que ter os estudos feitos para saber que tipo de barcos imos ter que deseñar, e a Unión Europea ten que estar disposta a permitir financiar ese cambio de buques e saltar o principio que ten a día de hoxe de *no quiero barcos más grandes*.

Se imos necesitar novas bodegas para o novo combustible que se vai utilizar, temos que ter todos os estudos feitos.

Dende logo, nesa liña estamos traballando dende Galicia. Estamos buscando o apoio de diferentes organizacións non gobernamentais, estamos buscando o apoio de técnicos, estamos buscando o apoio do resto das rexións pesqueiras da Unión Europea, porque todos entendemos que, se ben é certo que temos o compromiso de loitar contra o cambio climático, esta loita ten que ser de forma paulatina e sen levar por diante un sector tan importante como é o sector pesqueiro. Así que esa é a liña na que seguiremos a traballar dende hoxe para o futuro tamén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Ben, rematan aquí os plenos deste período de sesións, un período de sesións que foi —hai que dicilo— intenso. Seguimos sendo o Parlamento que máis traballa de España. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu agradézollelo. Vostedes sigan traballando, que de presumir voume encargar eu. (*Risos.*) Iso non o dubiden, iso de momento ninguén mo rebateu, e ata tivemos tempo, incluso, de poder celebrar os corenta anos do Estatuto con varios actos e iniciar o que é a celebración dos corenta anos do Parlamento.





Polo tanto, eu agradézolles todo ese traballo, deséxolles que teñan unhas boas festas, que as disfruten. E pídolles un favor: cóidense. Vostedes, que son tamén representantes dos cidadáns, por favor, intensifiquen con eles que tamén se coiden. Isto é algo que eu lles pido especialmente. Creo que no Parlamento demos neste sentido unha boa imaxe e agradézolles que divulguen e pidan por favor que a xente se coide, e, por favor, tamén que se coiden todos vostedes.

Que teñan boas felices festas.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

*Remata a sesión ás sete e dous minutos do serán.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-ffigB62Vn-2  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

